

## ACTA

Da sesión **extraordinaria**, en substitución da ordinaria de agosto, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

**15 de setembro de 2023**

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día quince de setembro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señor@s deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D<sup>a</sup>. María Sandra Bastos Míguez (PP), D<sup>a</sup>. María Nava Castro Domínguez (PP), D<sup>a</sup>. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D<sup>a</sup>. Marta María Fernández-Tapias Núñez (PP), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. José Carlos López Campos (PP), D. Carlos López Font (PSdeG-PSOE), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D<sup>a</sup>. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D<sup>a</sup>. María Ortega Iñarrea (BNG), D<sup>a</sup>. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D<sup>a</sup>. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sr. Presidente.- Bueno, moi bo día a todos e a todas. Vamos dar comezo a esta convocatoria dun Pleno extraordinario, en substitución da ordinario do mes de agosto.

1.8024.- **ACTA ANTERIOR**



Sr. Presidente.- Primeiro punto da orde do día, é a aprobación do borrador da acta da sesión anterior, extraordinaria urxente, do día 4 de agosto do 23. Se non hai ningunha cuestión que engadir procedemos á votación. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión extraordinaria urxente de 4 de agosto de 2023.

a) Parte resolutiva:

2.8025.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 5/2023 (EXPTES. 2023057553 – 2023056788)**

Sr. Presidente.- Segundo punto da orde do día, xa da parte resolutiva. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 5/2023. Ten a palabra o Voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Bos días, Presidente, compañeiros de corporación. Neste punto o Pleno da Deputación propón a aprobación do expediente de modificación de crédito número 5 de este exercicio 2023. Este expediente inclúe créditos extraordinarios por un importe de catrocentos oitenta e oito mil novecentos dous euros e suplementos de créditos por importe de oitocentos once mil trinta e seis euros, en total operacións por case un millón trescentos mil euros. A tramitación deste expediente está motivada pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente. Deste xeito financiamos o crédito extraordinario, con baixas por anulación, por un importe de dez mil cento sesenta e catro euros, con cargo ás maiores achegas dos concellos do Grove e O Rosal correspondentes ós sobrantes da financiación prevista con cargo ao POS 22-23, dous proxectos de obras que recibiron financiación da FEMP, que suman un importe total de dous centos dezaioito mil setecentos trinta e oito euros. Ademais con maiores achegas a conta sobre as previsións no fondo complementario de financiación, por un importe de cento sesenta e dous mil cento oitenta euros i con cargo ao remanente líquido de Tesourería dispoñible por un importe de noventa e sete mil oitocentos euros. Pola súa banda os suplementos de créditos fináncianse na súa totalidade con



remanente líquido de Tesourería para gastos xerais que suman un total de oitocentos once mil euros, cos cales o goberno provincial, o goberno da Deputación, quere levar adiante todos os proxectos que están por pór en marcha. Parte destes fondos, por exemplo, irán a renovar a iluminación do campo de fútbol de Príncipe Felipe, unha intervención que os equipos necesitan para poder desenvolver a súa actividade.

Sr. Presidente.- Moitas gracias. Ten a palabra Don César Mosquera, voceiro do Grupo Provincial do BNG. Espera César, por ... si.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Gracias Sr. Presidente. Bo día a todos e a todas. Ben, estamos ante unha modificación de créditos que normalmente nesta época, mes arriba mes abaixo, sempre, sempre se facía historicamente nesta casa como é lóxico e son en principio todo o que está incorporado aí pois son cuestións bastante lóxicas e algunhas son cuestións de persoal, de bueno que hai que axustar e que hai que meter. Ben, eu quería aproveitar isto para facer unha reflexión, ¿non?, nós a modificación de crédito en conxunto pois vamos a apoiala, vamos a votar a favor, e a razón é que, pois eso, son cuestións razoabeis, de funcionamento común e ordinario que non se saltan digamos ou non entran en contradición con ningún dos principios que nós defendemos, evidentemente, por exemplo, si aquí aparecerá pois recuperar o plan de acción caciquil que xa suprimirá Louzán ou unha cosa por estilo obviamente non iamos a apoialo, ¡claro!, obviamente iría totalmente en contra das nosas, ¿non?, bueno do que defendemos aquí tanto cando estabamos na oposición como no goberno ¿non?. Iso por un lado e por outro lado tamén dicir que bueno, que aquel principio de que non fagas ós demais o que non queres que che fagan a ti, aínda que non se aplique, ou sea, aínda que o estes aguantando, é dicir, o normal é que si chega un goberno novo pois se lle de un período, fálase dos famosos 100 días pois de, bueno, para que tome posesión, se asente e bote a andar, bote a andar as cousas. Xa sei que non é o caso, nos concellos respectivos, en particular no meu, nin 100 días, nin 100 horas, nin 100 minutos, ¿non?, xa o primeiro día unha oposición frontal e todo o que se faga está mal e demais, ¿non?, pero bueno, cada un actúa según lle parece e non é, o noso caso pois pretendemos ser coherentes co que dixemos e co creemos que debe ser a vida pública, ¿non?. Pola nosa parte pouco máis, é dicir, simplemente vamos a votar a favor e agardemos que non teñamos que volvernos atrás en outras cuestións. Por certo que o equipo de goberno parece que quere entrar tamén, ou sea, parece que quere facer a oposición do anterior goberno, ¿verdá? cando xa pasou, o anterior goberno acabouse, de feito



non estamos agora presidindo e sacando, por exemplo, que bueno, pois esto que está de que non sei que gasto, non sei que situación comprometida mire teñen aí, agora aquí van a meter case un millón de remanentes que deixamos, aínda hai dous máis que poden meter, e en todo caso si aparece algo tamén poden modificar, do que está consignado agora para outras cousas, poden consignar, creo que a Deputación está nun momento económico moi bo, ou sea, está nunha situación financeira moi boa, e francamente non entendo esa actitude de oposición e de montar asperezas por parte do goberno en, nada máis tomado posesión, ¿non?. Pero bueno, cada quen coa súa responsabilidade e a nosa é que si vén unha proposta que entendemos que é razonabel que non salta ningún dos nosos principios, pois apoiar, polo tanto vamos a votar a favor.

Sr. Presidente.- Moitas gracias. Ten a palabra o Sr. Voceiro do Grupo Provincial Socialista, D. Carlos Font.

Sr. López Font.- Muchas gracias, Presidente.

Sr. Presidente.- Espera Carlos, espera, espera, perdona, perdona.

Sr. López Font.- Gracias Presidente. Decía, buenos días a todas y a todos. La verdad es que me ha sorprendido la presentación muy parcial y sesgada que ha hecho el voceiro, miembro del goberno. Bueno, en primer lugar, decir que esta modificación de créditos se financia mayoritariamente con suplementos que proceden del ahorro de la gestión de esta Diputación, de la cantidad total que se daba ochocientos once mil euros proceden de estos ahorros incorporados a remanentes, por lo tanto, esto habla, lo apuntaba el Sr. Mosquera, la buena situación y salud económica del goberno provincial a pesar de lo que se ha dicho, porque, ¡claro!, ha dicho el Presidente que estábamos, luego lo diré, en una situación preocupante y otros calificativos y resulta que cuando se va viendo la realidad, hemos entregado un acta de arqueo de ciento noventa y seis millones de euros y, por lo tanto, estamos ante una falta de rigor por parte del Presidente, lo decía de otra manera el Sr. Mosquera, pero claro, no te hagan lo que no quieres, esto está muy bien, pero evidentemente esta situación la ha iniciado el Presidente en una fecha muy determinada el 1 de septiembre, porque esa falta de seriedad se demuestra cuando se traen los expedientes y cuando viene esta modificación de crédito. Nosotros consideramos que después de 2 meses de no haber hecho absolutamente nada el goberno, las declaraciones del 1 de septiembre tienen que tener una petición de perdón al anterior goberno. Y tienen que pedir, exigimos



un perdón que está tardando porque el problema de fondo es que aquí hay una parálisis importante y que la situación económica que dejó el anterior gobierno pero no dicho por nosotros sino por el Tribunal de Cuentas y por el Consello de Contas es ciertamente importante. Hombre, un gobierno que en 2 meses y medio no ha licitado absolutamente nada pues ciertamente no debe de entrar en esos debates. Porque lo que se ha hecho ha sido apropiarse durante 2 meses, contabilizados, de 10,5 millones de iniciativas del gobierno anterior, ya es hora de ponerse a trabajar y los 7 asesores de comunicación que tienen tanto para las vicepresidencias como para la presidencia convenía que se pusieran a trabajar. Pero claro, resulta que convendría más allá de lo que ha dicho el Sr. Cubela, que entrásemos en detalle en la modificación de crédito, y la modificación de crédito es para felicitar al Concello de O Grove y al Concello de O Rosal porque de fondos europeos de la FEMP, que es lo único cierto que ha dicho el Sr. Cubela, y de la IDAE se consiguen una serie de fondos que le va a permitir al Concello de O Grove financiar unas obras de abastecimiento de agua, tan necesarias, y ahorro energético, y al Concello de O Rosal reformar una escuela unitaria. Pero es que en esta modificación de crédito se incluye el resultante del Plan MOVES III que permite el que haya 9 puntos de recarga de vehículos eléctricos, y en esta modificación, que han presumido ustedes, de becas, erasmus y demás, va el Programa Practicum Depo que en la práctica es, como decía, erasmus con fondos europeos para el año 2023 y 2024 por mucha gracia que les haga esto. Y también se incrementa el Programa da Túa Man. ¿Y la realidad cuál es? La realidad de este gobierno, que hay que reconocerlo, de este nuevo gobierno, es que van 150 mil euros, 50 mil euros para comprar medallas para los eventos deportivos y 100 mil relativos a la iluminación de Príncipe Felipe en la que el Presidente, nuevamente, no estuvo acertado porque habló de una nueva iluminación, y tengo que corregirle, es una mejora de la iluminación. Anunciamos como hicimos en Comisiones Informativas nuestro voto de abstención a todos los puntos, que vienen hoy, por considerar todos, todos, es un pleno del anterior gobierno, y vamos a votar abstención, no por los concellos a los que respetamos, sino en repulsa a las declaraciones del Presidente que fueron absolutamente infames, y lo digo así, sembrando dudas sobre una situación económica que luego veremos a lo largo del orden del día es absolutamente inmejorable. Gracias.

Sr. Presidente.- Grazas. Ten a palabra o Voceiro, Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Moi ben. Bueno Sr. Mosquera agradecémoslle, ¿sí, está? ¡Ah!, o tempo, é verdá. Gracias Presidente. Sr. Mosquera, agradecémoslle, pois, a



resposta, o tono i a súa aplicación da máxima ética kantiana e, polo tanto, en reciprocidade o que tamén facía o grupo provincial do Partido Popular na oposición que solía apoiar as modificacións de crédito do goberno provincial. Mire, Sr. Font, vostede ten un papel moi difícil e xa sabemos que imos ter a un portavoz do Grupo Socialista durante todo o mandato moi motivado, o feito comprobable xa é comezar intervindo desa forma non só no Pleno de toma de posesión do novo Presidente da corporación senón no sucesivo, como tamén neste punto no que estamos agora. Mire, empezando, por exemplo, por Príncipe Felipe, o alumeado do Príncipe Felipe responde a falta de xestión, de deixadez de funcións e a irresponsabilidade do anterior goberno provincial; con equipos de rapaces que tiñan que entrenar practicamente sen luz, ¿saben por que? Porque non eran capaces nin de substituír luminarias fundidas, foi a iniciativa deste equipo de goberno o que se vai a acometer agora nas instalacións deportivas do Príncipe Felipe. Claro que temos que traer consignación para a compra de materia deportivo, porque a única política deportiva que tiveron durante o último exercicio foi regalar medallas. Por certo, ¡xa me gustaría saber a min onde está todo o material de balóns i mochilas que debería de haber no almacén de deportes! Quizáis alguén, quizáis alguén, pois se aventurou antes de marchar a ir a recollelo. Mire, o Partido Socialista leva 3 semanas intentando lavar a cara do que pasou ata o mes de maio i sobre todo ata a saída do goberno presidido por Carmela Silva, dunha forma ademais moi rebuscada. O último capítulo é a confusión que intentan xerar entre a acta de arqueo, que hai que aprobar en cada comezo de mandato ou en cada término de finalización de mandato, cos créditos e as obrigas recoñecidas no exercicio orzamentario, onde deixaron practicamente si non a cero con menos dun 5% de recursos a Cohesión Social, a Deportes a Cultura, a moitas materias que aínda quedaba máis da metade do ano para a súa execución. Confusión lóxica ademais, si mo permiten, porque dende que perderon as eleccións seguen sen asumir que os pontevedreses os mandaron á oposición e ó Partido Popular ó goberno provincial. Claro que imos a compartir o remate do exercicio dun orzamento que non elaborou o Partido Popular porque nós non somos sectarios, imos a traballar e a gobernar para todos os concellos da provincia indistintamente da cor política do seu alcalde ou alcaldesa.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas grazas Sr. Cubela. Ten a palabra o Voceiro Carlos López Font.

Sr. López Font.- Es preocupante Sr. Cubela que usted que estuvo en el mandato anterior diga las cosas que dice sin ruborizarse. No tengo un papel difícil y estoy



tremendamente motivado. Pero también si les preocupa mucho nuestra salud no estamos en estado de shock, estamos perfectamente, y además hemos constatado que hemos sabido mejor asumir la situación democrática que ustedes haber sabido ganar. Alguna compañera suya parece que el haber ganado le ha supuesto haber perdido, por lo tanto estas son situaciones que cada uno llevamos de aquella manera. Miren, no hay ninguna confusión, ninguna, porque el Presidente el 1 de septiembre habló públicamente de un documento de avaliación interna, y no es frase mía, es frase de un compañero mío, debe de ser tan interna, tan interna que o la tiene él o no la tiene nadie. Por lo tanto, esa es la falta de rigor. Que en Cohesión hay un 5% ¿y en dónde está y quién lo dice? ¿Y quién lo firma, Sr. Cubela? ¿Quién lo firma? Porque son ustedes los que han arrancado en declaraciones del Presidente el día 1 de septiembre desprestigiando, queriendo desprestigiar una gestión económica absolutamente imaculada en los 8 años, y podemos traer aquí las liquidaciones de los 8 años como tendrán que traer ustedes la liquidación del año 23 en los 6 meses que nos corresponden a nosotros. Por lo tanto, bueno, hablar de Príncipe Felipe y hablar de determinadas cuestiones lo que quiera, ¡hombre!, pero habiendo sido diputado que usted reduzca lo que hicimos durante 8 años en materia de deportes a unas mochilas, que no se si aparecen o no aparecen, ¡hombre, Sr. Cubela!, pero si están ustedes presumiendo y están ustedes haciendo ruedas de prensa la Vicepresidenta primera con los planes de deportes que tenía el anterior gobierno, ¡hombre!, yo estoy convencido de que ustedes están muy descoordinados porque luego veremos a ver lo que dijo la Presidenta, la Vicepresidenta en Vigo, me confundí lo de la Presidenta, ya es que, están un poco descoordinados, pero que no se haya enterado de la rueda de prensa que dio la Vicepresidenta primera en la que hablaba de los planes de deportes que tenía. Se ha atendido a todos los clubs, se ha atendido a los clubs de élite, se ha atendido a los clubs modestos durante 8 años, hemos hecho una apuesta por el deporte femenino, hemos hecho una apuesta allí donde nos lo han pedido y ahora usted reduce a que faltan unas mochilas, bueno ciertamente es grotesco. Miren, nosotros no nos tenemos que lavar la cara de nada, traemos documento y ayer lo decía en una rueda de prensa del día 1 al día 14 han pasado 14 días, el Presidente afirmó un documento de avaliación interna que no existe y por lo tanto les descalifica a ustedes.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas grazas. Procedemos á votación. ¿Votos a favor da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos nº 5/23? ¿Abstencións? Queda aprobado por maioría.



O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación, en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2023006130, de data 2 de agosto de 2023, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 05/2023. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.05/23), por importe de 488.902,30 euros, suplementos de créditos (SUP.05/23), por importe de 811.036,90 euros.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivada pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Crédito extraordinario (EXT. 05/23), fináncianse con “Baixas por anulación” por importe de 10.164,00€; con cargo ás maiores achegas dos concellos de O Grove e O Rosal (en formalización), correspondentes aos sobrantes da financiación prevista con cargo ao POS\_22/23 dos proxectos de obra que recibiron financiación da FEMP (100%), proxecto: Mellora da seguridade viaria en la EP-9101 O Grove-Igrexa de San Vicente e do IDAE(68%) para o proxecto: Mellora da mobilidade peonil en la EP-3303 Tabagón-Goián desde el p.q. 1+795 hasta el p.q. 3+600 tramo II.(O Rosal) por un total de 218.738,30€; con maiores achegas a conta sobre as previstas no concepto: 23/934-420,10 P.T.E., Fondo complementario de financiación: 162.180,25€,e con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería dispoñible por importe de: 97.819,75€.
- Os suplementos de créditos (SUP. 05/23), fináncianse na súa totalidade con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñibles.

Resultando que a Intervención emite informe de data 5 de setembro de 2023, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e





tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 05/2023.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por maioría, co votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de modificación de crédito número 05/2023 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.05/23) por importe de 488.902,30€ e suplementos de créditos (SUP.05/23) por importe de 811.036,90€. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

### 1. Créditos Extraordinarios “EXT. 05/23”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
232-3420-632.03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS _C.PRÍNCIPE FELIPE (Mellora iluminación de instalacións deportivas, campo de fútbol)	100.000,00 €
240.2429.120.51	Soldo func. interinos sen praza (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	29.112,05 €
240.2429.120.52	Trienios func. interinos sen praza (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	1.891,10 €
240.2429.120.53	Paga extra func. interinos sen praza (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	6.309,73 €
240.2429.120.90	O. Retribucións, Melloras, I.T. (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	627,34 €
240.2429.121.51	C. Destino Func. Interinos sen praza (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	19.547,44 €
240.2429.121.52	C. Específico Func. Interinos sen praza (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	19.547,44 €
240.2429.160.00	Seguridade Social (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	10.090,94 €
240.2429.224.03	Primas de seguros (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	17.858,95 €
240.2429.226.02	Publicidade e propaganda (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	2.029,42 €
240.2429.226.99	Outros gastos diversos (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	4.058,86 €
240.2429.227.06	Estudios e traballos técnicos (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	45.134,44 €
240.2429.230.20	Axudas de custo (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	1.272,85 €
240.2429.231.20	Locomoción (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	2.518,44 €
240.2429.481.01	Axudas, becas e pensións alumnos e profesorado (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	1,00 €



240.4316.652.99	INVESTIMENTOS PARA CONCELLOS_(PROX.: 92310006 DA TÚA MAN RURAL II) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	10.164,00 €
942.9420.762.36	A CONCELLOS_O GROVE, INVESTIMENTOS EN CONVENIOS _ COOPERACIÓN (Proxecto:RINF_23_00919_O GROVE_ Investimentos Concello do Grove: "Abastecemento entre Porto Meloxo e rúa Jaime Amézaga: 39.850 €; - Reparación e substitución de rede de abastecemento en Terra de Porto, entre Hortos e Rons: 38.027,30 €; - Aforro Enerxético: 32.479,45 €").	110.356,75 €
942.9420.762.38	A CONCELLOS_ O ROSAL, INVESTIMENTOS EN CONVENIOS _ COOPERACIÓN (Proxecto:RINF_23_00926_O ROSAL_ Investimentos Concello do Rosal: "Reforma interior da escola unitaria de Fornelos para espazo polivalente")	108.381,55 €
	<b>Total Créditos Extraordinarios...</b>	<b>488.902,30 €</b>

### Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 05/23:

O expediente de créditos extraordinarios, finánciase da seguinte forma:

Con "Baixas por anulación", da aplicación 23/240.2410.640.00, por importe de 10.164,00€, dito crédito é reducible sen perturbación das accións previstas polo Servizo, con destino a financiar estudos do proxecto 92310006 "Da túa man rural II", do propio Centro Xestor: Promoción de Emprego e D. Local.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240.2410.640.00	ACTIVOS INTANXIBLES. CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN _PROMOCIÓN DE EMPREGO	-10.164,00 €
	<b>Total...</b>	<b>-10.164,00 €</b>

Os proxectos e reinvestimentos dos concellos do Grove RINF\_23\_00919 e do Rosal RINF\_23\_00926, fináncianse con cargo ás maiores achegas dos concellos (en formalización), correspondentes aos sobrantes da financiación prevista con cargo ao POS\_22/23 dos proxectos de obra que recibiron financiación da FEMP (100%), proxecto: Mellora da seguridade viaria na EP-9101 O Grove-Igrexa de San Vicente e do IDAE (68%) para o proxecto: Mellora da mobilidade peonil na EP-3303 Tabagón-Goión desde o p.q. 1+795 ata o p.q. 3+600 tramo II.(O Rosal).



O resto do expediente finánciase con maiores achegas a conta sobre as previstas no concepto: 23/934-420,10 P.T.E., Fondo complementario de financiación: 162.180,25€,e con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería dispoñible por importe de: 97.819,75€.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-762.36	ACHEGAS DO CONCELLO DO GROVE A PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS (Reinvestimento menor achega do POS _22/23 ao proxecto: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-9101 O GROVE-IGREXA DE SAN VICENTE, DO PQ 1+000 Ó PQ 2+550 . N° proxecto: 2017003642/53 FEMP financia 100%, (ingreso en formalización)	110.356,75 €
942-762.38	ACHEGAS DO CONCELLO DO ROSAL A PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS (Reinvestimento menor achega do POS _22/23 ao proxecto: MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 3303 TABAGÓN-GOIÁN DESDE O PQ 1+795 ATA O PQ 3+600 TRAMO II. N° proxecto: 2022001426, IDAE financia 68% (ingreso en formalización]	108.381,55 €
934-420.10	P.T.E., Fondo complementario de financiación, (maiores achegas a conta sobre as previstas no orzamento)	162.180,25 €
931-870.01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...	97.819,75 €
	<b>Total ingresos...</b>	<b>478.738,30 €</b>

## 2. Suplemento de Crédito “SUP. 05/23”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
340-3410-226.09	GASTOS DIVERSOS, ACTIVIDADES DEPORTIVAS E XUVENÍS_DEPORTES (adquisición de trofeos, medallas, e outros aos clubs/entidades da provincia)	50.000,00 €
921-9200-131.00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL_RRHH (Indemnizacións por sentencias _contratacións persoal "Becarios e outros")	330.000,00 €
921-9200-160.01	COTAS SOCIAIS, PERSOAL LABORAL_RRHH (Indemnizacións por sentencias _contratacións persoal "Becarios e outros")	100.000,00 €
931-0110-352.01	XUROS DE DEMORA, OBRIGAS NON FINANCEIRAS_INTERVENCIÓN (Indemnizacións por sentencias _contratacións persoal "Becarios e outros")	100.000,00 €
232-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-“MOVES III”)_ C.P.FELIPE	20.923,32 €
333-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-“MOVES III”)_ MUSEO	3.471,37 €
413-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-“MOVES III”)_ E.F.AREEIRO	18.783,44 €



456-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-“MOVES IIP”)- INFRAESTRUTURAS	27.200,32 €
920-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-“MOVES IIP”)_ S. CENTRAL	41.157,12 €
433-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-“MOVES IIP”)_ TURISMO	10.461,66 €
410-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-“MOVES IIP”)_ M. AMBIENTE	10.461,66 €
942-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-“MOVES IIP”)_ COOPERACIÓN	11.999,21 €
942-4251-227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS, OFICINA PROMOCIÓN, (PROX.:92300002_OFIC. APOIO C. ENERXÉTICAS)_ COOPERACIÓN (IVE non repercutible)	86.578,80 €
	<b>Total Suplementos de Créditos...</b>	<b>811.036,90 €</b>

### Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 05/23:

Os importes correspondentes aos suplementos fináncianse na súa totalidade con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais dispoñible.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870.02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Créditos...	811.036,90 €
	<b>Total ingresos...</b>	<b>811.036,90 €</b>

### Resumo do expediente:

<b>TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...</b>	<b>488.902,30 €</b>
<b>TOTAL SUPLEMENTOS...</b>	<b>811.036,90 €</b>
<b>TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...</b>	<b>-10.164,00 €</b>
<b>SUMA...</b>	<b>1.289.775,20 €</b>

### O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS	
Capítulo 1º Impostos directos.	0,00 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €



Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	162.180,25 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	218.738,30 €
<b>INGRESOS NON FINANCEIROS...</b>	<b>380.918,55 €</b>
Capítulo 8º Activos financeiros.	908.856,65 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
<b>INGRESOS FINANCEIROS...</b>	<b>908.856,65 €</b>
<b>TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...</b>	<b>1.289.775,20 €</b>
<b>ORZAMENTO DE GASTOS.</b>	
Capítulo 1º Gastos de persoal.	517.126,04 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	209.451,76 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	100.000,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	1,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	244.458,10 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	218.738,30 €
<b>GASTOS NON FINANCEIROS...</b>	<b>1.289.775,20 €</b>
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
<b>GASTOS FINANCEIROS...</b>	<b>0,00 €</b>
<b>TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...</b>	<b>1.289.775,20 €</b>

**Segundo:** Este expediente de modificación de créditos número 05/2023 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.05/23), por importe de 488.902,30€ e suplementos de créditos (SUP.05/23) por importe de 811.036,90€, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 05/2023, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.



3.8026.- **APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO QUE REGULA AS OBRAS DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTE. 2023057544 - 2021053554)**

Sr. Presidente.- Terceiro punto da orde do día. Aprobación da primeira prórroga do acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación. Ten a palabra o Voceiro do Grupo provincial do Partido Popular, Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Grazas Presidente. O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acordou aprobar a primeira prórroga do acordo marco que regula obras nas cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra de acordo co seguinte: O Lote 1, que é a zona norte, á empresa Explotaciones Gallegas por un importe de seiscentos sesenta e cinco mil cento vinte cinco euros. O Lote 2, que é a zona centro, á empresa Ute Naron-Audeca por un importe de setecentos trinta e oito mil douscentos vinte e oito euros. E o Lote 3, na zona sur, á empresa Construcciones Fechi por un importe de preto de seiscentos mil euros. A entrada en vigor desta primeira prórroga para o contrato do Lote 1 será o día 4 de novembro e para os Lotes 2 e 3 será o día 8 de novembro de 2023. O Pleno autoriza o gasto por un importe global de dous millóns de euros co iva incluído para poder acometer esta decisión. Sr. Presidente.

Sr. Presidente.- Ten a palabra o Sr. Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Esta é a prórroga dun contrato que se tiña feito, vamos, co anterior goberno para as obras de seguridade nas cunetas e demais, que é un contrato que foi, digamos, proposto polo servizo no seu momento e está funcionando, estimamos ou polo menos toda a información que temos, razoablemente ben, pois agora prorrógase, polo tanto vamos a votar a favor.

Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Mosquera. Ten a palabra agora o deputado Gregorio Agís.



Sr. Agís Gómez.- Grazas Presidente. A Deputación foi pionera no uso extensivo deste sistema de seguridade, a día de hoxe moitos quilómetros da rede provincial contan con estes elementos que melloran a seguridade non só para os vehículos minimizando o risco de saída da vía senón para tamén para as persoas que camiñan pola beira da estrada e ofrece un espazo ao lado da calzada que debido ás súas características se pode camiñar por el perfectamente. As cunetas de seguridade pasaron a ser un elemento pouco, pasaron de ser un elemento pouco coñecido a unha demanda cada vez maior dos concellos. Na nosa etapa moitos concellos reclamáronnos esta instalación ademais a propia área de infraestruturas incluía sistematicamente nas súas actuacións. O anterior goberno provincial tamén innovou ó aprobar un contrato marco para instalación continua de cunetas de seguridade nas estradas provinciais, pensamos e acertamos que era unha fórmula de aforro de mellora na xestión para implementar unha medida que demostrou ser adecuada, esta prórroga era unha medida que estaba contemplada no contrato e demostra a súa boa execución. Por último, queremos remarcar que vemos tamén con satisfacción como outras administracións como a Xunta comeza a imitar o noso modelo de seguridade viaria integral nas estradas provinciais, non só no plano normativo como fixo recentemente aprobando as mesmas prioridades de peóns, ciclistas, transporte público, transporte privado que nós puxemos en marcha alá polo ano 2016, senón tamén apostando cada vez máis polas cunetas de seguridade. Polo tanto, a nosa satisfacción de que é algo polo que se apostou no seu momento e que formaba parte da gran transformación que se fixo nas estradas provinciais continúe. Anunciamos tamén que continuamos absténdonos como medida de protesta e de repulsas declaracións feitas polo Presidente.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas gracias Gregorio. Procedemos á votación deste terceiro punto ¿Votos a favor da aprobación da primeira prórroga do acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación? ¿Abstencións? Queda aprobado por maioría.

O Pleno da Deputación na sesión ordinaria que tivo lugar o día 30 de setembro de 2022 acordou adxudicar o procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo marco para regular as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra, de acordo co seguinte detalle:



### LOTE 1- ZONA NORTE

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	9,130 %

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

### LOTE 2- ZONA CENTRO

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L.	7,970 %

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

### LOTE 3- ZONA SUR

EMPRESA	PORCENTAXE BAIXA OFERTADO
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	8,100 %

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Resultando.- Que en escrito que consta no expediente con (CSV: WGF7ZN99NASZ76YY), do xefe dos servizos técnicos e a xefa dos servizos administrativos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade da Presidencia, recóllese que dada a proximidade da fin da vixencia dos diversos contratos do Acordo marco de referencia, faise necesario prorrogar o devandito Acordo marco, polo período dun (1) ano.

Resultando que o importe estimado anual da prórroga (IVE incluído) para cada un dos lotes do Acordo marco é o seguinte:

Lote 1	Lote 2	Lote 3
665.125,49 €	738.228,55 €	595.975,48 €

Resultando.- Que pola Intervención expedíronse os seguintes documentos RC certificando a existencia de crédito para facer fronte ós gastos desta prórroga:





LOTE	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
1	202300172494	665.125,49 €	23/453.4530.612.01
2	202300172522	738.228,55 €	23/453.4530.612.01
3	202300172529	595.975,48 €	23/453.4530.612.01

Resultando.- Que consta no expediente preaviso notificado ás empresas contratistas coa antelación mínima esixida na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP), sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para o contratista.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto do Servizo de Contratación, Secretaría e Intervención (CSV: U07ZTDGOYYFBMD47), emitido polo Xefe do Servizo de Contratación, o Secretario Xeral e o Interventor da Deputación de Pontevedra, no que se informa favorablemente a proposta de prórroga do Acordo marco.

Considerando.- Que a cláusula 6 do Prego de cláusulas económico-administrativas que rexeu nesta contratación establece que, a duración do Acordo marco será dun ano a contar dende a data da súa formalización, establecendo que o Acordo marco poderase prorrogar ata tres veces por períodos de un ano.

Considerando.- Que o artigo 219.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece en relación á duración dos acordos marco, que *“A duración dun acordo marco non poderá exceder de catro anos, salvo en casos excepcionais, debidamente xustificados...”*.

Considerando.- Que o artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso se poderá producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Considerando.- Que foi ó Pleno o órgano que adxudicou este Acordo marco de conformidade co establecido no apartado 1 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, e no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nas bases de execución do orzamento provincial.



Á vista do exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

1. Aprobar a primeira prórroga do Acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra, de acordo co seguinte detalle:

LOTE 1- ZONA NORTE	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUÍDO)
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. (B15410608)	665.125,49 €
Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 9,13 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	

LOTE 2 – ZONA CENTRO	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUÍDO)
UTE NAROM, S.L.- AUDECA, S.L. (U72478480)	738.228,55 €
Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 7,97 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	

LOTE 3 – ZONA SUR	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUÍDO)
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B36258861)	595.975,48 €
Nos prezos unitarios ofertados efectuarase unha porcentaxe de baixa do 8,10 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	

A entrada en vigor desta primeira prórroga do Acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o contrato do lote 1 será o día 4 de novembro de 2023 e para os lotes 2 e 3 o día 8 de novembro de 2023.

2. Autorizar un gasto por un importe global de 1.999.329,52€ IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 23/453.4530.612.01, e de acordo co seguinte detalle:



Lote 1	Lote 2	Lote 3
665.125,49 €	738.228,55 €	595.975,48 €

4.8027.- **APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “OBRAS DE RECUPERACIÓN E MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO DO NÚCLEO RURAL DE PARAÑOS” PRESENTADO POLO CONCELLO DE COVELO AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE. 2021039830 - 2023058139)**

Sr. Presidente.- Cuarto punto da orde do día. Neste sentido, bueno, pois por acordo dos 3 voceiros dos grupos vamos a proceder a un debate conxunto dos puntos 4-5-6-7 e 8 e logo pois a votación punto por punto. Cuarto punto, leo, antes de pasar a palabra o que é a aprobación do proxecto modificado de actuación “Obras de recuperación e mellora do espazo público do núcleo rural de Paraños” presentado polo Concello de Covelo ao abeiro do Programa Reacpon e os concellos beneficiados desta modificación, leo simplemente ó concello que pertencen, Concello de Lalín, Concello de Mondariz, Pontecesures e por último Concello de Sanxenxo. Ten a palabra o Voceiro Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Moi ben, pois como decía o Presidente, por acordo dos 3 voceiros das forzas políticas que compomos a Deputación debateremos conxuntamente este punto e se votaran por separado. Como decía o Presidente son as aprobacións dos proxectos que modifican aos iniciais do Plan Reacpon, cuxos concellos beneficiarios son: Covelo, Lalín, Mondariz, Pontecesures, Sanxenxo e Vila de Cruces. Visto que as modificacións dos proxectos técnicos das obras incluídas no marco do Programa Reacpon non alteran nin a finalidade nin o obxecto para que se outorgou a axuda económica da Deputación, e que o importe total do orzamento dos proxectos modificados correspóndese co dos proxectos iniciais, e visto que o proxecto modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras, propomos para a súa aprobación en Pleno aprobar ditos proxectos modificados e dar traslados dos presentes acordos aos concellos implicados, a Intervención, o Servicio de Cooperación e a Presidencia.



Sr. Presidente.- Grazas Cubela. Ten, non sei si quere tomar, ten a palabra Don Carlos Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidente de nuevo. Bueno, un poquito en la misma línea de lo que apuntábamos en el expediente de modificación de crédito, y un poco en la línea que estamos observando de falta de actividad y de falta de actuación de este gobierno, bueno, decíamos antes que parece esto un Pleno del gobierno anterior y lo que vamos a ver ahora del punto 4 al 12 pues se trata evidentemente de aspectos de vías, de aspectos de vida administrativa. Son proyectos aprobados, como se ha dicho, con cargo al Reacon y también son una desestimación de los recursos presentados por concellos que no llegaron a la última, a la puntuación, para entrar también al extraordinario de PON 2030. Bueno decir, que como quiera que esto está en la línea de lo que viene del anterior gobierno pues desde este Grupo Provincial Socialista observamos cómo va creciendo el legado que dejamos con más de tres mil obras financiadas por el Plan Concellos, he seguido las ruedas de prensa del Presidente, y parece que hay una alergia a decir Plan Concellos, si hay que llamar a las cosas por su nombre sea Plan Concellos o sea cualquier otro plan. Y también que se van concretando en obras de unos planes extraordinarios, que como dijimos muchas veces, los concellos no hubieran podido abordar con su presupuesto normal. Creo que hoy es el día de recordar los planes Piceí, ReEquilibrio, DepoRemse, Agora, Reacon y PON 2030, porque han permitido, sigue haciendo mucha gracia lo cual me alegro de sus sonrisas, sigue haciendo mucha gracia, pero son 117 proyectos con una inversión total de 76 millones que ya veremos cuando tengamos que hacer balance de la actuación de cada uno lo que hicimos uno y lo que van hacer otros. Y estos 76 millones han permitido 150 grandes obras, que como decía, no se hubieran podido realizar en otras condiciones y lo saben alcaldes, alcaldesas, concelleiros y concelleiras creo que todos hemos tenido siempre el íntimo deseo de que ojalá la Xunta de Galicia pudiera enumerar unos planes como los que acabo de enumerar desde aquí. No voy a repetir los concellos que son, pero los concellos que son si que merecen una reflexión al hilo, me tengo que volver a referir a las declaraciones del Presidente del 1 de septiembre, porque decía que el anterior gobierno había caído en el electoralismo, había gastado por encima de, como consecuencia de que era año electoral. Bueno, pues es muy interesante observar los 6 concellos que se traen aquí, porque de los 6 concellos que se traen aquí 4 estaban gobernados por el Partido Popular, uno Independiente y otro por el Bloque Nacionalista Galego. Por lo tanto, no sé de donde se saca este electoralismo que además a mí al hilo de esta afirmación que hizo el Presidente la



verdad es que me hizo muchísima gracia porque el anterior portavoz, Sr. Cubela, también hoy portavoz, no le ha debido de contar al Presidente que durante 8 años estuvo reiteradamente manifestando aquí que lo que teníamos era falta de ejecución y ahora resulta, es verdad que sin demostrarlo en ningún documento, que durante 8 años no llegábamos al grado de ejecución y ahora resulta que estamos en el 95%. Bueno, yo creo que esto, primero no es nada serio y, por lo tanto, en todo caso el electoralismo quien hable de electoralismo se lo tendrá que decir a los concellos, el Concello da Estrada o el Concello de Cerdedo-Cotobade no pidieron el Plan Concellos y las tres líneas si, intentaron a lo mejor que en 5 meses hicieran más que otros años, si, y es legítimo, seguro que lo hicieron todos los concellos de la provincia. Por lo tanto, bueno, nosotros como decía vamos a votar abstención estamos seguros de que los concellos que vienen aquí, los 6, entienden, entienden el sentido de nuestra votación aunque sean de un determinado color político porque estamos hablando de un plan del anterior gobierno que les permite unas grandes actuaciones que nunca hubieran podido tener. Gracias.

Sr. Presidente.- Moitas gracias. Ten a palabra Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Si, este gobierno que preside Luis López non só está traballando arreo i tratando de desatascar e de seguir poñendo en marcha numerosísimas iniciativas i de planificar o último trimestre do ano e organizar o orzamento de 2024, senón que demostramos con este Pleno que en tempo récord trouxemos a Pleno as solicitudes destes concellos para as modificacións dos seus Reacons. Algo, un plan que viña do anterior goberno e cuxa coherencia van a demostrar hoxe aquí absténdose nestos puntos, en puntos que para concellos como Covelo, Lalín, Mondariz, Pontecesures, Sanxenxo ou Vila de Cruces lles beneficia. Nós non paramos proxectos do anterior goberno Sr. Font porque é un exercicio de responsabilidade. Nós non imos a facer como a vostedes no ano 2015 cando chegaron á Deputación abrindo as portas e as fiestras paralizando 8 proxectos adxudicados ou licitados en viais provinciais que foron solicitados polos veciños, polos alcaldes e polos concellos, porque non lles gustaba a cor política deses concellos. Nós iso non o imos a facer nin o faremos, é unha primeira diferenza con vostedes, vostedes van a ter moito traballo en intentar ver o despotismo co que gobernaron i trataron aos concellos, aos colectivos i ás entidades. Agora comezamos a saber moitas cousas do seu goberno, i unha delas é que durante 8 anos vostedes non atenderon a persoas, a entidades, a colectivos, a clubs, a entidades deportivas, que necesitaban o apoio



da Deputación. Non só iso senón que ademais reafirmaron, reafirmáronse na eliminación de moitos plans, de moitas líneas, de moitas líneas de apoio i de axudas a colectivos culturais, folclóricos, deportivos, comunidades de usuarios de augas i como dicía antes paralizano importantes investimentos en concellos da provincia de Pontevedra. Incluso algún ganano e recorrido polos concellos en sentencia firma, esa é a diferenza, Sr. Font, esa é a diferenza, a principal, a primeira oportunidade que van ter os pontevedreses co novo goberno provincial. Mais nada Sr. Presidente.

Sr. Presidente.- Moitas grazas. Ten a palabra Don César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Gracias Sr. Presidente.

Sr. Presidente.- Un segundo César, o tempo, 3 minutos. Si, agora.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Si, non é, non pretendía intervir pero está claro que o Sr. Cubela quedou moi gravado da oposición e quere seguir sendo oposición, o malo é que mete algunha imprecisión destas gloriosas, ¿non?, como un dos proxectos que se paralizou, por exemplo, foi Luis Roquefort é resulta que creo que está feito, brillantemente feito, moito mellor feito do que era o proxecto inicial que era unha chapuza soberana; e outros igual, e outros eran imposibles e resulta que parecía que estaban os terreos a disposición, cousa que era falsa cando os propios que tiñan que ceder tiñan presentado un escrito dicindo que non cedían e cousas polo estilo, non sei porque fai mención a eso, si quere recordar que Luis Roquefort foi unha obra importantísima, brillante, que á parte non tiña nada que ver co color político como cando se rematou quen estaba e cando se empezou tamén, desde logo non estaba ninguén de, vamos, de alcalde, ninguén do PSOE nin do BNG, non sei porque fai referencia a iso, a min paréceme que lle perde un pouquiño o inconsciente, quere sacar algo que non foi así, que eran obras imposibles e as que foron posibles fixéronse moito mellor, por certo, do que estaba previsto, moito mellor, pero si queremos recordar podemos recordar pero eu creo que este Pleno o terá que ver é que avancemos para adiante non discutir de hai 8 anos ou 9, digo eu, se cadra non, se cadra estou equivocado e resulta que o importante aquí é discutir si, o que pasou hai 6 anos ou o que sea cunha versión, que repito, que por eso o digo, senón, senón o dixera tal, tal dislate obviamente non se me ocorrería intervir, repito, vaia a mirar Luis Roquefort esa é unha obra das paralizadas.



Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Mosquera. Ten a palabra Don Carlos Font.

Sr. López Font.- La verdad es que, Sr. Cubela, el que lo va a tener difícil es usted ¡eh!, usted sí que lo va a tener difícil estos 4 años, porque mientras no se entere si está en el gobierno o si está en la oposición, como le pasa en este Pleno, ciertamente, bueno, lo va a tener difícil y no sé, lo va a pasar mal, y la verdad es que no se lo deseo. ¡Hombre!, decir que este gobierno está trabajando y que tiene muchas iniciativas, ¡hombre!, permítanme que el que me sonría sea yo ahora, porque si este Pleno es todo de lo que viene, todo lo que vamos a tratar aquí viene de atrás, ¿han tenido que trabajar mucho para tener estas 6 modificaciones de proyecto? Hombre, permítanme que me sonría, porque en absoluto, nosotros hemos traído decenas de modificaciones a los proyectos de los planes extraordinarios y ha supuesto el trabajo que ha supuesto, lo que pasa es que no puede usted presumir de haber hecho absolutamente nada salvo esto de la iluminación de Príncipe Felipe, y dice que están trabajando mucho, y claro, decir ya, no sólo que están trabajando mucho sino que han traído esto en tiempo record, bueno, pues de verdad como gracia, como broma, en el primer Pleno ordinario pues, pues está bien. Pues claro que somos coherentes Sr. Cubela, con el voto, claro que somos coherentes y seguro que lo entienden los concellos, de la misma forma que entendieron que todos los planes extraordinarios que hicimos eran ciertamente sobresalientes. Y dicen, y siempre están con el mantra del sectarismo y no sé qué y de no sé cuántos, ¿no le parece sectario el que no se invite a la oposición a un hecho tan importante como el de la Escuela de Cantería que consiguió el anterior gobierno con la Xunta de Galicia y que trabajo tanta y tanta gente del anterior gobierno para que eso se consiguiera? Con la dificultad que significa ¿No le parece eso sectarismo? Pues mire, cuando llegamos nosotros aquí en el año 2015, claro que abrimos las ventanas y ¿sabe para lo que abrimos las ventanas? Para gritarle a la plaza esa que no iba a haber fondos de libre disposición, para decirles que traíamos la democracia. Por lo tanto, no entre por esa vía y no hable de proyectos del anterior gobierno, porque le mencionaba uno el Sr. Mosquera pero le vamos a traer todos los que dejó el gobierno del Sr. Louzán que eran simplemente promesas y compromisos, y eran un completo desastre que de haberlos llevado a cabo hubiéramos hecho una provincia absolutamente inhabitable. ¡Y hombre!, no me hable de entidades de que dice que no las hemos recibido y tal, pero si el día que nos reunimos con ustedes para hacer el traspaso de poderes traíamos una relación de centenares de colectivos a los que decíamos si querían invitar a la toma de posesión, si hemos estado en contacto con todo el mundo y lo peor de todo es que usted lo sabe.



Sr. Presidente.- Moitas gracias. Procedemos á votación, vamos a facelo por separado punto, cada punto independentemente. Comezamos polo número 4. ¿Votos a favor da aprobación do proxecto modificado da actuación “Obras de recuperación e mellora do espazo público do núcleo rural de Paraños” presentado polo Concello de Covelo ao abeiro do Programa Reacpon? ¿Abstencións? Queda aprobado por maioría.

## ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Covelo con destino á execución da actuación denominada “Obras de recuperación e mellora do espazo público do núcleo rural de Paraños”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021039830).
- O orzamento do investimento ascendía a 415.000,00€ e a subvención concedida a 373.500,00€ (90,00%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 41.500,00€ (10%).
- Segundo o previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022000063 de 11/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 13/01/2022. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Na data 09/09/2022 o concello adxudica a realización do investimento por importe de 359.390,00€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 55.610,00€ (13,40%), formalizándose o contrato administrativo o 15/09/2022.





- Na data 21/07/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2023044997) a resolución de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (Servizo de Coordinación Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) para a “Recuperación e mellora do espazo público do lugar de Paraños”, non obstante, coas condicións indicadas na propia resolución. O concello tamén presenta un informe do arquitecto municipal, o proxecto modificado debido á necesidade de recoller as condicións establecidas na antedita resolución de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, o certificado do acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do proxecto modificado e o documento de formalización do contrato modificado. O novo orzamento de adxudicación (aplicando a porcentaxe de baixa) ascende a 411.803,00€, resultando un incremento de 52.413,00€ (14,58%), que pode financiarse integramente contra a baixa de adxudicación.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na data 16 de agosto de 2023, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios dan resposta aos condicionantes impostos pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; as actuacións propostas no modificado reducen a gama de pavimentos a empregar, prescínlese dos pavimentos de formigón raiado e dos lousados de granito diferentes aos ocres, e nos contornos de peches e edificacións tradicionais ou de elementos etnográficos procurárase asentar sobre camas de area. Redúcese a gama de elementos de iluminación a empregar. Prescínlese do uso de rigolas prefabricadas e de tapas de fundición non revestidas. A superficie da zona de usos peonís non se modifica, nin cambian os aspectos técnicos, o grao de madurez, os obxectivos propostos da Axenda 2030, as políticas panca afectadas nin os principios Ágora que o proxecto promove, mantéñense os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica. Cúmprense a lexislación vixente e os requisitos das bases da convocatoria.
- Na data 01/09/2023 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo ós



criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

- Na data 04/09/2023 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de aprobación do proxecto modificado.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon



(Reacciona Pontevedra Provincia).

- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Covelo para a execución da actuación denominada “Obras de recuperación e mellora do espazo público do núcleo rural de Paraños” no marco do Programa ReacPon.

### Consideracións xurídicas

#### Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á Xefa do Servizo de Cooperación.

#### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de



concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.

- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas aplicaráselle proporcionalmente a cada administración, de maneira que se siga respectando a porcentaxe mínima de cofinanciamento asignado ao concello en función da tipoloxía da actuación e da poboación. No caso de non existir, ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do concello ou coas doutros entes públicos.

#### Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

#### CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Covelo para a execución da actuación denominada “Obras de recuperación e mellora do espazo público do núcleo rural de Paraños”, no marco do Programa ReacPon, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.



Visto que o Concello tramitou o oportuno expediente motivado pola necesidade de engadir as variacións necesarias para levar a bo fin a execución do investimento, tendo en conta as condicións establecidas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (Servizo de Coordinación Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) na resolución de autorización para a “Recuperación e mellora do espazo público do lugar de Paraños”.

Visto que o proxecto modificado incrementa o orzamento de adxudicación en 52.413,00€, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 55.610,00€, o incremento pode financiarse coa dita baixa.

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa REACPON e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións e, en particular, no sistema de concorrencia competitiva.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 16/08/2023 acorda dar conformidade ao proxecto presentado poñendo de manifesto que os cambios dan resposta aos condicionantes impostos pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que a superficie da zona de usos peonís non se modifica, nin cambian os aspectos técnicos, o grao de madurez, os obxectivos propostos da Axenda 2030, as políticas panca afectadas nin os principios Ágora que o proxecto promove, que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica e que se cumpren a lexislación vixente e os requisitos das bases da convocatoria.

Por todo o exposto e, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas celebrada o 16/08/2023 (CSV: YQZX9LOZ14R5MH4B), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 17/08/2023 (CSV: GMJ5GES84UVD73B9), o informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención de 01/09/2023



(CSV: A3Z4DXAR8E76B4KS), o informe de Intervención de 04/09/2023 (CSV: BQ17ORSLYL5AG6T0) e o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 08/09/2023 (CSV: FV7OH1WORAZER6ZU), o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

- Aprobar o proxecto modificado da actuación “Obras de recuperación e mellora do espazo público do núcleo rural de Paraños”, presentado polo Concello de Covelo ao abeiro do Programa ReacPon.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Covelo, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

5.8028.- **APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “AMPLIACIÓN DO CEMITERIO DA ROMEA “FRAGA DO ALÉN” – DONRAMIRO” PRESENTADO POLO CONCELLO DE LALÍN AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE. 2021039831- 2023058140)**

O debate deste punto prodúcese ó principio do punto 4, conxuntamente cos puntos 4, 6, 7, 8 e 9.

Sr. Presidente.- Quinto punto. Aprobación do proxecto modificado da actuación “Ampliación do cemiterio da Romea “Fraga do Alén” – Donramiro” presentado polo Concello de Lalín ao abeiro do Programa Reacpon ¿Votos a favor? ¿Abstencións? Queda aprobado por maioría.

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Lalín con destino á execución da actuación denominada “Ampliación do cemiterio da Romea “Fraga do Alén” - Donramiro”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021039831).



- O orzamento do investimento ascendía a 1.806.359,09€ e a subvención concedida a 1.354.769,32€ (75%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 451.589,77€ (25%).
- Segundo o previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP 2022000344 de 20/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 26/01/2022. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Na data 12/07/2022 o concello adxudica a realización do investimento por importe de 1.760.334,02€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 46.025,07€ (2,55%), formalizándose o contrato administrativo o 13/07/2022.
- Na data 27/07/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2023045835) o proxecto modificado, estando as modificacións baseadas “estritamente en razóns de índole técnica” e que non “deben ser consideradas en ningún caso variacións substanciais” e o decreto de aprobación do antedito proxecto modificado. Os cambios introducidos no proxecto non modifican o importe total do orzamento da actuación.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na data 16 de agosto de 2023, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que, os cambios introducidos xorden do propio devir das obras e por diferencias na documentación topográfica utilizada na elaboración do proxecto primitivo respecto á realidade. As actuacións propostas reflíctense nun aumento no movemento de terras das cimentacións do muro perimetral, nunha nova conexión da rede de pluviais, na reparación do muro existente do cemiterio, nunha ampliación da rede de drenaxe, nun cambio nas dimensións da peza que



conforma o pavimento peonil, na retirada do fibrocemento presente no módulo de almacén e na reparación do mesmo, nun cambio no sistema de depuración das augas da fonte e axustes formais das medicións para adaptar o orzamento á realidade da obra. A superficie da zona de usos peonís non se modifica, nin cambian os aspectos técnicos, o grao de madurez, os obxectivos propostos da Axenda 2030, as políticas panca afectadas nin os principios Ágora que o proxecto promove, mantéñense os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica. Cúmprense a lexislación vixente e os requisitos das bases da convocatoria. Os cambios non modifican o orzamento de adxudicación.

- Na data 05/09/2023 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo ós criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O día 05/09/2023 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de aprobación do proxecto modificado.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).





- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a execución da actuación denominada “Ampliación do cemiterio da Romea “Fraga do Alén” - Donramiro” no marco do Programa ReacPon.

### Consideracións xurídicas

#### Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

#### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de



subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.

- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

#### Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en



virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

## CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín para a execución da actuación denominada “Ampliación do cemiterio da Romea “Fraga do Alén” - Donramiro”, no marco do Programa ReacPon, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o concello tramitou o oportuno expediente motivado pola necesidade de engadir as variacións necesarias para levar a bo fin a execución do investimento, que están baseadas “estritamente en razóns de índole técnica” e que non “deben ser consideradas en ningún caso variacións substanciais”.

Visto que o importe total do orzamento do proxecto modificado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 16/08/2023 acorda dar conformidade ao proxecto presentado poñendo de manifesto que os cambios introducidos xorden do propio devir das obras e por diferencias na documentación topográfica utilizada na elaboración do proxecto primitivo respecto á realidade, que a superficie da zona de usos peonís non se modifica, nin cambian os aspectos técnicos, o grao de madurez, os obxectivos propostos da Axenda 2030, as políticas panca afectadas nin os principios Agora que o proxecto promove, que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica e que se cumpren a lexislación vixente e os requisitos das bases da convocatoria.

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións e, en particular, no sistema de concorrencia competitiva.



Por todo o exposto e, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas celebrada o 16/08/2023 (CSV: YQZX9LOZ14R5MH4B), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 17/08/2023 (CSV: RKF9UYHYLNU1L3ZZ), o informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención de 05/09/2023 (CSV: BH77S6JW425KMRAD), o informe de Intervención de 05/09/2023 (CSV: UODKARPQNFWXWOPT), e o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 08/09/2023 (CSV: GXAU0E97C622IQAY), o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

- Aprobar o proxecto modificado da actuación “Ampliación do cemiterio da Romea “Fraga do Alén” - Donramiro”, presentado polo Concello de Lalín ao abeiro do Programa ReacPon.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Lalín, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

6.8029.- **APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “CONSTRUCCIÓN DA ÁREA DE DEPORTE URBANO DO CONCELLO DE MONDARIZ” PRESENTADO POLO CONCELLO DE MONDARIZ AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE. 2021039565 - 2023058141)**

O debate deste punto prodúcese ó principio do punto 4, conxuntamente cos puntos 4, 5, 7, 8 e 9.

Sr. Presidente.- Sexto punto. Aprobación do proxecto modificado da actuación “Construcción da área de deporte urbano do Concello de Mondariz” presentado polo Concello de Mondariz ao abeiro do Programa Reacpon ¿Votos a favor? ¿Abstencións? Queda aprobado por maioría.

## ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado



na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrència competitiva ao Concello de Mondariz con destino á execución da actuación denominada “Construción da área de deporte urbano do Concello de Mondariz”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

- O orzamento do investimento ascendía a 435.643,71€ e a subvención concedida a 392.079,34€ (90%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 43.564,37€ (10%).
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP 2022000752 de 02/02/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 10/02/2022. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. RP 2022000979 de 08/02/2022 concedeuse unha subvención ao dito concello por importe de 43.564,37€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-23, con destino ao financiamento da totalidade da achega municipal do investimento do Programa ReacPon (Expte. 2022003974).
- Na data 29/11/2022 o concello adxudica a realización do investimento por importe de 435.643,71€ (IVE incluído), non resultando baixa algunha de adxudicación, formalizándose o contrato administrativo o 14/12/2022.
- Na data 25/05/2023, e “tendo en conta a solicitude presentada polo Director de Obra, na que describe as situacións sobrevidas que motivan a solicitude e que aconsellan unha modificación no contrato e no proxecto de obras por razón de interese público baseadas nas causas do artigo 205.2.b) da LCSP ...” “o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro



WEB2023034080) o proxecto modificado de “Construción da área de deporte urbano do Concello de Mondariz” (redactado en maio de 2023 e aprobado por Resolución da Alcaldía de data 25 de maio de 2023) e o Decreto de aprobación de dito proxecto (emendado mediante Decreto presentado no Rexistro da Deputación o día 13/06/2023 (núm. rexistro 2023013515)) e solicita á Deputación a aprobación do mesmo. O orzamento do novo proxecto ascende a 504.693,95€, o que supón un incremento de 69.050,24€ sobre o orzamento inicial (15,85%). Ao non existir baixa de adxudicación, o concello desiste dunha subvención concedida no marco do Plan Concellos 2022-2023, por importe de 70.204,65€, con destino ao financiamento do investimento “Ampliación do saneamento no Barrio de Cruceiro (Vilasobroso)” (a desistencia é aceptada mediante resolución presidencial núm. RP 2023005573 de data 13/07/2023) (Expte. 2023006359) e solicita o financiamento da achega municipal para o investimento “Construción da área de deporte urbano do Concello de Mondariz” polo importe do mencionado incremento do orzamento.

- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 14/07/2023, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos dan resposta aos imprevistos xurdidos durante a execución, comprobándose que o estado da explanada existente non era o adecuado, a planimetría do aglomerado asfáltico debe ser reparada e o muro perimetral de cachotería presenta risco de derrubamento. Non se modifica a superficie da zona de usos peonís, nin cambian os aspectos técnicos, o grao de madurez, os obxectivos propostos da Axenda 2030, as políticas panca afectadas nin os principios Ágora que o proxecto promove. Mantéñense os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e polo tanto a puntuación obtida non se modifica.
- Na data 11/08/2023 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que “os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo ós criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria”.
- Na data 18/08/2023 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de aprobación do proxecto modificado.



- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Mondariz para a execución da actuación denominada “Construción da área de deporte urbano do Concello de Mondariz” no marco do Programa ReacPon.



## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

### Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será





posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.

- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación do concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas aplicaráselle proporcionalmente a cada administración, de maneira que se siga respectando a porcentaxe mínima de cofinanciamento asignado ao concello en función da tipoloxía da actuación e da poboación. No caso de non existir, ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do concello ou coas doutros entes públicos.

#### Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

#### CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Mondariz para a execución da actuación denominada “Construción da área de deporte urbano do Concello de Mondariz”, no marco do Programa ReacPon, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o concello tramita o oportuno expediente debido a que circunstancias sobrevidas e imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato motivan, por razón de interese público, a modificación.



O proxecto modificado incrementa o orzamento de execución en 69.050,24€.  
Ao non existir baixa na adxudicación, e en virtude do establecido na cláusula 6ª do convenio, o incremento deberá financiarse coa achega do concello ou coa doutros entes públicos, polo que o concello desiste expresamente da subvención concedida por importe de 70.204,65€, con destino ao financiamento do investimento “Ampliación do saneamento no Barrio de Cruceiro (Vilasobroso)” e solicita o financiamento do incremento con cargo a anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023.

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 14/07/2023, dá conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida non se modifica.

Por todo o exposto e, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas celebrada o 14/07/2023 (CSV: 13UFG6J7AAI7NCK0), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 18/07/2023 (CSV: 7LLZVDGFM91V782A), o informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención de 11/08/2023 (CSV: CWUXQX1S2KBXQ7KC), o informe de Intervención de 18/08/2023 (CSV: 6NWX8KK1GIVHQ4K0) e o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 08/09/2023 (CSV: GO19RKSCMA0LTN2S), o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

- Aprobar o proxecto modificado da actuación “Construción da área de deporte urbano do Concello de Mondariz” presentado polo Concello de Mondariz ao abeiro do Programa ReacPon.



- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Mondariz, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

7.8030.- **APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO DA ACTUACIÓN “OBRA RE-CONEXIÓN PEONIL, SEGURA E AMABLE DO NÚCLEO URBANO DE PONTECESURES” PRESENTADO POLO CONCELLO DE PONTECESURES AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE. 2021040023 - 2023058143)**

O debate deste punto prodúcese ó principio do punto 4, conxuntamente cos puntos 4, 5, 6, 8 e 9.

Sr. Presidente.- Punto número 7 da orde do día. Aprobación do proxecto reformulado da actuación “Obra re-conexión peonil, segura e amable do núcleo urbano de Pontecesures” presentado polo Concello de Pontecesures ao abeiro do Programa Reacpon ¿Votos a favor? ¿Abstencións? Queda aprobado por maioría.

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Pontecesures con destino á execución da actuación denominada “Obra re-conexión peonil, segura e amable do núcleo urbano de Pontecesures”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia). A dita concesión quedou condicionada á obtención da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (expte. 2021025615).
- O orzamento do investimento ascendía a 366.779,86€ e a subvención concedida a 330.101,87€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 36.677,99€.
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP 2022000944 de 04/02/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións



obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 14/02/2022.

- Na data 23/02/2022, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, o concello solicita unha subvención por importe de 36.677,99€, con destino ao financiamento da totalidade da achega municipal do investimento do Programa ReacPon, subvención que foi concedida mediante RP 2022001745 de data 11/03/2022. A dita concesión quedou condicionada á obtención da citada autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio (expte. 2022009725).
- Debido a que a zona de actuación da obra a realizar está situada dentro da zona de protección de elementos incluídos no catálogo de Patrimonio histórico, artístico e etnográfico do PXOM, o proxecto inicial foi remitido á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para a súa autorización. Mediante requirimento da xefa do Servizo de Coordinación Cultural da Delegación Territorial de Pontevedra da indicada Consellería, solicitáronse certos cambios e información adicional respecto ao proxecto remitido. Na data 13/04/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023025263) o proxecto reformulado do proxecto inicial e a solicitude de autorización do proxecto reformulado á dita Xefatura Territorial. Os cambios introducidos no proxecto non supoñen modificación do importe total do orzamento de licitación.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 08/05/2023, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, condicionada á obtención por parte do concello da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, tendo en conta que os cambios introducidos no proxecto orixinal dan resposta aos condicionantes da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, incorpórase unha nova superficie peonil produto dunha nova cesión dunha franxa de terreo dun particular e elimínase parte do arborado, de maneira que a praza teña máis posibilidades de uso que as do proxecto orixinal. Non se modifica o importe de licitación, non cambian os aspectos técnicos nin o grao de madurez do proxecto, mantéñense tanto os obxectivos propostos da Axenda 2030 e as políticas panca afectadas como os principios Ágora que o proxecto promove, non se modifican os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria



e, polo tanto, a puntuación obtida non se modifica.

- Na data 01/06/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023035397 un certificado do acordo de aprobación do proxecto reformulado.
- Na data 11/08/2023 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que “os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo ós criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria”.
- Na data 18/08/2023, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se



traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontecesures para a execución da actuación denominada “Obra re-conexión peonil, segura e amable do núcleo urbano de Pontecesures” no marco do Programa ReacPon.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

### Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.



- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación do concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

#### Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

#### CONCLUSIÓNS

Visto que o proxecto reformulado presentado polo concello (aprobado polo Pleno da corporación municipal de data 29 de maio de 2023), redactado no mes



de abril de 2023, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o importe total do orzamento do proxecto reformulado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

Visto que a Comisión de persoas expertas, reunida en sesión de data 08/05/2023, acorda dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que non se modifica o importe de licitación, que os cambios introducidos non cambian os aspectos técnicos nin o grao de madurez do proxecto, que se manteñen tanto os obxectivos propostos da Axenda 2030 e as políticas panca afectadas como os principios Ágora que o proxecto promove, non se modifican os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida non se modifica.

Visto que o proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacpon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto e, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas celebrada o 08/05/2023 (CSV: 3KDHMPYKYDRDO2Q0), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 20/06/2023 (CSV: 9FO916X2DLW9MQSW), o informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención de 11/08/2023 (CSV: FR1YJKVKO3C08SJU), o informe de Intervención de 18/08/2023 (CSV: 95VRPSH7NLUTXKKKG) e o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 08/09/2023 (CSV: G7RMULJ7U9E893R7), o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

- Aprobar o proxecto reformulado da actuación “Obra re-conexión peonil, segura e amable do núcleo urbano de Pontecesures”, presentado polo Concello de Pontecesures ao abeiro do Programa ReacPon, tendo en conta





que a concesión da subvención está condicionada á obtención da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, a cal deberá achegarse polo concello xunto á primeira xustificación da subvención.

- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Pontecesures, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

8.8031.- **RECTIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DERIVADA DUN ERRO NO IMPORTE DO ORZAMENTO E A APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO BALTAR-PORTONOVO” PRESENTADO POLO CONCELLO DE SANXENXO AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE. 2021039815 - 2023058145)**

O debate deste punto prodúcese ó principio do punto 4, conxuntamente cos puntos 4, 5, 6, 7 e 9.

Sr. Presidente.- Punto número 8. Rectificación do acordo de concesión derivada dun erro no importe do orzamento e a aprobación do proxecto modificado da actuación “Reforma do pavillón polideportivo Baltar-Portonovo” presentado polo Concello de Sanxenxo ao abeiro do Programa Reacpon ¿Votos a favor? ¿Abstencións? Queda aprobado por maioría.

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Sanxenxo con destino á execución da actuación denominada “Reforma do pavillón polideportivo Baltar-Portonovo”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e posteriormente emendado, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- No dito acordo recóllese que o orzamento do investimento ascende a 1.071.431,75€, a subvención concedida a 803.573,81€ (75%), e completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 267.857,94€



(25%).

- Segundo o previsto na base reguladora 7<sup>a</sup>.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP 2022000222 de 18/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 26/01/2022. Na súa cláusula 6<sup>a</sup> recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Na data 29/06/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023040816), entre outros documentos, un informe de xustificación da necesidade da modificación do proxecto, motivada principalmente na necesidade de reforzar a fachada existente, de sanear a estrutura da madeira laminada, de cambiar o sistema de canastras suspendidas por outras de posición no solo (xa que a empresa de control, tras as comprobacións estruturais realizadas, desaconsellaba a ancoraxe das mesmas a estrutura de madeira laminada existente) e de ampliar a instalación e iluminación á totalidade do pavillón cun sistema eficiente de pantallas LED, tamén presenta a autorización da redacción da modificación do proxecto e da ampliación do prazo de execución das obras, o proxecto modificado e a resolución de aprobación do mesmo. As modificacións non supoñen un incremento do orzamento inicial.
- Revisada a documentación achegada polo concello, detéctase un erro nos importes sinalados no acordo de concesión, xa que debía terse indicado como importe do orzamento a cantidade de 1.071.413,75€ e consecuentemente, o importe da subvención concedida debía ser 803.560,31€ e o da achega municipal 267.853,44€.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 14/07/2023, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta, que os cambios introducidos, principalmente o reforzo da fachada, o saneado da estrutura de



madeira laminada, o cambio do sistema de canastras suspendidas por outras de posición no solo e a ampliación da instalación de iluminación, dan resposta aos imprevistos xurdidos durante a execución, que non cambian os aspectos técnicos, as consideracións enerxéticas, o grao de madurez, os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas, que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica.

- Na data 11/08/2023 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos no proxecto non afectan á puntuación obtida na baremación de acordo ós criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- Na data 21/08/2023 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de rectificación do acordo de concesión por erro material no importe do orzamento da actuación subvencionada e de aprobación do proxecto modificado.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local



(TRRL).

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo para a execución da actuación denominada “Reforma do pavillón polideportivo Baltar-Portonovo” no marco do Programa ReacPon.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

### Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución



dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.

- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Artigo 109.2 da LPACAP, polo que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación do concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

#### Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en



virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

## CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo para a execución da actuación denominada “Reforma do pavillón polideportivo Baltar-Portonovo”, no marco do Programa ReacPon, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o concello tramitou o oportuno expediente motivado na aparición de imprevistos durante a execución das obras, que fixeron necesario introducir modificacións nas partidas previstas no proxecto de execución.

Visto que o proxecto modificado non incrementa o orzamento de execución.

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 14/07/2023, dá conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica.

Visto que a LPACAP contempla a rectificación, en calquera momento, dos erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos das Administracións Públicas.

Por todo o exposto e, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas celebrada o 14/07/2023 (CSV: 13UFG6J7AAI7NCK0), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 19/07/2023 (CSV: O71BQU TO1MMF6EP8), o informe do



enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención de 11/08/2023 (CSV: I8QUSB6XTJ99DSHR), o informe de Intervención de 21/08/2023 (CSV: TCQP3G8T3RQLQO10) e o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 08/09/2023 (CSV: GEQ3GALVB88SAHRV), o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

- Rectificar o acordo de concesión, corrixindo o erro existente no importe do orzamento, e rectificando os importes das partidas Orzamento, Subvención e Achega Municipal.

Onde se indicaba:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGA MUNICIPAL
1.071.431,75€	803.573,81€	267.857,94€

Agora debe indicar:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGA MUNICIPAL
1.071.413,75€	803.560,31€	267.853,44€

- Aprobar o proxecto modificado da actuación “Reforma do pavillón polideportivo Baltar-Portonovo”, presentado polo Concello de Sanxenxo ao abeiro do Programa ReacPon.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Sanxenxo, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

9.8032.- **APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “MELLORA DA RÚA VÁZQUEZ DENDE O ENTRONQUE COA RÚA SERGIO IGLESIAS PAZOS ATA O ENTRONQUE COA TRAVESÍA VÁZQUEZ 2” PRESENTADO POLO CONCELLO DE VILA DE CRUCES AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE. 2021039782 -2023058146)**



O debate deste punto prodúcese ó principio do punto 4 conxuntamente cos puntos 4, 5, 6, 7 e 8.

Sr. Presidente.- Punto número 9 da orde do día. Aprobación do proxecto modificado da actuación “Mellora da rúa Vázquez dende o entronque coa rúa Sergio Iglesias Pazos ata o entronque coa Travesía Vázquez 2” presentado polo Concello de Vila de Cruces ao abeiro do Programa Reacpon ¿Votos a favor? ¿Abstencións? Queda aprobado por maioría.

## ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Vila de Cruces con destino á execución da actuación denominada “Mellora da Rúa Vázquez dende o entronque coa rúa Sergio Iglesias Pazos ata o entronque coa Travesía Vázquez 2”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de setembro de 2021, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 892.360,54€ e a subvención concedida a 596.681,13€ (66,87%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 295.679,41€ (33,13%).
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP 2022001589 de 28/02/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 05/03/2022.
- Na data 07/02/2022, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, o concello solicita unha subvención por importe de 295.679,41€, con destino ao financiamento da totalidade da achega municipal do investimento do Programa ReacPon, subvención que foi concedida por acordo núm. 12.31310 da Xunta de Goberno da Corporación Provincial do 18/02/2022 (Expte. 2022005678).
- En data 28/07/2022 o concello adxudica a realización do investimento por importe de 847.742,52€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación





de 44.618,02€ (5,00%), formalizándose o contrato administrativo o 24/08/2022.

- Na data 07/12/2022 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022062357) o proxecto modificado da actuación “Mellora da Rúa Vázquez dende o entronque coa rúa Sergio Iglesias Pazos ata o entronque coa Travesía Vázquez 2” (complementado mediante rexistros WEB2022062982 de 13/12/2022 e WEB2022063194 de 14/12/2022) e un informe da arquitecta dos servizos técnicos municipais (emendado por medio de corrección presentada na data 26/05/2023 (núm. rexistro WEB2023034221) que conclúe que as modificacións non son substanciais, dado que se conserva a filosofía orixinaria do proxecto de priorizar a peonalización da rúa, alcanzando máis do 50% da superficie da vía para uso peonil, intercambiándose tan só o ancho da vía; onde a vía tiña un ancho de 2,40m. pasa a ter 2,80m., e onde tiña 3,70m. pasa a ter 3,40m. Os cambios introducidos no proxecto non modifican o importe total do orzamento da actuación.
- Na data 18/05/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023032788) un certificado do acordo do Pleno municipal de aprobación do proxecto modificado, e na data 26/05/2023 presenta (núm. rexistro WEB2023034221) un Decreto de corrección de erros no antedito acordo de aprobación.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 08/05/2023, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos débense a unha reformulación das superficies peonís, aumentando os anchos previstos inicialmente das beirarrúas, reducindo os dos viais, que aumenta a superficie da zona de usos peonís, que non cambian os aspectos técnicos nin o grao de madurez do proxecto, que se manteñen tanto os obxectivos propostos da Axenda 2030 e as políticas panca afectadas como os principios Agora que o proxecto promove, non se modifican os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida non se modifica.
- Na data 21/07/2023 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que “os cambios introducidos



no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo ós criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria, posto que aínda que algunha das beirarrúas reduce o seu ancho, globalmente a superficie peonil non se reduce, incluso aumenta”.

- Na data 02/08/2023 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á aprobación do proxecto modificado.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).



- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vila de Cruces para a execución da actuación denominada “Mellora da Rúa Vázquez dende o entronque coa Rúa Sergio Iglesias Pazos ata o entronque coa Travesía Vázquez 2” no marco do Programa ReacPon.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

### Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para



a realización da actividade.

- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación do concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

#### Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

#### CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vila de Cruces para a execución da actuación denominada “Mellora da Rúa Vázquez dende o entronque coa Rúa Sergio Iglesias Pazos ata o entronque coa Travesía Vázquez 2”, no marco do Programa ReacPon, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.



Visto que o importe total do orzamento do proxecto modificado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 08/05/2023, acorda dar conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos débense a unha reformulación das superficies peonís, aumentando os anchos previstos inicialmente das beirarrúas, reducindo os dos viais, que aumenta a superficie da zona de usos peonís, que non cambian os aspectos técnicos nin o grao de madurez do proxecto, que se manteñen tanto os obxectivos propostos da Axenda 2030 e as políticas panca afectadas como os principios Ágora que o proxecto promove, non se modifican os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida non se modifica.

Visto que o proxecto modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto e, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas celebrada o 08/05/2023 (CSV: 3KDHMPYKYDRDO2Q0), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 20/06/2023 (CSV: 2P0L7Q0EOY5XVHTP), o informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención de 21/07/2023 (CSV: KQ9TMOSTVRV225Q6) o informe de Intervención de 02/08/2023 (CSV: EU5949O66USH9JK3) e o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 08/09/2023 (CSV: G6Z3H97TF1VU2PYX), o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

- Aprobar o proxecto modificado da actuación “Mellora da Rúa Vázquez dende o entronque coa Rúa Sergio Iglesias Pazos ata o entronque coa Travesía



Vázquez 2º presentado polo Concello de Vila de Cruces ao abeiro do Programa ReacPon.

- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Vila de Cruces, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

10.8033.- **DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO CONCELLO DO ROSAL CONTRA O ACORDO PLENARIO DE DATA 23 DE XUÑO DE 2023 (Nº4.8011) RELATIVO A SÚA EXCLUSIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 (PROGRAMA PON2030) (EXPTE. 2023030364 - 2023058147)**

Sr. Presidente.- Ben, agora, igual que como pasou cos anteriores puntos da orde do día, os Voceiros dos distintos grupos chegaron ao acordo dun debate único e logo a votación por separado. Falamos das desestimacións duns recursos de reposición interpostos polos concellos de O Rosal, Soutomaior e Vilanova de Arousa. Cédolle entón a palabra ao Voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Moi ben, Presidente. Pois ben, traemos a Pleno o desestimamento dos recursos de reposición interpostos polos concellos de O Rosal, de Soutomaior e de Vilanova de Arousa, para sobre a non concesión da subvención do PON2030. Desestimamos os recursos de reposición interpostos por estes concellos e contra a exclusión destes proxectos do Programa PON 2030 en base aos informes que se nos achegaron á Comisión Informativa e polo tanto tamén proposto para a súa desestimación e cuxas posibilidades de recurso continúan tendo os concellos noutras instancias. Máis nada Presidente.

Sr. Presidente.- Moi ben. Moitas gracias. Ten a palabra D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Ben, grazas Sr. Presidente. Ben, aquí fixéronse uns plans extraordinarios, cunhas bases, este foi o último, e, precisamente, que este plan teña o financiamento que ten, vamos, que tivo e que permitiu a unha serie de concellos pois acometer actuacións que doutra maneira non sería posible, porque



son cantidades elevadas para concellos cunha capacidade económica limitada, pois este foi un plan que, precisamente, como se lle meteron os cartos que se lle meteron pois quedaron menos remanentes, senón habería máis, ou sexa que é así de simple. Ben, e aquí veñen unhas reclamacións, unhas, vamos uns de reposición, que esto precisamente é unha das consecuencias positivas, de que se faga por bases, como antes se repartía e como se repartía en “illo tempore”, pois calquera recurría, como un concello recurrira estaba fino, entonces non levaba nada no seguinte, creo que era unha mecánica perversa, e digo que me parece que é positivo que suceda eso. Bueno, irán a onde vaian, ou sexa, se queren recurrilo polo contencioso, pero bueno, eso sempre que se fan unhas bases pois pode suceder e os concellos non están indefensos. Eso fíxose no seu momento cunha, vamos, unha comisión de funcionarios que valorou os proxectos segundo as bases, e bueno, uns entraron e outros non. Bueno, pois se a Deputación tivera moitos máis cartos pois podían entrar todos, pero non, daba para o que daba, ¿non? Polo tanto, pois nós vamos a votar a favor, porque votamos a favor do Plan, e aquí quero facer unha referencia, de que non nos gustou nada o que pasara naquel Pleno entre as eleccións e a nova Corporación, porque estaba falado, estaba falado co Sr. Cubela de que se ía a facer nese período, e estaba de acordo e lle pareceu ben, lle pareceu moi ben, que non se aprobara, se resolvera o PON2030 entre, antes das eleccións, podemos forzar a metelo unha semana antes porque era facerlle un feo aos alcaldes e alcaldesas que parte se presentaban outra vez, se é que non o levaban, entonces deixámolo, máis pareceu ben e demais. E despois cando chegou aquí pois dixo que non, que se abstiña, que non sei que, porque non participaba porque era un aumento para non facelo. Bueno, hoxe vemos que avanzamos tres meses e estaba acordado, xa digo, teño que recordalo porque non nos gustou nada porque se acordamos unha cousa pois hai que levala adiante. E nada máis, quero dicir, nós vamos a votar a favor porque os informes son os que son e o procedemento foi o que foi, temos que vir aquí, ten que vir a Pleno, e agora pois cada, vamos, cada concello pois que decida, hai moitos máis que non, nin tan sequera presentaron o recurso de reposición, aceptaron, hai unha puntuación, poden entender que está ou non está, pero xa digo, inxerencia política aquí houbo cero, na comisión, se non me falla a memoria, creo que non había ningún deputado ou diputadas, estaban todos funcionarios. Por tanto, bueno, pois que siga, vamos, o seu cauce.

Sr. Presidente.- Moitas grazas. Ten a palabra agora D. Carlos Font, en canto lle dea o tempo.



Sr. López Font.- La verdad es que no pensaba intervenir, entendía que los puntos anteriores y estos también de desestimación de recursos iban un poco en el mismo lote, lo que ocurre es que, bueno, es para mostrar, si, satisfacción, porque el Sr. Cubela ahora rápidamente ha colocado la chaqueta de miembro del gobierno y le escuchamos muy institucional decir que se traen tres desestimaciones de recursos de acuerdo con lo manifestado por los técnicos y que el gobierno cumple y que lo trae aquí. ¡Fenomenal! Y digo fenomenal porque es lo que estuvimos haciendo durante todo este tiempo atrás, pero claro, el Sr. Cubela y otros miembros de la oposición del Partido Popular en aquel momento, discutían sobre las puntuaciones que se daban y aquí en este Pleno ha habido acusaciones de utilización político partidista, negando la máxima de la que hoy hace gala el Sr. Cubela, que es, que lo que se trae aquí es lo que dicen los técnicos. Y lo decía el Sr. Mosquera, y lo suscribo, también esa parte de lamento y de, bueno, de cómo se hicieron las cosas en un momento determinado, pero claro, me lo van a permitir, es el momento de reivindicar, es el momento de reivindicar que todos los recursos que se desestimaron por el anterior gobierno fueron en base a lo que acaba de decir ahora justamente el Sr. Cubela, y es que los traíamos en base a informes técnicos y ratifico lo que acaba de decir el Sr. Mosquera, como no puede ser de otra manera, de que cero políticos en las comisiones, todos técnicos, y por lo tanto ninguna influencia. Decía al principio que no pensaba intervenir pero me veo en la obligación un poco de hacer esta apreciación, y simplemente de lo que se trata es de que, bueno, nosotros vamos a abstenernos por esa línea que hemos, esto, acordado y que ya anunciamos en comisiones informativas y que hemos dicho en este Pleno, pero ciertamente compartimos como compartimos anteriormente todos los recursos que se desestimaron, lo que pasa es que, ya digo, suena a música celestial el que dijo que había interferencia política en las calificaciones cuando se traían aquí determinados expedientes, hoy se coloque la chaqueta de gobierno, y sea tan respetuoso como nosotros lo fuimos con los técnicos. Gracias.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Font. Ten a palabra o Voceiro do Grupo do Partido Popular, Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Si, volvendo sobre a cuestión do fondo do Pleno e da actitude dalgunha parte da oposición eu o único que quero dicir, por alusións e pola actitude que mantivo sempre este partido, como grupo da oposición, e que vai manter a mesma como goberno, é que nós non imos a intentar humillar nunca a ninguén, como intentaron facer vostedes en moitas intervencións





comigo e cos meus compañeiros durante os debates plenarios do pasado mandato. Primeiro, porque na subida das escaleiras da vida hai que pensar que cando un sube pode baixar, i que na metade do camiño podémonos atopar, i, a Sra. Carmela Silva foise de aquí Sr. Font, pero a vostede deixárono aquí, e o meu partido, o meu grupo e o meu Presidente, apostou outra vez por min para ser portavoz de goberno. Fun portavoz da oposición e agora son portavoz de goberno, que é unha honra e un orgullo, i nunca lle vou a faltar nin no tono nin nas miñas intervencións ao debate. Pero si que lle teño que dicir, nós somos responsables, o Partido Popular é un partido de goberno en todas as institucións ás que se presenta e acude á chamada en apoio dos veciños e dos cidadáns, ¡non fun eu quen se puxo a chaqueta de goberno Sr. Font! Foron os pontevedreses e os veciños dos concellos os que nos puxeron a todo o Grupo Popular e a todo o Partido Popular a chaqueta de goberno e a vostedes lles puxeron o cambio de chaqueta, pasaron á oposición. Entón, esa febre que teñen dura, esa tirria ao Partido Popular, a nós, ao que pasou, asúmano con deportividade, porque teñen catro anos moi longos, que poden ser moi duros se siguen nesa aptitude. Queren facer constar i facer pensar que nós votamos unha cousa distinta da que fixemos co PON2030, téñolles que lembrar que o Grupo Popular estando na oposición votou a favor en todos os Plenos do PON2030, i lle digo o que lle dixen antes, que agora temos moita máis información, agora coñecemos moitas máis cousas, agora falamos con todo o mundo nesta casa, e xa veremos, xa veremos, si este plan é como vostede dicía a pesar de non haber políticos nos tribunais e nas concesións das subvencións, como moitos outros, xa o veremos Sr. Font, i as caras corresponderán cos feitos para cada un. Máis nada Sr. Presidente.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas grazas. Cédolle a palabra a D. Carlos Font.

Sr. López Font.- Hasta para ser como una velada amenaza hay que tener un poquito de sentido, ¿no? Mire, ningún problema, ningún problema en el conocimiento de lo que ustedes vayan teniendo, ningún problema en lo que le vayan diciendo todos los agentes sociales, a los que absolutamente respetamos. Y el tema de la chaqueta, bueno, claro, se lo puse facilito para decir que tiene la chaqueta de gobierno, nooo, Sr. Cubela, en las anteriores intervenciones usted intervino con la chaqueta y con los resortes de Portavoz de la oposición, claro que sí, si parecía la oposición a la oposición. No, ¡qué val, ahora sí que ha sacado la chaqueta institucional. Ya sé que le corresponde gobernar, y voy a recordar una y mil veces que el primero que aceptó el resultado electoral fue el que les habla. El día de la toma de posesión del Presidente arranqué mi intervención y la puede



comprobar, reconociendo el resultado electoral y la legitimidad del gobierno, cuestiones que ustedes como partido político no lo hacen en otros sitios, porque lo he sufrido en el Concello de Vigo, años sin reconocer la legitimidad al gobierno porque para eso es la democracia. Al Partido Popular lo de la lista más votada le vale cuando gana y al Partido Popular le valen las alianzas cuando no es la lista más votada. Pero hay algo, Sr. Cubela, que no me gusta, no me gusta que diga tirria, porque yo no le tengo tirria a nadie. Y luego, yo no sé, le pido que en todo caso diga por quién se sintió humillado, pero como quiera que en el anterior mandato intervine mucho en los Plenos de esta Corporación, yo nunca le he humillado a usted ni a nadie. Puedo ser horroroso para el contrario y desagradable, pero el respeto personal lo tengo, y yo no he humillado a nadie. Y le invito a que veamos acta tras acta en la que si le tengo que pedir disculpas por algo, como en alguna ocasión lo hemos hablado lo pediría, ahora que yo ocho años antes y hoy como inicio de cuatro años siguientes, en cuanto a Plenos ordinarios, que mis intervenciones tengan un tono de humillación ni a usted ni a nadie, no, de ninguna manera Sr. Cubela. Le digo que si usted se ha sentido humillado por alguien lo diga, si es que lo quiere decir, ahora, con el que suscribe no diga eso porque no. Llevo muchos años debatiendo políticamente y tengo una máxima que es el respeto a las personas. Gracias.

Sr. Presidente.- Moitas grazas. Vamos a proceder á votación. Vámolo a facer punto por punto.

Punto número 10. Desestimación do recurso de reposición interposto polo Concello do Rosal contra o acordo plenario de data 23 de xuño de 2023 relativo á súa exclusión da concesión de subvención do Programa Provincial de Infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 (Programa PON2030). ¿Votos a favor? ¿Abstencións?. Queda aprobada pola maioría que son os catorce votos do Grupo do Partido Popular e os catro do PSdeG-PSOE, polo tanto 18, e restantes, -¿que?, do BNG, claro, perdón, perdón.

## I. ANTECEDENTES

Primeiro. O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030. As ditas bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO núm. 46, do 07/03/2023.



Segundo. Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, de conformidade co pertinente procedemento (expediente 2023010533), mediante o acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra núm. 4.8011, adoptado na sesión extraordinaria urxente do 23 de xuño de 2023, aprobouse a concesión de subvencións a distintos concellos da provincia ao abeiro do Programa PON2030, excluíndose a solicitude de subvención realizada polo Concello do Rosal para o investimento denominado “Reurbanización das rúas Estradas Vella e Santiago Ruiz na parroquia de San Miguel de Tabagón” por canto o proxecto presentado non acadaba o 50% da puntuación total, de conformidade co indicado na base 6.1 da convocatoria.

Na data 27/06/2023 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo ao Concello do Rosal, constando a súa aceptación pola entidade local o día 28/06/2023 (CSV: QWKQBQ1XAE8U01NZA).

No dito expediente consta que o proxecto do ente municipal impugnante, Concello do Rosal, acadou un total de **45,50 puntos**, segundo a valoración realizada pola Comisión de persoas expertas na data 09/06/2023, resultado de sumar as seguintes puntuacións obtidas nos distintos apartados recollidos na base

6.2 “Criterios de valoración”:

6.2.a) Madurez de proxecto: 10,00 puntos.

6.2.b) Contribución a unha economía descarbonizada: 0,82 puntos.

6.2.c) Calidade do proxecto: 29,00 puntos.

6.2.d) Contribución á consecución dos obxectivos fixados na Axenda 2030 e nas políticas panca: 5,68 puntos.

Terceiro. Na data 27/07/2023 o Concello do Rosal presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023045863) un recurso de reposición contra o citado acordo plenario ao non estar conforme coa puntuación obtida. O petionario solicita que se revise a valoración do proxecto para axustala á realidade da proposta técnica ao considerar que acadaría unha puntuación de 84 puntos.

O concello recorre as puntuacións obtidas nos citados apartados 6.2.a), 6.2.b) e 6.2.d), considerando que debía ter obtido 15, 30 e 10 puntos, respectivamente.



Respecto ao apartado 6.2.a) o concello alega que debería acadar máis puntuación indicando que “(...) *Se ben non se conta coas dúas autorizacións sectoriais precisas - o cal suporía acadar os 20 puntos - si que se conta cunha das dúas (a autorización ao proxecto por parte de Estradas de Galicia), o que debería quedar reflectido de xeito proporcional na puntuación para este apartado*”.

En canto ao apartado 6.2.b) considera que o proxecto técnico xustifica de maneira suficiente o establecemento da prioridade peonil do total do ámbito de intervención, polo que se estima que a puntuación pertinente do proxecto neste apartado debe ser a máxima, xa que o 100% da superficie do ámbito pasa a dedicarse a usos diferentes á circulación de vehículos.

Respecto ao 6.2.d) alega que merece a máxima puntuación xa que a documentación achegada inclúe de xeito pormenorizado todos os aspectos recollidos nas bases reguladoras así como que queda argumentada a idoneidade da intervención e a súa achega aos indicadores establecidos dentro dos distintos marcos estratéxicos.

Cuarto. No expediente 2023030364, relativo á solicitude de subvención do Concello do Rosal, un técnico facultativo integrante da Comisión de persoas expertas, por ausencia do presidente da citada Comisión, emite o día 07/08/2023 un informe no que se estudan as alegacións e se detallan os criterios de puntuación aplicados e a puntuación obtida polo proxecto do devandito Concello, sen modificar a puntuación outorgada.

Quinto. O 08/08/2023 a xefa do Servizo de Cooperación emite informe técnico-xurídico informando en sentido desfavorable a estimación do recurso de reposición. Tamén consta no expediente informe da Secretaría Xeral de data 10/08/2023 de non preceptividade de informe do referido servizo para a resolución do recurso.

## II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

### Consideracións xurídicas

Primeiro. O artigo 124.1 da LPACAP establece que *“o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fora expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fora expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto”*.

Neste caso, e dado que se trata dun acto expreso que pon fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación do acordo plenario se produce en data 28/06/2023 e o recurso se presentou o día 27/07/2023.

Segundo. O artigo 112 da LPACAP esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.



O Concello do Rosal invoca a vulneración da Base Sexta, apartados 6.2.a), 6.2.b) e 6.2.d) do Programa PON2030, xunto coa Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Terceiro. A Base Sexta do Programa PON2030 recolle os catros criterios de valoración do proxecto, recollidos no apartado Segundo dos antecedentes.

En canto á Base 6.2.a) que fai referencia a “Madurez do proxecto”, desestímase a alegación exposta xa que na citada base indícase que as distintas puntuacións que se poden obter neste apartado son 30, 28, 25, 20, 10 e 0 puntos, non existindo a posibilidade de obter 15 puntos nin outras puntuacións proporcionais ou distintas. Así mesmo, a base recolle que se lle asignará unicamente a puntuación correspondente á fase máis avanzada acreditada, sempre que se teñan cumprido as anteriores ou estas non sexan necesarias.

Neste caso, ao constar a solicitude de autorización sectorial ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, a fase máis avanzada acreditada é a de “Por ter solicitadas as autorizacións sectoriais”, polo que se mantén a puntuación outorgada de 10 puntos.

Respecto á Base 6.2.b), no citado informe técnico de data 07/08/2023 recóllese o seguinte:

“Desestimar a motivación exposta no punto segundo do recurso, apartado 6.2.b), pola contribución a unha economía sostible: desestimar as observacións feitas no recurso: a consideración de “espazo dedicado a usos diferentes á circulación de vehículos” non se pode observar para a totalidade do ámbito, xa que non existe ningunha “restrición” nin física nin indicativa que implique a consideración deste como adicado a usos diferentes da circulación de vehículos, a sinalización proposta é meramente informativa da posible convivencia de usos. En ningún caso se “limita” o acceso. A referencia escrita na páxina 19 do proxecto, non está refrendada en ningún plano, nin orzamentada en ningunha partida. A única sinalización observada no proxecto son os sinais S-28 e S-29 de carácter informativo, plano MX-07.

O proxecto presentado segue a combinar e manter a presenza do tráfico rodado, malia que se propón a súa redución. Cando nesta base 6.2.b) o que se prima é a contribución a unha economía descarbonizada mediante usos diferentes á circulación de vehículos e non combinados co uso peonil.

Na devandita base 6.2.b) “pola contribución a unha economía sostible; pola porcentaxe de espazo dedicado a usos diferentes á circulación de vehículos” cuantifícase a superficie destinada exclusivamente (reiteramos exclusivamente) para uso peonil. E non se ten en conta polo tanto aquela superficie de uso compartido no que o vehículo segue presente.



Así pois a valoración correspondente ao criterio 6.2.b) pola contribución a unha economía sostible segue a ser valorada con 0,82.”

Respecto da base 6.2.d), no informe técnico indícase:

“Desestimar a motivación exposta no punto terceiro do recurso, apartado 6.2.d). Consecución dos obxectivos fixados na Axenda 2030 e nas políticas panca, xustificadas polas persoas autoras do proxecto. Tal e como se expresaba no acordo do Pleno. Por achegar as memorias xustificativas, tendo en consideración que se valoraron cada unha das xustificacións expostas.

Segundo recollen as bases: “para valorar este apartado deberán recollese nunha memoria á parte aqueles aspectos e datos concretos que se substancien expresamente no proxecto e sexan relevantes, xunto coa xustificación do modo no que contribuirán á consecución dos ODS da Axenda 2030 e ás políticas panca do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, con referencia expresa aos ODS, ás metas e aos indicadores nos que se pretende influír, así como á descrición das actuacións que terán incidencia na mellora dos indicadores en relación coa situación de partida. En concreto, para a valoración deste apartado terase en conta a incidencia na mellora dos indicadores relativos ao cumprimento dos ODS da Axenda 2030 española e as súas metas, e, de maneira especial, as que estean directamente relacionadas coas políticas panca do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, ponderándose o número de indicadores favorablemente afectados e o grao de mellora respecto á situación de partida, así como a aliñación e encaixe global dos obxectivos do proxecto dentro dos obxectivos da Axenda 2030 e, especialmente, o Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Exceptuaranse da valoración aqueles aspectos que xa fosen valorados no apartado b)”.

“Nas actuacións tipo 3 terase en conta tamén unha xustificación da contribución que esa actuación terá no concello para o cumprimento e fomento dos 10 Principios Ágora da Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público”.

Na documentación aportada, anexo, incorpora, unha memoria xustificativa da consecución dos obxectivos fixados na Axenda 2030 e nas políticas panca así como dos principios Ágora. A valoración fíxose acorde aos criterios da comisión técnica, reiterándose esta na puntuación obtida. Neste caso obtén a máxima puntuación no cumprimento dos principios Ágora, complementando a puntuación os obxectivos da Axenda 2030 e das políticas panca.

Así pois a valoración correspondente ao criterio 6.2.d) contribución aos obxectivos Axenda 2030, políticas panca e principios Ágora, segue a ser valorada con 5,68”.

Á vista do citado informe considérase a reafirmación das valoracións emitidas pola Comisión de persoas expertas respecto dos criterios 6.2.b) e 6.2.d), mantendo o resultado final de 45,50 puntos, inferior ao 50% estimado como mínimo necesario nas bases da convocatoria para propoñer a concesión de subvención.



### III. RÉXIME COMPETENCIAL

De acordo co establecido no artigo 123 da LPACAP, a competencia para resolver é a do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, neste caso o Pleno da Deputación.

### CONCLUSIÓN

Polo exposto, propónse desestimar o recurso de reposición interposto polo Concello do Rosal contra o acordo número 4.8011 do Pleno da Deputación Provincial da sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023 no que se acordaba, entre outros extremos, a exclusión do referido concello do Programa PON2030 en atención a que o proxecto presentado non acadou o cincuenta por cento da puntuación total, confirmando o decidido na súa integridade.

De acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito, xunto á conclusión, no exercicio das competencias recollidas no art. 35 da LRBRL, no artigo 63 do ROFRXEL e as Bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do técnico facultativo integrante da Comisión de persoas expertas (CSV: OTK2PDEWDMLJ1GUT), da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: KYCTO1IFJVLBYUB) e da Secretaría Xeral (CSV: 2MDI3MS99PL14WHF), e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 08/09/2023 (CSV: GY57GG7O54JOAI4M), o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

- Desestimar o recurso de reposición interposto polo Concello do Rosal contra o acordo número 4.8011 do Pleno da Deputación Provincial da sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023 no que se acordaba, entre outros extremos, a exclusión do Concello do Rosal do Programa PON2030 en atención a que o proxecto presentado non acadou o cincuenta por cento da puntuación total, confirmando o decidido na súa integridade.

- Dar traslado do presente acordo ao Concello do Rosal, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

### 11.8034.- **DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO CONCELLO DE SOUTOMAIOR**





**CONTRA O ACORDO PLENARIO DE DATA 23 DE  
XUÑO DE 2023 (Nº4.8011) RELATIVO Á SÚA  
EXCLUSIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DO  
PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E  
DOTACIÓNS SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA  
AXENDA 2030 (PROGRAMA PON2030) (EXPTE.  
2023030379 - 2023058148)**

O debate deste punto prodúcese ó principio do punto 10 conxuntamente cos puntos 10 e 12.

Sr. Presidente.- Punto número 11. Desestimación do recurso de reposición interposto polo Concello de Soutomaíor contra o acordo plenario de data 23 de xuño de 2023 relativo á súa exclusión da concesión de subvención do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 (Programa PON2030). ¿Votos a favor? ¿Abstencións? Queda aprobado por 18 votos a favor.

## I. ANTECEDENTES

Primeiro. O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030. As ditas bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO núm. 46, do 07/03/2023.

Segundo. Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, de conformidade co pertinente procedemento (expediente 2023010533), mediante o acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra núm. 4.8011, adoptado na sesión extraordinaria urxente do 23 de xuño de 2023, aprobouse a concesión de subvencións a distintos concellos da provincia ao abeiro do Programa PON2030, excluíndose a solicitude de subvención realizada polo Concello de Soutomaíor para o investimento denominado “Peonalización da rúa de Portas e rúa Lavandeira, Arcade. Camiño de Santiago” por canto o proxecto presentado non acadaba o 50 % da puntuación total, de conformidade co indicado na base 6.1 da convocatoria.



Na data 27/06/2023 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo ao Concello de Soutomaior, constando á súa aceptación pola entidade local o día 28/06/2023 (CSV: L8PWB5N1BPPTETDK).

No dito expediente consta que o proxecto do ente municipal impugnante, Concello de Soutomaior, acadou un total de **32,91 puntos**, segundo a valoración realizada pola Comisión de persoas expertas na data 09/06/2023, resultado de sumar as seguintes puntuacións obtidas nos distintos apartados recollidos na base 6.2 “Criterios de valoración”:

6.2.a) Madurez de proxecto: 10,00 puntos.

6.2.b) Contribución a unha economía descarbonizada: 0,58 puntos.

6.2.c) Calidade do proxecto: 19,00 puntos.

6.2.d) Contribución á consecución dos obxectivos fixados na Axenda 2030 e nas políticas panca: 3,33 puntos.

Terceiro. Na data 26/07/2023 o Concello de Soutomaior presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro 2023015896) un recurso de reposición contra o citado acordo plenario ao non estar conforme coa puntuación obtida. O petitionario solicita que se revogue parcialmente o acordo impugnado e se proceda a ditar un novo acordo estimatorio da súa solicitude de subvención ao considerar que o seu proxecto acadaría unha puntuación de 74 puntos.

O concello recorre as puntuacións obtidas nos citados apartados 6.2.b), 6.2.c) e 6.2.d), considerando que debía ter obtido 30, 27 e 7 puntos, respectivamente.

Respecto ao apartado 6.2.b) o concello alega, entre outros, que *“a puntuación é insostible dende o momento e hora na que a definición dada no seu día sobre o que se entende por espazo peonil coincide plenamente co recollido no proxecto presentado e coa totalidade da superficie proxectada (...)”*.

En canto ao apartado 6.2.c) realiza a comparativa da puntuación outorgada coa obtida nun proxecto similar presentado na Deputación no ano 2021 para a convocatoria de subvencións do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon.



Respecto ao 6.2.d) tamén fai referencia á puntuación obtida no citado Programa ReacPon e alega que na actual convocatoria do Programa PON2030 reciben menor puntuación malia ter presentando un anexo máis detallado.

Cuarto. No expediente 2023030379, relativo á solicitude de subvención do Concello de Soutomaior, un técnico facultativo integrante da Comisión de persoas expertas, por ausencia do presidente da citada Comisión, emite o día 07/08/2023 un informe no que se estudan as alegacións e se detallan os criterios de puntuación aplicados e a puntuación obtida polo proxecto do Concello de Soutomaior, sen modificar a puntuación outorgada.

Quinto. O 08/08/2023 a xefa do Servizo de Cooperación emite informe técnico-xurídico informando en sentido desfavorable a estimación do recurso de reposición. Tamén consta no expediente Informe da Secretaría Xeral de data 10/08/2023 de non preceptividade de informe do referido servizo para a resolución do recurso.

## II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.



- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

### Consideracións xurídicas

Primeiro. O artigo 124.1 da LPACAP establece que *“o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fora expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.*

*Se o acto non fora expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto”.*

No presente caso, e dado que se trata dun acto expreso que pon fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación se produce en data 28/06/2023 e o recurso se presentou en data 26/07/2023.

Segundo. O artigo 112 da LPACAP esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.

O Concello de Soutomaior invoca a vulneración da Base Sexta, apartados 6.2.b), 6.2.c) e 6.2.d) do Programa PON2030, xunto cos artigos 24.3.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e 21.3.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Terceiro. A Base Sexta do Programa PON2030 recolle os catro criterios de valoración do proxecto, recollidos no apartado Segundo dos antecedentes.

En canto á Base 6.2.b), no citado informe técnico de data 07/08/2023 recóllese o seguinte:

“Desestimar no que respecta ao apartado 6.2.b) pola contribución a unha economía sostible, a consideración exposta no recurso de “espazo dedicado a usos diferentes á circulación de vehículos”, para a totalidade do ámbito de actuación.



En coherencia coas bases da convocatoria e entendendo, segundo o criterio da comisión técnica avaliadora, que os espazos que se poden encaixar nesta condición son os estritamente restrinxidos ao tráfico.

A referencia ás bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a redacción de Proxectos ou execución de obras de Mobilidade Amable e Recuperación de Espazos Públicos dos Concellos da Rede Ágora (BOPPO nº 37, de 24 de febreiro), expresada no recurso, supón unha indicación respecto de ditas bases, non sendo vinculante, nin idéntica á das bases da convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 (Programa PON2030), que constitúen a referencia a cumprir.

Se ben a base sexta da convocatoria indica: quedarán excluídas aquelas solicitudes que: Incumpran, no caso das actuacións de tipo 3, as determinacións da Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable e os Principios Ágora da Deputación Provincial de Pontevedra.

No caso presente, aínda cumprindo as determinacións de ambos, a esixencia da propia convocatoria establecendo o criterio de “espazo do ámbito de actuación dedicado a usos diferentes á circulación de vehículos” é maior e máis restritiva que a establecida na Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable e os Principios Ágora.

O proxecto presentado segue a combinar e manter a presenza do tráfico rodado, malia que se propón a súa redución. Cando nesta base 6.2.b) o que se prima é a contribución a unha economía descarbonizada mediante usos diferentes á circulación de vehículos e non combinados co uso peonil.

É certo que o programa Ágora e o programa PON2030 comparten algúns obxectivos, pero mentres no primeiro valóranse aquelas actuacións “que favorezan a convivencia de persoas e vehículos de forma harmónica”, no PON2030 o criterio e baremación contemplan os deseños de espazos de uso exclusivo para o peón.

Na devandita base 6.2.b) “pola contribución a unha economía sostible; pola porcentaxe de espazo dedicado a usos diferentes á circulación de vehículos” cuantifícase a superficie destinada exclusivamente (reiteramos exclusivamente) para uso peonil. E non se ten en conta polo tanto aquela superficie de uso compartido no que o vehículo segue presente.

Acontece que o proxecto en cuestión propón converter o vial nunha plataforma única de uso compartido para peóns, vehículos especiais, servizos e residentes. As solucións plantexadas no proxecto non impiden a circulación xeral para todo tipo de vehículos. É dicir, non se sinala como tal (plano nº 19 “Planta de sinalización”); nin se propón ningún tipo de impedimento para evitar o paso de todo tipo de vehículos (plano nº 10 “Sección tipo”); nin outras medidas de calmado de tráfico habituais nestes casos. Polo tanto, o cálculo deste apartado fíxose tendo en conta só a superficie das beirarrúas indicadas no proxecto como zonas de uso diferente á circulación de vehículos.



Así pois a valoración correspondente ao criterio 6.2.b) pola contribución a unha economía sostible segue a ser valorada con 0,58.”

Respecto da base 6.2.c), no informe técnico indícase:

“Desestimar a variación na valoración de puntuación obtida no que respecta ao apartado 6.2.c) calidade do proxecto. Sendo a calidade da descrición do estado actual, dos traballos previos, das solucións propostas, dos materiais e do detalle das solucións boas e a das propostas construtivas aceptables.

A determinación da calidade do proxecto é a establecida pola comisión técnica, e dado que se trata dun proceso de concorrencia competitiva, é principalmente a propia e inherente ao proxecto atendendo aos criterios da comisión técnica, se ben está afectada pola calidade do resto dos proxectos que optan á axuda na medida en que a comisión técnica determine, polo que a referencia a outros procesos de concorrencia competitiva (ReacPon) non é determinante en ningún caso.

A consideración de “proxecto case idéntico” referida no recurso, non é admisible, sendo proxectos diferentes. Cada proxecto vén determinado complementariamente, entre outras cousas, polo ámbito sobre o que actúan, as diferentes necesidades a resolver así como pola sensibilidade da persoa redactora.

O cumprimento das determinacións da Dirección xeral de patrimonio indican os “mínimos” acordos para a execución da obra, que certamente se deben respectar e que poden ser amplamente mellorados.

Non se observan no proxecto, referencias a posibles alternativas de plantexamento e/ou execución.

Así pois a valoración correspondente ao criterio 6.2.c) calidade do proxecto segue a ser valorada con 19,00.”

En canto á base 6.2.d), o técnico informa:

“Desestimar a motivación exposta no apartado cuarto no que respecta ao apartado 6.2.d). Consecución dos obxectivos fixados na Axenda 2030 e nas políticas panca, xustificadas polas persoas autoras do proxecto. Tal e como se expresaba no acordo do Pleno.

Por achegar só a memoria xustificativa dos principios Ágora.

Segundo recollen as bases: “para valorar este apartado deberán recollerse nunha memoria á parte aqueles aspectos e datos concretos que se substancien expresamente no proxecto e sexan relevantes, xunto coa xustificación do modo no que contribuirán á consecución dos ODS da Axenda 2030 e ás políticas panca do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, con referencia expresa aos ODS, ás metas e aos indicadores nos que se pretende influír, así como á descrición das actuacións que terán incidencia na mellora dos indicadores en relación coa situación de partida. En concreto, para a valoración deste apartado terase en conta a incidencia



na mellora dos indicadores relativos ao cumprimento dos ODS da Axenda 2030 española e as súas metas, e, de maneira especial, as que estean directamente relacionadas coas políticas panca do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, ponderándose o número de indicadores favorablemente afectados e o grao de mellora respecto á situación de partida, así como a aliñación e encaixe global dos obxectivos do proxecto dentro dos obxectivos da Axenda 2030 e, especialmente, o Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Exceptuaranse da valoración aqueles aspectos que xa fosen valorados no apartado b)”.

“Nas actuacións tipo 3 terase en conta tamén unha xustificación da contribución que esa actuación terá no concello para o cumprimento e fomento dos 10 Principios Ágora da Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público”.

Na documentación aportada, proxecto e anexos, só se incorpora, no proxecto, unha breve memoria xustificativa dos principios Ágora; sen atopar referencia xustificativa algunha nin á consecución dos obxectivos fixados na Axenda 2030 nin nas políticas panca.

Así pois a valoración correspondente ao criterio 6.2.d) consecución dos obxectivos fixados na Axenda 2030 e nas políticas panca e principios Ágora, segue a ser valorada con 3,33.”

Á vista do citado informe considérase a reafirmación das valoracións emitidas pola Comisión de persoas expertas, mantendo o resultado final de 32,91 puntos, inferior ao 50% estimado como mínimo necesario nas bases da convocatoria para propoñer a concesión de subvención.

### III. RÉXIME COMPETENCIAL

De acordo co establecido no artigo 123 da LPACAP, a competencia para resolver é a do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, neste caso o Pleno da Deputación.

### CONCLUSIÓN

Polo exposto, propónse desestimar o recurso de reposición interposto polo Concello de Soutomaior contra o acordo número 4.8011 do Pleno da Deputación Provincial da sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023 no que se acordaba, entre outros extremos, a exclusión do referido concello do Programa PON2030 en atención a que non acadou o cincuenta por cento da puntuación total, confirmando o decidido na súa integridade.

De acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito, xunto á conclusión, no exercicio das competencias recollidas no art. 35 da LRBRL, no artigo 63 do ROFRXEL e as Bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do técnico facultativo integrante da Comisión de



persoas expertas (CSV: OZF6RF8JG44KLYLQ), da xefa de Servizo de Cooperación (CSV: IQ0Q3JO862L0U7S6) e da Secretaría Xeral (CSV: 1C0SBGYUZGXP9X6), e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 08/09/2023 (CSV: GBPHEUUBP3IFGEO2), o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

- Desestimar o recurso de reposición interposto polo Concello de Soutomaior contra o acordo número 4.8011 do Pleno da Deputación Provincial da sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023 no que se acordaba, entre outros extremos, a exclusión do Concello de Soutomaior do Programa PON2030 en atención a que non acadaba o cincuenta por cento da puntuación total, confirmando o decidido na súa integridade.

- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Soutomaior, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.8035.- **DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA CONTRA O ACORDO PLENARIO DE DATA 23 DE XUÑO DE 2023 (Nº4.8011) RELATIVO Á SÚA EXCLUSIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 (PROGRAMA PON2030) (EXPTE. 2023030303 - 2023058150)**

O debate deste punto prodúcese ó principio do punto 10 conxuntamente cos puntos 10 e 11.

Sr. Presidente.- Punto número 12. Desestimación do recurso de reposición interposto polo Concello de Vilanova de Arousa contra o acordo plenario de data 23 de xuño de 2023 relativo á súa exclusión da concesión de subvencións do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 (Programa PON2030). ¿Votos a favor? ¿Abstencións? Queda aprobado por maioría de 18 votos.

## I. ANTECEDENTES





Primeiro. O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030. As ditas bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO núm. 46, do 07/03/2023.

Segundo. Unha vez recibidas e examinadas todas as solicitudes, de conformidade co pertinente procedemento (expediente 2023010533), mediante o acordo do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra núm. 4.8011, adoptado na sesión extraordinaria urxente do 23 de xuño de 2023, aprobouse a concesión de subvencións a distintos concellos da provincia ao abeiro do Programa PON2030, excluíndose a solicitude de subvención realizada polo Concello de Vilanova de Arousa para o investimento denominado “Renovación de instalacións de alumeadado exterior do Concello de Vilanova de Arousa” por canto non se acollía ao obxecto subvencionable por cada tipoloxía de actuación (base 6.1 da convocatoria) e tratábase da suma de actuacións dispersas (base Quinta da convocatoria).

Na data 27/06/2023 practícase desde o Servizo de Cooperación a notificación do citado acordo ao Concello de Vilanova de Arousa, constando a súa aceptación pola entidade local o día 28/06/2023 (CSV: Q0I69A7E92Z68YW4).

No dito expediente consta que na data 09/06/2023 a Comisión de persoas expertas acordou non proceder á valoración do proxecto de Vilanova de Arousa ao non axustarse a súa liña de actuación a ningún dos catro eixes específicos sinalados na base reguladora primeira (Obxecto) da convocatoria do Programa PON2030, os cales son nova edificación, rehabilitación de edificios existentes, espazos urbanos e residuos municipais; e, así mesmo, por incumprir o dito proxecto o especificado na base reguladora quinta (Financiamento e contía das subvencións) na que se sinala que *“Os concellos poderán presentar un único proxecto a calquera das liñas, para unha única actuación, que deberá ser continua e coherente. Non serán subvencionables aquelas actuacións que supoñan a suma de actuacións dispersas”*. Neste suposto trátase da suma de actuacións dispersas no ámbito territorial do municipio de Vilanova de Arousa.

Terceiro. Na data 27/07/2023 o Concello de Vilanova de Arousa presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023045746) un recurso de



reposición contra o citado acordo plenario e solicita a revisión da súa proposta técnica, que se revoque o dito acordo e que se dite un novo no que se aprobe a concesión da axuda solicitada.

O concello alega, en primeiro lugar, que o proxecto presentado se dirixe á renovación do alumado exterior do concello, coa finalidade de mellorar a eficiencia e aforro enerxético, e que este obxecto encaixa co indicado nas bases reguladoras para as actuacións de tipo 1.

Tamén considera que encaixa como actuación de tipo 1 ao recibir un requirimento de emenda da solicitude realizado por parte de Deputación, no que non se poñía en dúbida que a súa solicitude non encaixase en ningún dos catro tipos de actuación posibles.

E en segundo lugar, alega que a actuación prevista non é a suma de actuacións dispersas no ámbito territorial municipal senón que é unha intervención específica sobre unha instalación municipal, o alumado público, que pola súa propia natureza se estende por distintas zonas do municipio, cun carácter discontinuo (que non disperso).

Cuarto. No expediente 2023030303, relativo á solicitude de subvención do Concello de Vilanova de Arousa, un técnico facultativo integrante da Comisión de persoas expertas, por ausencia do presidente da citada Comisión, emite o día 08/08/2023 un informe (CSV: JTVZWTVE8CROOZ74) no que se estudan as alegacións e se lles dá cumprida resposta.

Quinto. O 08/08/2023 a xefa do Servizo de Cooperación emite informe técnico-xurídico informando en sentido desfavorable a estimación do recurso de reposición. Tamén consta no expediente informe da Secretaría Xeral de data 10/08/2023 de non preceptividade de informe do referido servizo para a resolución do recurso.

## II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

### Consideracións xurídicas

Primeiro. O artigo 124.1 da LPACAP establece que *“o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fora expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.*

*Se o acto non fora expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto”.*

No presente caso, e dado que se trata dun acto expreso que pon fin á vía administrativa, si cabe a posibilidade de presentar recurso de reposición, o cal se presenta en prazo, xa que a aceptación da notificación se produce en data 28/06/2023 e o recurso se presentou en data 27/07/2023.

Segundo. Respecto ás alegacións presentadas en primeiro lugar, nas que se considera que o proxecto se axusta ao obxecto das actuacións de tipo 1, por tratarse dunha mellora da eficiencia enerxética, a Comisión de persoas expertas acordou que non se axustaba a súa liña de actuación a ningún dos catro eixes específicos sinalados na base reguladora primeira (Nova edificación, rehabilitación de edificios existentes, espazos urbanos e residuos municipais). En



concreto, as actuacións de tipo 1 consisten na rehabilitación de edificios e instalacións municipais, e neses proxectos poderán contemplarse solucións de mellora de eficiencia enerxética.

Na citada base primeira especificase o seguinte, respecto das actuacións de tipo 1 á que se acolle a solicitude do Concello de Vilanova de Arousa: *“Rehabilitación de edificios e instalacións municipais para uso social, cultural, deportivo, turístico e de lecer, de infancia e mocidade, de atención a vítimas de violencia de xénero, de elementos de interese patrimonial e os destinados a uso institucional e administrativo (...)”* .

Neste caso, a renovación da instalación municipal de alumado exterior non é unha rehabilitación de edificación existente nin pode considerarse que encaixe en ningún dos usos citados no parágrafo anterior.

Neste mesmo senso pronúnciase o informe do técnico facultativo integrante da Comisión de persoas expertas (CSV: JTVZWTVE8CROOZ74) do 08/08/2023: “Desestimar a motivación exposta polo concello. O proxecto presentado non se axusta a ningún dos obxectos da convocatoria.

Actuacións de tipo 1: Rehabilitación de edificios e instalacións municipais para uso social, cultural, deportivo, turístico e de lecer, de infancia e mocidade, de atención a vítimas de violencia de xénero, de elementos de interese patrimonial e os destinados a uso institucional e administrativo, valorizando así os recursos locais xa existentes, con parámetros de innovación, sostibilidade, dixitalización e uso de enerxías alternativas. Mellora da eficiencia enerxética, da conectividade, da dixitalización e da accesibilidade para fomentar a igualdade de oportunidades entre o rural-urbano e garantir dereitos e servizos especialmente nas áreas de coidados de menores, cultura, deporte e dinamización social.

A descrición das actuacións elixibles do Tipo 1 ten como obxectivo incluír todos os inmobles posibles en canto a usos no ámbito municipal e os de eficiencia enerxética. Polo tanto, non é válido o “desagregado” da descrición e considerar por unha banda que pode aplicarse a un inmovle e por outra a calquera instalación que mellore a eficiencia enerxética. A descrición finaliza coa frase “... e garantir dereitos e servizos especialmente nas áreas de coidados de menores, cultura, deporte e dinamización social” o que reforza a finalidade desta Liña 1 de actuar en inmobles dunha forma conxunta e completa nos aspectos dos seus usos actuais o futuros e da súa eficiencia enerxética.

Por outra banda a fórmula utilizada para a baremación desta Liña utiliza os datos obtidos a partir dos certificados enerxéticos do edificio no seu estado actual e o final, datos solo posibles no caso de inmobles. Segundo o Apartado 6.2.b) das bases da Convocatoria:



Actuacións de tipo 1: porcentaxe de mellora da eficiencia enerxética que se alcance coa actuación, cuantificado como a mellora no indicador de emisións de dióxido de carbono en kg. CO<sub>2</sub>/m<sup>2</sup> ano.

Os datos do estado previo obteranse da certificación enerxética do edificio existente no seu estado actual, co contido establecido no artigo 6 do procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, aprobado polo Real decreto 390/2021, de 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, suscrita pola técnica ou técnico competente e incluída no rexistro do órgano competente da comunidade autónoma.

Os datos do estado definitivo obteranse do certificado enerxético do proxecto do edificio acadado tras a reforma proposta para a que se solicita a subvención, segundo o Real decreto 390/2021, de 1 de xuño, con respecto á cualificación enerxética inicial do edificio ou equivalente, asinado por unha técnica ou técnico competente; non será necesario que este certificado enerxético estea incluído no rexistro do órgano competente da comunidade autónoma.

A solicitude non constitúe unha rehabilitación de edificio ou instalación municipal e non se acomoda aos obxectivos propostos nas actuacións de tipo 1.

En canto ás actuacións elixibles para a Liña 2:

Actuacións de tipo 2: Construción de novos equipamentos e dotacións, con edificios ou instalacións sostibles e intelixentes, ademais de novas actuacións ambientalmente sostibles para asegurar os servizos que impulsen a cohesión territorial, cos mesmos obxectivos/parámetros das actuacións de tipo 1.

Permitirase a realización de actuacións complementarias de saneamento, abastecemento ou calquera outra relacionada directamente coa xestión integral do ciclo da auga, cando sexan imprescindibles para asegurar a funcionalidade do elemento principal do novo equipamento.

A solicitude non constitúe unha nova construción de equipamento, dotación ou instalación, polo que non se acomoda aos obxectivos nas actuacións de tipo 2.

En canto ás actuacións elixibles para a Liña 3:

Actuacións de tipo 3: Recuperación, mellora, urbanización ou reurbanización de espazos públicos co obxectivo de darlles un uso plural, amable, e de fomentar a estancia e as mobilidades alternativas, na liña de cumprimento dos Principios Ágora, establecidos pola Deputación de Pontevedra na Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público.

A solicitude non constitúe unha mellora, urbanización ou reurbanización de espazos públicos, polo que non se acomoda aos obxectivos nas actuacións de tipo 3.

En canto ás actuacións elixibles para a Liña 4:

Actuacións de tipo 4: Adquisición, posta en funcionamento do material necesario para dar cumprimento das obrigas e obxectivos determinados pola Lei 7/2022, de 8 de abril, de



Residuos e solos contaminados para unha economía circular, incluídos a súa instalación e repartimento, de ser o caso.

A solicitude non constitúe unha adquisición ou posta en funcionamento de material para dar cumprimento as obrigas e obxectivos determinados pola Lei 7/2022, de 8 de abril, de Residuos e solos contaminados para unha economía circular, incluídos a súa instalación e repartimento e, polo que non se acomoda aos obxectivos nas actuacións de tipo 4.

A actuación proposta supón a substitución e/ou incorporación de novos elementos do sistema de iluminación pública, báculos, luminarias, cableado, cadros e aparamenta complementaria, en diversos viais do concello, de modo disgregado e sen unha apreciación de actuación unitaria.”

A maior abundamento, de acordo co establecido no artigo 3.1 do Código Civil: *“As normas interpretaranse segundo o sentido propio das súas palabras, en relación co contexto, os antecedentes históricos e lexislativos, e a realidade social do tempo en que han de ser aplicadas, atendendo fundamentalmente ao espírito e finalidade de aquelas”*. Así pois, en relación ao obxecto, os tipos de actuación veñen definidos nas bases reguladoras de xeito integral, é dicir, especificamente na base primeira e no contexto interpretativo recollido na totalidade do resto do texto das bases reguladoras. A lectura parcial, independente e excluín-te dunha parte do texto, conlevaría o que lle aconteceu ao Concello de Vilanova de Arousa, que fixo unha interpretación illada das actuacións que serán subvencionables, sen ter en conta o sentido real da base que é meridianamente claro, xa que as actuacións tipo 1 en todo momento se refiren a rehabilitación de edificios e así o demostra a fórmula de baremación, que non está pensada para valorar actuacións como a presentada pola entidade municipal.

Neste senso, o parágrafo cuarto da base primeira indica expresamente en relación as actividades subvencionables que *“Artículanse como unha batería de liñas de actuación sobre catro eixes específicos (nova edificación, rehabilitación de edificios existentes, espazos urbanos e residuos municipais) que baixo o marco da sostibilidade contribúan á dinamización socioeconómica e á integración social desde o punto de vista económico, social e de xénero, estando aliñadas coas actuais prioridades da Unión Europea”*. Cada un destes eixes correspóndese cunha das catro actuacións permitidas, non permitíndose ningunha outra, e tal e como se sinala na base 6.1., *“quedarán excluídas aquelas solicitudes que non se acollan ao obxecto subvencionable por cada tipoloxía de actuación”*. Por tanto, as actuacións subvencionables tipo 1, que é a tipoloxía á que se acolle a solicitude do Concello de Vilanova de Arousa, non inclúen a proposta polo concello, que consiste puramente na renovación do alumeado exterior, razón pola que procede a súa exclusión.

Terceiro. En canto a que non se poñía en dúbida por parte do Servizo de Cooperación que a solicitude non encaixaba en ningún dos catro tipos de actuación posibles, ao recibir un requirimento de emenda da solicitude na data 05/05/2023, cómpre sinalar que nese requirimento se indicaba que se refería soamente á mellora da documentación administrativa achegada e, así mesmo, constaba expresamente que a documentación técnica estaba pendente de supervisión polos técnicos do Servizo de Cooperación.



Requiríase, entre outros, que “*Na solicitude aparece marcado no apartado de “Liñas de actuación” que a actuación é de tipo 1, pero os importes e porcentaxes recollidos na solicitude corresponden cunha actuación de tipo 3. Debe rectificarse a solicitude, ou ben comunicando que a actuación é de tipo 3, ou ben, se é de tipo 1, corrixindo os importes e porcentaxes da solicitude, así como os importes recollidos no decreto de solicitude de axuda e no anexo III (certificación da persoa secretaria) (...)*”. O concello era quen debía indicar se a súa actuación era de tipo 1 ou 3, xa que neste Servizo de Cooperación, no que respecta á documentación administrativa, comprobouse que o impreso de solicitude non estaba ben cuberto pola incongruencia entre o tipo de actuación sinalado e a porcentaxe da achega mínima municipal que recollen as bases.

Cuarto. Respecto á outra alegación, relativa a que o proxecto incumpre a base 5ª ao tratarse dunha suma de actuacións dispersas no ámbito territorial municipal, tal e como o acordou a Comisión de persoas expertas, debe desestimarse tamén pois estudáronse os planos do proxecto e comprobouse a dispersión das actuacións.

En canto ás alusións feitas aos proxectos presentados polos concellos de Cambados e Poio cómpre sinalar que as súas propostas non foron obxecto de subvención na convocatoria do Programa PON2030.

Neste mesmo senso se pronuncia o citado informe do técnico facultativo integrante da Comisión de persoas expertas do 08/08/2023:

“Respecto á caracterización da actuación como “dispersa” por parte da Comisión de persoas expertas obedece á aplicación da definición indicada nas Bases no seu apartado Quinto “Financiamento e contía das subvencións”, onde di que: “Os concellos poderán presentar un único proxecto a calquera das liñas, para unha única actuación, que deberá ser continua e coherente. Non serán subvencionables aquelas actuacións que supoñan a suma de actuacións dispersas.”

Entende a Comisión que o ámbito da actuación proposto constitúe unha suma de actuacións dispersas que incluso poderían ser contratadas e executadas de forma individual sen afectar a calquera das outras zonas de actuación nin o resultado final do conxunto das actuacións.

No caso das propostas dos concellos de Cambados e o de Poio (excluídos por non chegar ós 50 puntos) entende esta Comisión que non é válida a comparativa por tratarse de actuacións encadradas na Liña 3 (que fomenta o aumento do espazo dedicado aos peóns, bastante diferente ao obxectivo da Liña 1); e por actuar nunha zona concreta do ámbito urbán no caso de Cambados, e nun vial concreto no caso de Poio, que en ámbolos dous casos non se estenden por distintos puntos do territorio municipal.”

### III. RÉXIME COMPETENCIAL

De acordo co establecido no artigo 123 da LPACAP, a competencia para resolver é a do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, neste caso o Pleno da Deputación.



## CONCLUSIÓN

Polo exposto, propónse desestimar o recurso de reposición interposto polo Concello de Vilanova de Arousa contra o acordo número 4.8011 do Pleno da Deputación Provincial da sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023 no que se acordaba, entre outros extremos, a exclusión do referido Concello do Programa PON2030 en atención a que o seu proxecto non se acollía ao obxecto subvencionable por cada tipoloxía de actuación e tratábase da suma de actuacións dispersas, confirmando o decidido na súa integridade.

De acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito, xunto á conclusión, no exercicio das competencias recollidas no art. 35 da LRBRL, no artigo 63 do ROFRXEL e as Bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do técnico facultativo integrante da Comisión de persoas expertas (CSV: JTVZWTVE8CROOZ74), da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: C5R2ZLTJD7R3QJGQ) e da Secretaría Xeral (CSV: 4SWG9BIHL5CL55MI), e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 08/09/2023 (CSV: GRD7HFTLAX6Q2RBP), o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

- Desestimar o recurso de reposición interposto polo Concello de Vilanova de Arousa contra o acordo número 4.8011 do Pleno da Deputación Provincial da sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023 no que se acordaba, entre outros extremos, a exclusión do Concello de Vilanova de Arousa do Programa PON2030 en atención a que o seu proxecto non se acollía ao obxecto subvencionable por cada tipoloxía de actuación e tratábase da suma de actuacións dispersas, confirmando o decidido na súa integridade.

- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Vilanova de Arousa, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.8036.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE TUI DA EP-3002 ACCESO A MALVAS, DA EP-3004 ACCESO Á IGREXA DE CALDELAS, DUN TREITO DA EP-2502 CERQUIDO - RIBADELOURO E DUN TREITO ANTIGO DA EP-**





**2502 CERQUIDO – RIBADELOURO (EXPTE.  
2021007016)**

Sr. Presidente.- Os puntos 13, 14, 15 e 16, igualmente que os anteriores, tamén os voceiros chegaron ao acordo dun debate único, non sei se hai palabra e votación individual punto por punto. Non sei se queren tomar a palabra os voceiros neste. Ben, entón vamos a proceder ..., non sei se D. César Mosquera, ¿que?, ten a palabra D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Este Pleno, orde do día e demais, é unha constatación, as intervencións e demais, dunha certa disintonía, que agardo que ese incipiente desapareza no funcionamento do goberno. E explícome, resulta que aquí parece que hai deputados ou deputadas, que conoían como funciona isto, conoía como se funcionaba e polo tanto chegaron coa mirada normal, limpa, sen sospeitas, e dixeron, bueno, para adiante; e entón resulta que Cooperación e Infraestruturas pois son as que enchen o Pleno porque non chegaron pensando como outra parte do goberno en que, ¿que maldades hai detrás?, ¿que facemos?, temos que cambiar, a ver si cambio non sei que, bueno, pararon todo ata novo aviso, polo que se ve, ata novo, en fin, aclaración vai, non vai, non sei que, e tal, co cuál párase, párase todo. Aquí son unhas, os convenios que hai que efectivizar, que non é, que é fácil pero que hai que facelo, ou non é fácil; de feito hai algúns de hai anos que non se deron efectivizado a transferencia, ¿non?, aos concellos e que os concellos é moi, asínano nos convenios pero despois cando chega este punto pois prefiren, ¿verdá?, facer o avión e non collelos, cando o teñen asinado, e bueno, pois que se faga isto é un paso máis da racionalización das estradas provinciais e evitar follóns sobre todo aos veciños e ao sostemento, porque se sigue sendo provincial entón para calquera cousa teñen que pedir permiso aquí, para construír, o concello para meter un tubo, para non metelo, etc., é que á parte están urbanizados e entón o lóxico é que os concellos se encarguen, que en principio as cuestións de urbanización pois débena levar os concellos. É o que quería dicir. Vamos votar a favor.

Sr. Presidente.- Moitas grazas. Vamos entón proceder á votación.

Punto número 13. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Tui da EP-3002 acceso a Malvas, da EP-3004 acceso á igrexa de Caldelas, dun treito da EP-2502 Cerquido-Ribadelouro e dun treito antigo da EP-2502 Cerquido-



Ribadelouro. ¿Votos a favor? ¿Abstencións? Queda aprobado pola maioría de 18 votos.

Antecedentes:

O Concello de Tui e a Deputación de Pontevedra asinaron o 5 de xullo de 2021 un Convenio de colaboración para a execución do “Proxecto de mellora da seguranza viaria na EP-2502 Cerquido–Ribadelouro, dende o p.q. 1+950 ata o p.q. 2+150”.

Conforme á súa cláusula quinta 4) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao concello dos seguintes treitos:

- EP-3004 acceso Igrexa de Caldelas.
- EP-3002 acceso a Malvas.
- EP-2502, treito de 170 metros dende o p.q. 1+970 ao p.q. 2+140.
- EP-2502 treito antigo de 106 metros á altura do p.q. 2+270.

Así mesmo de acordo co estipulado na cláusula sexta 5) do convenio, a Deputación obrigouse a solicitar a transferencia da vía municipal de 275 metros de lonxitude que se inclúe no ámbito de actuación do convenio e que dá continuidade á EP-2502 ao seu paso por Ribadelouro, dende o p.q. 1+970 ao p.q. 2+140.

Os servizos técnicos e o director de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente ao respecto dos cambios de titularidade obxecto deste informe-proposta.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPCAG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014(LCSP).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (RRXFALHN).

## 2ª Motivación.

O 18 de abril de 2023 os servizos técnicos e o director de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente os cambios de titularidade a favor do Concello de Tui e da Deputación de Pontevedra previstos no convenio (informe CSV: J5NPHVSFZQPCN7LJ). Neste informe xustifícanse os cambios de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinálase que:

“O treito do p.q. 1+950 ao 2+150 da EP-2502 Cerquido–Ribadelouro logo da execución das obras previstas no proxecto de “Mellora da seguranza viaria na EP-2502 Cerquido–Ribadelouro, dende o p.q. 1+950 ata o p.q. 2+150” que consistiron principalmente na execución dunha plataforma única de convivencia con prioridade peonil, sen delimitación viaria, nin de carrís de circulación do tráfico motorizado propiciou que deixara de ter a consideración de estrada prevista fundamentalmente para a circulación de vehículos automóbiles, acadando, coa nova configuración física e redeseño técnico, a funcionalidade de vía urbana integrada na rede interior de comunicacións das poboacións do ámbito de Ribadelouro.

Neste ámbito atópase o viario municipal con referencia RI-01066 segundo o Inventario Xeral e do Patrimonio do Concello de Tui / Inventario de Vías e Camiños municipais do Concello de Tui aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal en sesión de data 30 de xullo de 2020, este viario, ten 275 metros de lonxitude, atópase dentro do ámbito de actuación e é mellorado polo antedito proxecto na súa capacidade viaria e potenciado no seu carácter e funcionalidade de viario interurbano logo de que se establecesen dous carrís de



circulación de 3,20 metros de ancho e unha beirarrúa peonil de 2,50 metros de ancho, ademais, o referido proxecto prevé a mellora do trazado viario na curva ao norte, pasando a ter un radio interior de 15 metros e exterior de 21,40 metros, polo que deste xeito acada as características técnicas para ser considerado un viario provincial ao servizo das comunicacións interurbanas de circulación de vehículos automóbiles.

O redeseño técnico e funcional deste treito de viario municipal e o seu posterior cambio de titularidade do concello á Deputación permite dar continuidade ao viario provincial EP-2502 Cerquido–Ribadelouro aos efectos de dispor o cambio de titularidade da Deputación ao Concello de Tui do treito da EP-2502 comprendido entre o p.q. 1+970 ao p.q. 2+140, dando así cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, logo de que se mantén o servizo público viario existente e se dá unha nova continuidade ao itinerario da estrada provincial.

Nesta mesma estrada provincial atópase no p.q. 2+270 o inicio dun treito antigo de 106 metros de lonxitude, este treito, consecuencia dunha anterior mellora do trazado da estrada, xa non forma parte do itinerario principal da estrada, e, en consecuencia, non ten as características propias dunha estrada provincial, senón de elemento funcional para o acceso aos predios e vivendas lindeiras, en virtude da letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Polo que respecta á estrada provincial EP-3002 acceso a Malvas, ten o seu inicio na estrada de titularidade autonómica PO-340 e discorre nunha lonxitude de 1.805 metros ata o pequeno núcleo poboacional de Malvas, trátase dunha estrada cuxa única funcionalidade é a de dar acceso aos predios e vivendas deste núcleo, estando polo tanto desvinculada do entramado viario interurbano.

Do mesmo xeito, a EP-3004 acceso á Igrexa de Caldelas é unha estrada que parte da estrada de titularidade autonómica PO-404 ata o p.q. 3+900 da estrada provincial EP-2505 Salceda–Caselas non tendo a funcionalidade de unión e vertebración das comunicacións interurbanas senón que é un viario de carácter, tipoloxía e servizo propio do viario interior de comunicación das poboacións locais de funcionalidade municipal.



Así pois, logo das referidas intervencións de mellora da mobilidade peonil e da seguridade viaria na EP-2502 Cerquido–Ribadelouro consistentes na execución dunha plataforma única de convivencia de prioridade peonil, logo da funcionalidade de treito antigo da EP-2502 Cerquido–Ribadelouro con inicio no p.q. 2+270, e dada conta da funcionalidade, características técnicas e realidade física actual das estradas provinciais EP-3002 acceso a Malvas e EP-3004 acceso á Igrexa de Caldelas, considérase que todas estas estradas ou treitos de estradas xa non teñen o carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario urbano ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.

E logo que o viario municipal RI-01066 foi mellorado polo antedito proxecto no seu trazado e na súa capacidade viaria, potenciando o seu carácter e funcionalidade de viario interurbano permitíndolle acadar as características técnicas para ser considerado un viario provincial ao servizo das comunicacións interurbanas de circulación de vehículos automóbiles.

Por todo o anterior, e dada conta que con estes cambios de titularidade o Concello de Tui poderá garantir un mellor mantemento e explotación destas estradas ou treitos de estradas, de carácter e funcionalidade municipal e co obxecto de contribuír a facilitar unha completa adaptación das mesmas á súa realidade funcional, así como para levar un control máis directo sobre elas para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público, e que segundo o antedito, o viario municipal RI-01066 cumpre os requisitos da Deputación de Pontevedra para ser integrado na súa rede viaria”.

3ª Valor patrimonial das vías obxecto de transferencia.

Os servizos técnicos e o director de Infraestruturas e Vías Provinciais estimaron o valor patrimonial das vías obxecto de transferencia (informe de 18 de abril de 2023/CSV T902WFPSVMWET012 ) segundo se detalla:

“Para o cálculo do Valor Patrimonial pártese dun Valor de Reemprazamento de km. rede de estrada convencional con sección tipo da plataforma de 9 metros de ancho.



Posteriormente aplícanse factores de corrección para adecuarse ao ancho real da sección tipo da plataforma da estrada a valorar e para ter en conta a súa depreciación, segundo o seu estado e considerando se foi obxecto recentemente de actuacións de conservación e mantemento.

Finalmente obtense o valor patrimonial segundo a lonxitude da estrada ou treitos de estrada.”

En base ao anterior, considérase como Valor Patrimonial Global da EP-3002 acceso a Malvas, da EP-3004 acceso á Igrexa de Caldelas, do treito dende o p.q. 1+970 ao p.q. 2+140 da EP-2502 Cerquido–Ribadelouro e do treito antigo da EP-2502 Cerquido–Ribadelouro con inicio no p.q. 2+270, a cantidade de SEIS MILLÓNS CATROCENTOS SESENTA E SETE MIL OITOCENTOS SESENTA E UN EUROS (6.467.861€).

Do mesmo xeito, e para o vial municipal denominado RI-01066, proposto para o cambio de titularidade á Deputación de Pontevedra, que ten o seu inicio no p.q. 1+970 e remata no p.q. 2+140 da EP-2502 Cerquido–Ribadelouro, considérase un Valor patrimonial de SEISCENTOS NOVENTA E CINCO MIL CENTO TRINTA E NOVE EUROS (695.139€).

4ª Administración competente para a aprobación dos cambios de titularidade e procedemento.

O artigo 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establece que os cambios de titularidade de estradas, ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG 18.3 do RXEG os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e serán efectivos dende o día seguinte ao da súa publicación.

A formalización realizarase mediante acta de entrega subscripta polas administracións interesadas (art. 18.6 RXEG). De ser o caso de que no prazo de tres meses dende a publicación do decreto de aprobación do cambio de titularidade, non se asinase a acta de entrega polas administracións cedente e



cesionaria, abondará con que a primeira a asine unilateralmente, facendo constar o ofrecemento formal, para entender formalizada a cesión para os efectos derivados da mesma (art. 18.7 RXEG). As actas de entrega publicaranse no DOG e no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), para os efectos do seu coñecemento por terceiros.

Polo que respecta aos acordos previos de conformidade coas administracións afectadas, a lexislación de réxime local non regula especificamente a transmisión da titularidade de bens e dereitos demaniais sen desafectación recollida no artigo 29 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable ás entidades locais segundo dispón a súa disposición adicional segunda.

Non se trata da transferencia de funcións nin de actividades, nin da translación da titularidade de bens patrimoniais á que está especificamente referida a cesión gratuíta de bens e adquisicións de bens reguladas polo RBEL, dado que non se modifica o destino público dos bens. Así mesmo, estes procedementos están excluídos da regulación sobre contratación pública, toda vez que o propio artigo 9 da LCSP remite á lexislación sobre bens de cada unha das AAPP. Igualmente non é aplicable a normativa contractual do sector público aos convenios que a súa vez están expresamente excluídos do ámbito de aplicación da LCSP (art. 3).

A falta de concreción da atribución do órgano competente, e acudindo ao principio de supletoriedade, a LCSP –disposición adicional segunda 10) atribúe ao Pleno a competencia para a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas á Alcaldía ou á Presidencia; o art.33. 2. ñ) en relación ao 47.2 ñ) da LBRL e 107 1.k) e 215 2.m) da LALGA- establece que lle corresponden ao Pleno da Deputación as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial.

De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais. Non se establece nada, nesta disposición, ao respecto do quórum necesario para a aceptación da cesión.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno da Deputación a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como



o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Os anteditos informes foron emitidos favorablemente en data 8 e 19 de xuño de 2023 respectivamente.

Polo que antecede, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

Primeiro. Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Tui dos treitos de estradas provinciais que se relacionan a continuación, os cales se incorporarán á relación de estradas de titularidade do Concello de Tui, segundo se establece no artigo 10.6 da LEG:

- . EP-3004 acceso Igrexa de Caldelas.
- . EP-3002 acceso a Malvas.
- . EP-2502, treito de 170 metros dende o p.q. 1+970 ao p.q. 2+140.
- . EP-2502 treito antigo de 106 metros á altura do p.q. 2+270.

Segundo. Manifestar a conformidade da Deputación coa transferencia da titularidade do vial municipal denominado RI-01066, que ten o seu inicio no p.q. 1+970 e remata no p.q. 2+140 da EP-2502 Cerquido–Ribadelouro.

Terceiro. Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura das correspondentes actas de entrega entre o Concello de Tui e a Deputación de Pontevedra.

Cuarto. Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da LEG e 18 do RXEG e notificarlle o presente acordo ao Concello de Tui.

#### 14.8037.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DA ILLA DE AROUSA**





**DUN TREITO DA EP-9803 EMBARCADOIRO –  
CENTRO E DE DOUS TREITOS ANTIGOS, UN NA  
EP-9801 PONTE – AS LAXES E OUTRO NA EP-9802  
ESTRADAS DAS ACEÑAS (EXPTE. 2021003954)**

O debate deste punto prodúcese ó principio do punto 13 conxuntamente cos puntos 13, 15 e 16.

Sr. Presidente.- Punto número 14. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello da Illa de Arousa dun treito da EP-9803 Embarcadoiro-Centro e de dous treitos antigos, un na EP-9801 Ponte-A Laxes e outro na EP-9802 estrada das Aceñas. ¿Votos a favor? ¿Abstencións? Queda aprobado por maioría de 18 votos.

Antecedentes:

O Concello da Illa de Arousa e a Deputación de Pontevedra asinaron o 16 de xullo de 2021 un Convenio de colaboración para a execución do “Proxecto de urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida de Castelao, EP-9803”.

Conforme á súa cláusula quinta 5) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao concello dos seguintes treitos:

- EP-9801. Ponte - As Laxes, treito antigo de 74 m. de lonxitude en PQ 0+000.
- EP-9802. Estrada das Aceñas, treito antigo de 84 m. de lonxitude en PQ 0+000.
- EP-9803 Embarcadoiro – Centro, do PQ 0+430 ó PQ 1+167.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.



## 2ª Motivación.

O 17 de abril de 2023 os servizos técnicos e director de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a favor do Concello da Illa de Arousa e estimaron o valor patrimonial das vías obxecto da presente proposta de cambio de titularidade en tres millóns cincocentos trinta e un mil oitocentos cincuenta euros (3.531.850,00€).

No informe emitido motívase o cambio de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinalase que:

“O treito do p.q. 0+430 ao p.q. 1+167 da EP-9803 Embarcadoiro–Centro, denominado polo rueiro municipal como Avenida de Castelao, discorre de xeito íntegro por solo coa clasificación urbanística de solo urbano, dende o cruce coa EP-9801 Ponte-As Laxes (denominada no rueiro municipal como avenida da Ponte) e a rúa Torre ata a casa do concello, no centro urbano da Illa de Arousa, sendo este un treito totalmente asimilable ás rúas urbanas logo da súa total integración nunha malla urbana consolidada que conta con todos os servizos urbanísticos e marxes con beirarrúas e edificacións en aliñacións consolidadas.

Ademais, logo da execución das obras de humanización e mellora da mobilidade peonil previstas no proxecto de “Proxecto de urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castelao EP-9803, Concello da Illa de Arousa” este treito da estrada profundizou máis na súa configuración física e funcionalidade tipolóxica de vía urbana ou rúa interior de tipo municipal.

Esta proposta de cambio de titularidade mantén, á vez, o servizo público viario existente e a continuidade dos itinerarios dos que forman parte logo que o itinerario provincial mantense polo entronque e conexión existente entre a EP-9803 Embarcadoiro–Centro e a EP-9801 Ponte-As Laxes, aos efectos de dar cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Por outra parte, os dous treitos antigos da EP-9801 Ponte-As Laxes e da EP-9802 Estrada das Aceñas, son consecuencia dunha mellora no trazado polo que xa non forman parte do itinerario principal da estrada, e, en consecuencia, non teñen as características propias dunha estrada provincial, senón de elemento funcional para o acceso aos predios e vivendas lindeiras, en virtude da letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.



Así pois, logo das intervencións de mellora da mobilidade peonil e de recuperación de espazos públicos para ás persoas e os peóns feitas na EP-9803 Embarcadoiro–Centro dende o p.q. 0+430 ao p.q. 0+910 e logo da funcionalidade de treito antigo dos dous treitos ao inicio da EP-9801 Ponte–As Laxes e da EP-9802 Estrada das Aceñas, e dada conta da realidade física actual destes treitos, considérase que xa non teñen o carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario urbano ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.

Por todo o anterior, e logo que con estes cambios de titularidade o Concello da Illa de Arousa poderá garantir un mellor mantemento e explotación destes treitos de estradas, de carácter e funcionalidade municipal e co obxecto de contribuír a facilitar unha completa adaptación das mesmas a súa realidade funcional, así como para levar un control máis directo sobre elas para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público”.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

Trátase da modificación na titularidade do treito inicial da estrada provincial EP-9803 Embarcadoiro–Centro, de 737 metros de lonxitude e dos treitos antigos das estradas provinciais EP-9801 Ponte–As Laxes, de 74 metros de lonxitude e EP-9802 Estrada das Aceñas, de 84 metros de lonxitude.

O artigo 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establece que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG 18.3 do RXEG os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e serán efectivos dende o día seguinte ao da súa publicación.



A formalización realizarase mediante acta de entrega subscripta polas administracións interesadas (art. 18.6 RXEG). De ser o caso de que no prazo de tres meses dende a publicación do decreto de aprobación do cambio de titularidade, non se asinase a acta de entrega polas administracións cedente e cesionaria, abondará con que a primeira a asine unilateralmente, facendo constar o ofrecemento formal, para entender formalizada a cesión para os efectos derivados da mesma (art. 18.7 RXEG). As actas de entrega publicaranse no DOG e no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), para os efectos do seu coñecemento por terceiros.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno da Deputación as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno da Deputación a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4. 1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Os anteditos informes foron emitidos favorablemente en data 8 e 24 de maio de 2023 respectivamente.

Polo indicado, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello da Illa de Arousa dos seguintes treitos de estradas provinciais:

- EP-9801. Ponte-As Laxes, treito antigo de 74 m. de lonxitude en PQ 0+000.
- EP-9802. Estrada das Aceñas, treito antigo de 84 m. de lonxitude en PQ 0+000.
- EP-9803 Embarcadoiro–Centro, do PQ 0+430 ó PQ 1+167.



Ditos viarios incorpóranse á relación de estradas de titularidade do Concello da Illa de Arousa, tal e como se sinala no artigo 10.6 da LEG.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da LEG e 18 do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello da Illa de Arousa e a Deputación de Pontevedra.

15.8038.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE MARÍN DA EP-1205, ACCESO Á PRAIA DE AGUETE E DO TREITO FINAL DA EP-1204 ACCESO Á PRAIA DE LOIRA (EXPT. 2021035022)**

O debate deste punto prodúcese ó principio do punto 13 conxuntamente cos puntos 13, 14 e 16.

Sr. Presidente.- Punto número 15. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Marín da EP-1205, acceso á praia de Aguete e do treito final da EP-1204 acceso á praia de Loira. ¿Votos a favor? ¿Abstencións? Queda aprobado por unha maioría de 18 votos.

Antecedentes:

O Concello de Marín e a Deputación de Pontevedra formalizaron o 31 de xaneiro de 2022 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado “Senda peonil no acceso á praia de Aguete. Mellora da mobilidade peonil na EP-1205 Acceso á praia de Aguete”.

Conforme á súa cláusula quinta 5) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao concello dos seguintes treitos de estradas:

- EP-1205 acceso á praia de Aguete.
- EP-1204 acceso á praia de Loira, tramo do p.q. 0+530 ao p.q. 0+696.



O 9 de maio de 2023 os servizos técnicos e o director de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello de Marín das anteditas vías.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (RRXFALHN).

2ª Motivación.

No informe técnico estímase o valor patrimonial das vías obxecto de transferencia en UN MILLÓN CENTO CORENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS DEZASETE EUROS (1.144.517,00€) e mótvanse os cambios de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinálase que:

“No que respecta á EP-1205 acceso á praia de Aguete, trátase dun viario que conecta a estrada de titularidade autonómica PO-551 cun vial municipal que discorre polo interior en paralelo á liña de costa que dá acceso ás praias da contorna, esta estrada provincial ten unha lonxitude moi curta (só 372 metros) e non está integrada no sistema de comunicacións interurbanas e ten como finalidades principais a de acceso á praia de Aguete e o acceso ás vivendas e predios lindeiros, contando na actualidade con iluminación pública e un treito de beirarrúa.

Ademais, e logo da execución das obras de mellora na mobilidade peonil previstas no proxecto de “Senda peonil no acceso á praia de Aguete. Mellora da mobilidade peonil na EP-1205 acceso á praia de Aguete” esta estrada acadou unha configuración física e funcionalidade tipolóxica de vía urbana.

Por outra parte, a estrada provincial EP-1204 acceso á praia de Loira, ten no seu extremo final, dende o p.q. 0+530 ao p.q. 0+696, unha configuración técnica e funcionalidade de tipo urbano logo que intégrase nun entorno densamente edificado, con beirarrúas a ambas marxes e iluminación pública, así pois, a funcionalidade deste treito é a de dar servizo aos usuarios da praia de Loira e de acceso ás edificacións existentes na marxe dereita, e logo que se trata dun treito estremeiro (ou terminal) non conta coa funcionalidade de servir ao sistema de



comunicacións interurbanas logo que non se integra na malla de estradas ou infraestruturas de tipoloxía provincial.

Esta proposta de cambio de titularidade mantén, á vez, o servizo público viario existente e a continuidade dos itinerarios dos que forman parte, logo que trátase do treito final desta estrada provincial, dando así debido cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Así pois, logo da intervención feita na EP-1205 acceso á praia de Aguete e dada conta da realidade física do treito final da EP-1204 acceso á praia de Loira, considérase que a EP-1205 e o treito final da EP-1204 xa non teñen o carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario urbano ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.

Por todo o anterior, e logo que con estes cambios de titularidade o Concello de Marín poderá garantir un mellor mantemento e explotación desta estrada e treito dela, de carácter e funcionalidade municipal e co obxecto de contribuír a facilitar unha completa adaptación das mesmas á súa realidade funcional, así como para levar un control máis directo sobre elas para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público, infórmase favorablemente ao seu cambio de titularidade a favor do Concello de Marín de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

O artigo 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establece que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, con acordo das administracións afectadas.

Conforme dispón o artigo 9.6 da LEG 18.3 do RXEG os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e serán efectivos dende o día seguinte ao da súa publicación.

A formalización realizarase mediante acta de entrega subscrita polas administracións interesadas (art. 18.6 RXEG). De ser o caso de que no prazo de tres meses dende a publicación do decreto de aprobación do cambio de titularidade, non se asinase a acta de entrega polas administracións cedente e



cesionaria, abondará con que a primeira a asine unilateralmente, facendo constar o ofrecemento formal, para entender formalizada a cesión para os efectos derivados da mesma (art. 18.7 RXEG). As actas de entrega publicaranse no DOG e no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), para os efectos do seu coñecemento por terceiros.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno da Deputación as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno da Deputación a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Os anteditos informes foron emitidos favorablemente en data 7 e 16 de xuño de 2023 respectivamente.

Polo indicado, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE):

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Marín das seguintes estradas provinciais:

- EP-1205 acceso á praia de Agnete.
- Treito final de 166 metros da EP-1204 acceso á praia de Loira, dende o p.q. 0+530 ao p.q. 0+696.

As vías anteditas incorpóranse á relación de estradas de titularidade do Concello de Marín, tal e como se sinala no artigo 10.6 da LEG.





Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da LEG e 18 do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello de Marín e a Deputación de Pontevedra.

16.8039.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE VALGA DO TREITO ANTIGO DA EP-8503 CORDEIRO – SENÍN (EXPTE. 2021040634)**

O debate deste punto prodúcese ó principio do punto 13 conxuntamente cos puntos 13, 14 e 15.

Sr. Presidente.- Punto número 16. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Valga do treito antigo da EP-8503 Cordeiro-Senín. ¿Votos favor? ¿Abstencións? Queda aprobado por unha maioría de 18 votos.

Antecedentes:

O Concello de Valga e a Deputación de Pontevedra formalizaron o 16 de novembro de 2021 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga–Martores, dende o p.q. 1+050 ata o p.q. 1+500”. Por Addenda de 02-12-2022 estendeuse a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Conforme á súa cláusula quinta 5) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao Concello do seguinte treito de estrada:

- Treito antigo de 198 metros lineais situado no p.q. 0+200 (marxe esquerda) da estrada provincial EP-8503 Cordeiro-Senín.

O 11 de maio de 2023 os servizos técnicos e o director de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello de Valga da antedita vía.

Consideracións:



1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (RRXFALHN).

2ª Motivación.

No informe técnico estímase o valor patrimonial da vía obxecto de transferencia en CINCOCENTOS CATORCE MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (514.250,00€) e motívase o cambio de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinálase que:

“Ao inicio da estrada provincial EP-8503 Cordeiro–Senín atópase un treito antigo de 198 metros lineais de lonxitude, a nova traza da estrada provincial mellorou notablemente as manobras de acceso e saída da estrada de titularidade autonómica PO-548 logo que foron incorporados carrís centrais de espera, cuñas de saída e de incorporación todo elo cunha mellora substancial da visibilidade e da seguridade viaria, así pois o antigo entronque entre a estrada provincial e a autonómica tornouse de uso minoritario servindo na práctica actual como viario de acceso ás vivendas e predios lindeiros, así, este treito antigo xa non forma parte do itinerario principal da estrada, e, en consecuencia, non ten as características propias dunha estrada provincial, senón de elemento funcional para o acceso aos predios e vivendas lindeiras, en virtude da letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Esta proposta de cambio de titularidade mantén, á vez, o servizo público viario existente e a continuidade dos itinerarios dos que forman parte, logo que mantense o acceso resultante da mellora da traza, aos efectos de dar cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Así pois, dada conta da realidade física e funcionalidade actual considérase que este treito antigo xa non ten o carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade é totalmente asimilable ao viario urbano ou rúa de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.



Por todo o anterior, e logo que con este cambio de titularidade o Concello de Valga poderá garantir un mellor mantemento e explotación deste viario, de carácter e funcionalidade municipal e co obxecto de contribuír a facilitar unha completa adaptación do mesmo á súa realidade funcional, así como para levar un control máis directo sobre el para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público, infórmase favorablemente ao seu cambio de titularidade a favor do Concello de Valga de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia”.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

O artigo 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establece que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, con acordo das administracións afectadas.

Conforme dispón o artigo 9.6 da LEG 18.3 do RXEG os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e serán efectivos dende o día seguinte ao da súa publicación.

A formalización realizarase mediante acta de entrega subscribida polas administracións interesadas (art. 18.6 RXEG). De ser o caso de que no prazo de tres meses dende a publicación do decreto de aprobación do cambio de titularidade, non se asinase a acta de entrega polas administracións cedente e cesionaria, abondará con que a primeira a asine unilateralmente, facendo constar o ofrecemento formal, para entender formalizada a cesión para os efectos derivados da mesma (art. 18.7 RXEG). As actas de entrega publicaranse no DOG e no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), para os efectos do seu coñecemento por terceiros.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno da Deputación as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.



Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno da Deputación a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Os anteditos informes foron emitidos favorablemente en data 9 e 20 de xuño de 2023 respectivamente.

Polo indicado, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Valga do treito antigo de 198 metros lineais situado no p.q. 0+200 (marxe esquerda) da estrada provincial EP-8503 Cordeiro-Senín.

A vía antedita incorporarase á relación de estradas de titularidade do Concello de Valga, tal e como se sinala no artigo 10.6 da LEG.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da LEG e 18 do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello de Valga e a Deputación de Pontevedra.

17.8040.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA SOLIDARIZARSE CON JENNIFER HERMOSO E REPROBAR A ACTUACIÓN DE RAFAEL LOUZÁN E ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA QUE IMPULSE A SÚA DESTITUCIÓN COMO PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL**

Sr. Presidente.- Pasamos ao seguinte punto da orde do día, que é unha Moción, o punto número 17, que é unha Moción do Grupo Provincial Socialista para



solidarizarse con Jennifer Hermoso e reprobar a actuación de Rafael Louzán e esixir á Xunta de Galicia que impulse a súa destitución como Presidente da Federación Galega de Fútbol. Ten a palabra a deputada Ana Mejías, perdón, eu era o que me poñía aquí, é que non mirei nin para quen, aquí me aparece Ana Mejías Sacaluga, non é, está claro, xa, xa, pero é o que me aparecía aquí na pantalla. Ana Laura ten a palabra.

Sra. Iglesias González.- Moitas grazas Presidente. Moi bo día a todas e a todos. Se esta moción xa estaba xustificada polos bochornosos acontecementos producidos nas últimas semanas aínda está máis trala dimisión presentada o pasado luns polo xa afortunadamente expresidente da Federación Española de Fútbol, o Sr. Luis Rubiales. Esta moción ten unha clara relación con esta deputación. Non é un asunto alleo a ela. O nome de Louzán está desgraciadamente vinculado a esta administración provincial, pois foi deputado dende o ano 95 ata o 2015, sendo Presidente da mesma os últimos quince anos. Pero tamén porque despois de ser substituído na Presidencia mantivo unha relación laboral con esta deputación en calidade de persoal eventual como asesor do Grupo Provincial do Partido Popular, cunhas retribucións anuais de 44.000 euros ao ano. Situación na que estivo entre os anos 2015 e 2019. Non podemos tampouco esquecer que Rafael Louzán está condenado a 7 anos de inhabilitación pola suposta comisión de dous delitos, un de prevaricación e outro de fraude pola Audiencia Provincial de Pontevedra en 2ª Instancia. Con todo isto o Partido Popular, tan dado a esixir dimisións cando alguén doutro partido é procesado, desbotou tomar calquera medida contra o actual Presidente da Federación Galega de Fútbol a pesar de que acumula xa condenas en 1ª e 2ª Instancia. E como olvidar que durante a súa etapa como Presidente da Deputación protagonizou sonoros escándalos como sobre costes nas obras do campo de fútbol de Pasarón, adxudicadas en 4,7 millóns de euros e que se foron por riba dos 20 millóns, cun expediente digamos pouco edificante, por nomear algunha delas. Con todo isto no ano 2014 e sendo todavía Presidente desta Deputación o Sr. Louzán é elixido Presidente da Federación Galega de Fútbol, por iso non nos colla por sorpresa que no ano 2017 fora investigado por un suposto delito de cohecho a propósito duns alugueiros de locais comerciais a un, ¡oh, sorpresa!, exconcelleiro do PP en Pazos de Borbén, sen esquecer que nese mesmo ano seguía vinculado con esta deputación como asesor do grupo provincial e cobrando os 44.000 euros aos que me refería anteriormente. E tamén, naquela ocasión, o Partido Popular desbotou destituílo. Pero aquí non quedou a cousa, porque neses días coñecemos tamén a nova de que o Sr. Rubiales entregoulle 5 millóns de euros para a compra de locais



á Federación Galega de Fútbol en Pontevedra, Vigo, Coruña e Santiago. Pero o colofón desta longa traxectoria pouco exemplarizante do Sr. Louzán é a actitude mostrada co escándalo Rubiales, primeiro, por aplaudir a rabiarse na assemblea do famoso “no voy a dimitir”; segunda, por minimizar a suposta agresión sexual a Jennifer Hermoso cun “son errores que se cometen en la vida”; terceiro, por dar por boas as explicacións de Rubiales que escandalizaron ao mundo enteiro, dar por boas aquelas explicacións e dar por bos os ataques explícitos ao feminismo do Sr. Rubiales. E por último, negouse a remitir para presionar a Rubiales como si fixeron os presidentes das federacións territoriais de Navarra, País Vasco, Cantabria e Canarias, ademais das serias advertencias que protagonizaron os presidentes de Andalucía e Comunidade Valenciana. Louzán foi un firme apoio a Rubiales durante toda esta crise. E xa non falemos da infinita hipocresía e desvergoña que hai que ter para despois de todo isto intentar atribuírse o mérito de ser impulsor do comunicado que pedía a dimisión do Sr. Rubiales, cando foron a totalidade das Federacións territoriais as que pediron a marcha dun Rubiales acaído en desgracia diante do Consello Superior de Deportes e da FIFA. Louzán, como sempre, oportunista e sen escrúpulos. E por eso non nos sorprende a casualidade de que xusto hoxe, o día que se vai debatir esta Moción aquí, o Sr. Louzán faga este anuncio, “a Federación Galega quere que as campioas do mundo xoguen en Pasarón”, si o Pasarón do que falabamos antes, nun desesperado intento por blanquear a súa imaxe xusto no momento no que as xogadoras de fútbol manteñen a súa renuncia á selección ata que salgan das Federacións tódalas persoas que arrouparon a Rubiales, entre elas o Sr. Louzán tal e como acabamos de demostrar. Debe estar moi preocupado e moi desesperado porque teme perder o seu sillón. E por iso solicitamos a todo o Pleno desta deputación que aproben os puntos que recollen esta moción, unha moción pola dignidade das mulleres, pola dignidade na que nós miramos de fronte, e moito nos tememos que o Partido Popular unha vez máis vai mirar para outro lado. Moitas grazas.

Sr. Presidente.- Moitas grazas. Ten a palabra, a ver se non me equívoco no nome agora, María Ortega.

Sra. Ortega Iñarrea.- Moitas grazas Presidente. Ben, o acontecido nas últimas semanas tras a final do mundial de fútbol feminino na que a selección española conseguiu gañar o título de campioas foi algo vergoñento e unha mostra clara de que queda moito traballo por facer. Respecto a Rubiales cremos que el mesmo día a día foise desacreditando aínda máis e non é necesario comentar nada. Por



suposto, desde o BNG queremos dar todo o apoio ás xogadoras da selección española que viron e sufriron como o machismo foi capaz de tapar a conquista deportiva que fixeron. Pero todo isto tivo algo bo, isto serviu para que a sociedade se dese conta, para que os homes se deran conta de que o machismo é unha lacra estrutural, que afecta a todo e dun xeito moi especial ao deporte. Aínda así tamén se viu unha resposta reaccionaria, porque estamos no medio dunha onda reaccionaria na que hai partidos que se esmeran en seguir colaborando en non recoñecer e ás veces querer eliminar, os dereitos que a nós ás mulleres nos son propios, como cidadás. É por isto que se fai necesario seguir deixando claro que estes comportamentos non son admisibles, como tampouco é admisible o comportamento do Presidente da Federación Galega de Fútbol, o inhabilitado Sr. Louzán, “errores que se cometen en la vida, ya ha pedido disculpas”. Así falaba o Sr. Louzán sobre o comportamento de Rubiales ata que de repente e vendo o que se lle podía vir enriba decidiu presentarse como impulsor da dimisión do mesmo. É certo que o Sr. Louzán xa acumula moitos episodios e hemeroteca como para solicitar a súa dimisión, pero se a isto lle sumamos o machismo, a negación das conductas machistas e a defensa dunha personaxe como Rubiales fan que esta persoa non poida seguir ostentando o cargo de Presidente da Real Federación Galega de Fútbol ademais do cargo de Presidente da Unión de Federacións Deportivas Galegas. Estamos a ver que os acontecementos, non só os asasinatos, senón as agresións sexuais, o acoso, a violencia de calquera tipo contra as mulleres son constantes, continuas e á vista de todas. E para mostra esta mesma semana un profesor vén de ser condenado pola Audiencia de Pontevedra por delito de agresión sexual por bicar a unha alumna menor de idade sen o seu consentimento. Este martes unha redactora pontevedresa, Isa Balado, vén de ser agredida sexualmente na rúa cando facía un directo na televisión en Madrid. Todos os días, unha tras outra. Basta xa de impunidade contra estes comportamentos, basta xa de tolerancia, é necesario que o noso nivel de aceptación con estas situacións non só baixe senón que sexa nulo. Hai que condenalos, as condutas machistas hai que condenalas, verbais, físicas, económicas, en calquera nivel. E nós consideramos que a actitude de Rafael Louzán, os seus comentarios de complicidade e apoio coa actitude do xa expresidente da Real Federación Española de Fútbol son rancios, inaceptables e impresentables e os situaron máis preto das agresións machistas que dos dereitos das mulleres e da igualdade. Dito isto cremos que as futbolistas galegas non poden ter como máximo dirixente a quen apoia e respalda comportamentos machistas, mafiosos e violentos contra as propias xogadoras e contra os colectivos que socialmente defenden os dereitos de todas as mulleres a unha vida



sin violencia. O deporte galego, nomeadamente o feminino merece o apoio social e colectivo na loita contra o machismo, hoxe máis que nunca, cando en todo o mundo o deporte feminino e as mulleres erguen a súa voz contra esta agresión e contra todas as que se veñen producindo. É responsabilidade colectiva apartar non só ós corruptos e ós que agreden senón tamén a quen cala, respalda e desculpa estes comportamentos. E para rematar cremos que a Deputación de Pontevedra ten responsabilidade política na consecución dunha sociedade libre de violencias machistas e igualitaria e debería amosar unha imaxe institucional en contra de todos e calquera tipo de comportamento machista ou branqueamento das conductas inaceptables. Amosar tolerancia cero por parte de todos os grupos da Corporación facendo unha declaración conxunta e por unanimidade, sen posicionamentos mornos por parte de calquera grupo dos que estamos aquí, e sen dúbida imos apoiar esta moción. Moitas grazas.

Sr. Presidente.- Moitas grazas. Ten a palabra agora o voceiro do Grupo Provincial Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Grazas Sr. Presidente. Sra. Iglesias, témola que felicitar e felicitámoslos pola nova estratexia política de oposición para o mandato 23-27. Que comezando o mandato a primeira moción do PSOE na Deputación sexa esta, tratar de queimar a un cidadán na praza pública, denota con claridade que estiveron no goberno e que siguen a estar agora na oposición moi lonxe da realidade e dos problemas reais da provincia, de aí seguramente os resultados nas eleccións municipais, que a día de hoxe siguen deixándolles as caras coloradas. Miren, se nós fósemos como Carmela Silva e como vostedes esta moción hoxe non se estaría debatindo, e o grupo proponente tería que ir a un contencioso administrativo como fixo o Grupo Popular para que se celebre un Pleno extraordinario e debatir e pedir responsabilidades públicas polo caso da cuñada. Pero nós non somos coma vostedes. ¿Sabe Sra. Iglesias o que nós estivemos esperando ata agora con respecto a votedes?, outra moción, non esta, esperabamos unha moción na que pediran o cese da Ministra de Igualdade, Irene Montero, unha moción na que condenasen a Lei do “solo si es si”, que provocou a rebaixa de condenas a máis de mil agresores sexuais no noso país por culpa do seu goberno, que aprobou unha lei negligente e non foi capaz de rectificar. Se iso o fixera o Partido Popular teríamos manifestacións convocadas por vostedes cada 48 horas na Porta do Sol. Esa era a moción que esperaban os cidadáns da provincia de Pontevedra e os españois. Queremos deixar claro dende o Grupo Provincial do Partido Popular e o goberno, o noso rexeitamento ao





comportamento intolerable do xa expresidente da Real Federación de Fútbol Luis Rubiales. O comportamento de Rubiales é intolerable nunha sociedade avanzada que aspira á Igualdade. Lamentamos ademais que este comportamento ensombrecera a xesta da nosa selección de fútbol feminino e os éxitos de deportistas da nosa casa como Teresa Abelleira, á que nin citan nesta moción. Ademais botamos en falta neste texto unha maior crítica á actitude do Sr. Rubiales ou un maior apoio á vítima de toda esta actuación, que é Jennifer Hermoso. Pola contra o único que parece que lles importa deste momento é atacar ao Sr. Louzán, que xa non é un cargo público. Louzán as conductas de Rubiales xa as condenou, e xunto co resto de Presidentes camiñaron hacia o cambio da Presidencia da RFEF. Os únicos dirixentes, -¡sabe Sra. Iglesias!- que non moveron ficha e non fixeron máis que declaracións de intencións no asunto Rubiales foron o Goberno de España e o Tribunal Administrativo do Deporte, que del depende, co ridículo feito ademais polo Ministro Iceta. ¿Saben quen foi o mellor aliado para que o Sr. Rubiales chegara á RFEF? Non foi Louzán, que non o apoiou, foi o Partido Socialista, igual que para mantelo no cargo, pese a todas as denuncias que chegaron ao TAD durante os seus cinco anos de mandato sin que prosperara ningunha delas. Estivo protexido polo Goberno e o digo alto e claro. O caso Piqué ou a denuncia da agresión dunha arquitecta, si señora, a denuncia de agresión dunha arquitecta. Sería debido á proximidade do Sr. Rubiales co Partido Socialista, fillo dun alcalde Socialista de Andalucía. ¿Saben do que falan?, queren mezclar todo, a realidade coa continxencia da oportunidade de querer atacar a un expresidente de deputación. O compromiso da Federación Galega de Fútbol na defensa e na promoción do fútbol feminino é claro, foron pioneiros en España; a actual directiva que foi elixida por aclamación na última assemblea transformou o fútbol galego introducindo moitos máis apoios ás licenzas en fútbol feminino. En cambio ¿sabe que foi o que fixo o Partido Socialista en apoio ao deporte nesta provincia?, eliminar a copa Deputación, coa que se axudaba economicamente aos clubs máis modestos masculinos e femininos durante máis de 40 anos, porque era un éxito dos gobernos do Partido Popular na provincia de Pontevedra. E non é un caso illado. Iris Romero, ¿coñecen o nome?, é unha profesional da arbitrase que se gañou por méritos propios dirixir partidos na primeira división está tempada, e que ten que pedir unha excedencia para cumprir o seu soño, no concello veciño de Pontevedra, que resulta que ata hai uns meses había un goberno bipartito composto tamén polo Partido Socialista, ese é o feminismo e a igualdade que reclaman dende o PSOE. ¿De verdade, de verdade, vostedes queren comparar unhas declaracións que despois se intensificaron co liderazgo da destitución do Presidente, coa realidade



que asumimos os españois coa Lei do Solo Si es Si? ¿É que non se lles pon a cara colorada mirando para outro lado cando día si e día tamén asistimos ás rebaixas de condenas a agresores sexuais como á “manada de Navarra” sen que se lles mude o color da cara? Sra. Iglesias, miren, de verdade, se estas van ser as mocións que van traer aos Plenos dende o Grupo do Partido Popular podemos estar tranquilos.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Cubela. Ten a palabra, espera.

Sra. Iglesias González.- Moitas grazas Presidente. Mire, principiar por dicir que é unha mágoa que hoxe estea aquí defendendo esta moción vostede e non a deputada de Igualdade, a Sra. Sandra Bastos, que está perdendo unha grande oportunidade. Mire, nós non vimos aquí a queimar a ningún cidadá, nós vimos aquí a defender ás mulleres, a defender a igualdade e a defender o feminismo. O PSOE posicionouse dende o primeiro momento en contra de Rubiales, fomos os primeiros en saír a dicir que era un escándalo, que este señor e calquera do que os aplaudiu naquela intervención que fixo aquel señor tiñan que dimitir. E mire, neste, o anterior goberno da Deputación á cabeza de Carmela Silva, ¿sabe que foi das primeiras decisións que tomou?, como goberno, aumentar as axudas ao deporte feminino e comparalas ás axudas que recibían o deporte masculino, iso é facer políticas de igualdade. Pero mire, voulle explicar para que todas e todos as veciñas de Pontevedra entendan por que vostedes votan en contra de algo que é un clamor a nivel nacional, e é que nos temos que retrotraer no tempo e recordarlles porque vexo que non lles quedou claro que nesta deputación Rafael Louzán foi primeiro deputado, despois vicepresidente, despois presidente e finalmente persoal eventual, en calidade de asesor do Partido Popular, unha relación estable de nada máis nin nada menos que 20 anos. Pero tamén hai que retrotraerse ao ano 2006, cando Alfonso Rueda que tiña praza de Secretario no Concello de Cambados foi contratado por Louzán como persoal eventual tamén en calidade de asesor. O actual Presidente da Xunta estaba daquela en excedencia do seu posto en Cambados, dado que dedicábase a traballar para o Partido Popular de Galicia, cando o período máximo de excedencia estaba a piques de esgotarse o Sr. Louzán fíxolle a Alfonso Rueda un favor impagable, contratalo como asesor nesta deputación para que puidese pasar á situación administrativa de servizos especiais impedindo así que o prazo de excedencia seguise correndo. Dito noutras palabras o Sr. Louzán salvoulle a praza de funcionario en Cambados ao Sr. Rueda, que corría o risco de perdela. E vós estades preguntando por que falamos disto, mira, o Presidente da Xunta, o que é hoxe, aquel asesor gratuito,



non se preocupen que van a entender agora, e a el vai dirixida parcialmente esta moción, dado que lle pedimos que reprobe ao Sr. Louzán e mova os resortes institucionais na Xunta de Galicia para removelos, ¿pero que pasa?, que é de ben nados ser agradecidos, e non cabe dúbida de que o Sr. Rueda débelle un favor ao Sr. Louzán e por eso están vostedes en contra desta moción, pero tamén o actual Presidente da deputación, o Sr. López, débelle favores ao Sr. Rueda, pois nomeouno Presidente desta deputación despois de facer dimitir a unha recua de concelleiros en Rodeiro, e polo tanto xa sabemos e non nos imos a enganar de quen manda realmente nesta deputación. E claro, con toda esta auténtica cadea de favores como non van vostedes a votar en contra desta moción, con este panorama para vostedes a dignidade das mulleres, a defensa da igualdade, do feminismo e a dignificación da Federación Galega de Fútbol quedan así nun segundo plano.

Sr. Presidente.- Ten a palabra o voceiro Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- A verdade é que quedo atónito, pensei que estabamos debatindo unha moción sobre feminismo, e falou da historia recente, do que lle interesou, cos argumentos que lle interesaba, pero se quere falar de cadea de favores o panorama que teñen no Psoe de Vigo e no Concello de Vigo non me dá para empezar Sra. Iglesias, non sei se quere que lle empece preguntando ¿que tal lle vai ao Sr. Orue?, se a rama familiar da Sra. Carmela Silva que se sigue estendendo no Concello de Vigo, aínda lle queda alguén por contratar, nespóticamente, nalgunha administración pública gobernada polo Psoe ou se quere de verdade que falemos da verdadeira preocupación pola igualdade. Si están preocupados pola igualdade invítolle, téndolle a man a que no próximo Pleno sexan igual de valentes e traian aquí unha moción condenando á Ministra de Igualdade por aprobar unha Lei cuxa advertencia do Consello de Estado e da Avogacía do Estado, advertiu que ía a provocar a redución de condenas aos agresores, aos penados por agresións sexuais, a Lei do Solo Si es Si, e a por seguir mirando para outro lado, porque sigue defendendo o que defende, con respecto a esta Lei. A igualdade son os feitos, a igualdade é pasar en Galicia de 1.500 licencias no fútbol feminino a máis de 10.000; a igualdade tamén é ter unha Vicepresidenta de Deportes na formación do goberno provincial; a igualdade efectiva i real é axudar a que a xente entre na administración pública con igualdade de oportunidades e non por ser parente dunha Tenente alcalde e dunha Presidenta da Deputación falsear facturas e contratos durante cinco anos, sen que sexan devoltos ao erario público, para que unha muller nin teletraballe dende a



súa casa. Pero, ¿é que vostedes dende o Psoe de Vigo, dende o Concello de Vigo coa que teñen, aínda son capaces de traer esta moción e dicir todo o que acaban de dicir, de Rueda, de Louzán “i de los primos hermanos de mi familia”? ¿Pero é que a vostedes non se lles cae a cara de vergonza que despois da bagaxe que teñen i das sucesivas condenas que houbo aínda veñen aquí con este tipo de mocions a falar dun expresidente da deputación que dende fai 8 anos non ten un cargo público administrativo? A Sra. Silva sigue en política, por certo, nunca deu explicacións, ningún político do seu concello deu explicacións. Maltrataban aos xornalistas e aos periodistas que nas roldas de prensa formulaban preguntas de forma lexítima e democrática. Pero, ¿de verdade ben aquí con esta trapallada de moción, con todo o que din que van a dicir durante este mandato e o ben que o fixeron durante os seus anos de goberno? ¿A primeira moción que traen é esta? Intentar condenar na praza pública a un señor que non apoiou a Rubiales, que non apoiou a súa permanencia no cargo, dunha persoa ademais que a vostedes se lles olvida dicir en todas partes, as vinculacións co Partido Socialista, e os apoios e as ramificacións que ten no Goberno do Estado. Que todos os casos de corrupción que chegaron anónimamente e de forma presentada conforme a dereito non se lle dou trámite polo TAD. É vergoñento, non saben o que fan nin o que acaban de facer con esta moción. Sigán así, de verdade, se van a seguir así podemos estar moi tranquilos como goberno porque van a fiscalizar cousas que están moi lexos da realidade social da provincia i de Galicia, Sra. Iglesias.

Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Cubela. Ten a palabra Ana Laura. Espera, un segundo.

Sra. Iglesias González.- Moitas gracias Presidente. Trapallada, así é como denomina o voceiro do Partido Popular esta moción, de trapallada. Mire, o Psoe corrixiu a Lei estatal á que vostede fai referencia, ¿ou é que pasa que non le os periódicos e non se entera? Mira, e o persoal eventual do Concello de Vigo se contrata da mesma forma da que vostedes contratan o persoal aquí na Deputación de Pontevedra, agora, porque ao mellor tamén había que preguntarlle cousas ao Sr. Baltar, que tamén últimamente tampouco queren saber, falar moito, moito del. Lamentamos que o Partido Popular, vítima das súas propias dinámicas internas, vaia a votar non a repoboación pública dun señor que non merece estar nin un segundo máis á fronte da Federación Galega de Fútbol. Lamentamos especialmente o papelón das Sras. Deputadas do Partido Popular, hoxe tiñan que saír deste Pleno cun gran peso na súa conciencia. Pero mire, voulles ler as últimas declaracións de Alexia Putellas, que como deberían saber é a gañadora de dous



balóns de ouro, xogadora da selección española de fútbol, e gustárame que prestaran moitísima atención. Alexia Putellas di: “Estamos aquí para quedarnos para axudar ás que virán, porque queda moito camiño por recorrer; vese cuadrar a situación que estamos afrontando na Federación e cos cambios que todas solicitamos para que ningunha muller dentro ou fóra do fútbol teña que vivir nunca máis unha situación de menosprecio, falta de respecto ou abusos; precisamos consenso, valor e coraxe por parte das institucións, non nos deteremos aquí, méreceno os que loitaron antes que nós, merecémosto polo noso esforzo e méreceno as nenas e nenos que hoxe soñan con ser coma nós; non vos fallaremos”. E despois de escoitar isto a min só me vén unha pregunta á cabeza, ¿que van facer as deputadas do Partido Popular?, ¿van ter o valor e a coraxe que lle están pedindo as mulleres do noso país, ou lles van volver a dar as costas?, pensen isto mentres estean votando esta moción.

Sr. Presidente.- Moción do Grupo Provincial Socialista para solidarizarse con Jennifer Hermoso e reprobado a actuación de Rafael Louzán e esixir á Xunta de Galicia que impulse a súa destitución como Presidente da Federación Galega de Fútbol. ¿Votos a favor? ¿Abstencións? ¿Votos en contra? Queda rechazada por maioría de 14 votos.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico acorda, por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista para solidarizarse con Jennifer Hermoso e reprobado a actuación de Rafael Louzán e esixir á Xunta de Galicia que impulse a súa destitución como Presidente da Federación Galega de Fútbol.

b) Parte de información e control:

18.8041.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE MAIO DE 2023 (EXPTES. 2023057606 – 2023041194)**

Sr. Presidente.- Entramos na parte de información e control. Punto número 18. Dar conta do informe de Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de maio de 2023.



A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de maio de 2023, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con datas 5 e 7 de xuño de 2023, respectivamente, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de maio de 2023 que se expón a continuación:

#### PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES MAIO 2023

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Maio	6,7575062370	5.448.361,45	6,8651849131	1.098.307,27	<b>6,7755710388</b>
Escola de Enfermería	Maio	7,0000000000	2.514,66	0,0000000000	0,00	<b>7,0000000000</b>



Consortio de Incendios e Salvamento	Maio	15,4700962089	25.914,44	1,1967344234	9.326,99	<b>11,6925110587</b>
Consortio Deza Tabeirós	Maio	3,2244651300	345.287,80	13,6028129000	17.005,79	<b>3,7116170079</b>
<b>TOTAL</b>			<b>5.822.078,35</b>		<b>1.124.640,05</b>	<b>6,6408014265</b>

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión extraordinaria do día 8 de setembro de 2023 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de maio de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de maio de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

19.8042.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE XUÑO DE 2023 (EXPTES. 2023057619 – 2023046699)**

Sr. Presidente.- Punto número 19 – me estou a referir agora-. Dar conta do informe de Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xuño de 2023.



A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de xuño de 2023, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 5 xullo de 2023, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de xuño de 2023 que se expón a continuación:

#### PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES XUÑO 2023

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Xuño	7,9924463361	4.398.796,44	5,2092494774	1.831.886,63	<b>7,1741570640</b>
Escola de Enfermería	Xuño	11,0000000000	3.928,47	8,0000000000	80,00	<b>10,9401267815</b>





Consortio de Incendios e Salvamento	Xuño	12,0421313830	202.926,64	0,0000000000	0,00	<b>12,0421313830</b>
Consortio Deza Tabeirós	Xuño	16,9449957000	18.860,89	11,5930157000	4.342,28	<b>15,9434172211</b>
<b>TOTAL</b>			<b>4.624.512,44</b>		<b>1.836.308,91</b>	<b>7,3608844192</b>

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión extraordinaria do día 8 de setembro de 2023 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xuño de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xuño de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

20.8043.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE XULLO DE 2023 (EXPTES. 2023057631 – 2023053045)**

Sr. Presidente.- Punto número 20. Dar conta do informe de Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xullo de 2023.

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio



Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de xullo de 2023, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 8 agosto de 2023, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de xullo de 2023 que se expón a continuación:

#### PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES XULLO 2023

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Xullo	8,5367640661	7.681.080,74	11,2769621910	908.160,06	<b>8,8264914764</b>
Escola de Enfermería	Xullo	0,0000000000	0,00	26,2969994254	2.593,17	<b>26,2969994254</b>
Consorcio de Incendios e Salvamento	Xullo	0,0000000000	0,00	17,5802605376	49.159,90	<b>17,5802605376</b>
Consorcio Deza Tabeirós	Xullo	10,2480665000	7.216,05	13,5198099000	9.258,75	<b>12,0867688942</b>



<b>TOTAL</b>			<b>7.688.296,79</b>	<b>969.171,88</b>	<b>8,8876353104</b>

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión extraordinaria do día 8 de setembro de 2023 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xullo de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xullo de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

21.8044.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DURANTE O 2º TRIMESTRE DE 2023 DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (EXPTES. 2023057636 – 2023049614)**

Sr. Presidente.- Punto número 21. Dar conta do informe de Intervención sobre o cumprimento durante o 2º trimestre de 2023 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.



A Intervención con data 26 de xullo de 2023, elaborou un informe asinado polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría e pola Viceinterventora, dando conta do cumprimento pola Deputación de Pontevedra, a Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e o Consorcio contra incendios Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o segundo trimestre do 2023, en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita lei, informe que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios da Comarca do Deza e Tabeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 2º trimestre de 2023, que se expón a continuación:

## INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2023

1. Con referencia á data de conformidade da factura:

➤ Pagos realizados:

Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	8	3.754	13.901.374,57 €	35	61.365,78 €
Escola de Enfermería	11	9	9.162,76 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	12	145	244.279,83 €	1	980,10 €
Consorcio Deza e	4	61	380.925,62 €	1	36,69 €



Tabeirós					
----------	--	--	--	--	--

➤ Facturas pendentes de pago:

Facturas pendentes de pago	Período Medio pendente pago (PMPP) (días)	Pendentes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº operacións	Importe total	Nº operacións	Importe Total
Deputación de Pontevedra	8	519	1.732.494,49 €	4	1.916,98 €
Escola de Enfermería	8	1	80,00 €	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consortio Deza e Tebeirós	12	19	4.282,28 €	0	0,00 €

2. Intereses de demora pagados

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
Deputación de Pontevedra	0	0,00 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0,00 €
Consortio Deza e Tebeirós	0	0,00 €

En base ós cálculos detallados neste informe podemos concluír que se cumpre co prazo de pago a provedores legalmente establecido.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión extraordinaria do día 8 de setembro de 2023 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consortio Provincial contra incendios e salvamento e Consortio contra incendios Deza Tebeirós, durante o segundo trimestre de 2023, dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

De acordo co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o Pleno queda enterado do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de



Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o segundo trimestre de 2023.

22.8045.- **DAR CONTA DA RP DE DATA 5 DE MAIO DE 2023 (Nº 2023003638) POLA QUE SE APROBA O PLAN DE ACCIÓN 2023 CORRESPONDENTE COAS MEDIDAS A ADOPTAR PARA EMENDAR AS DEBILIDADES, DEFICIENCIAS, ERROS OU INCUMPRIMENTOS POSTOS DE MANIFESTO NO INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO ELABORADO POLA INTERVENCIÓN (EXPTES. 2023035473 – 2023033812)**

Sr. Presidente.- Punto número 22. Dar conta da RP de data 5 de maio de 2023 pola que se aproba o Plan de Acción 2023 correspondente coas medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros ou incumprimentos postos de manifesto no informe resumo dos resultados do control interno elaborado pola Intervención. Ten a palabra D. Carlos Font.

Sr. López Font.- Bueno, muchísimas gracias. Son puntos, evidentemente, de dar cuenta, lo que ocurre es que en relación con lo acontecido y a lo que ya no me quiero referir con respecto a las manifestaciones del gobierno sobre la situación económica, creo que este punto, del Plan de Acción Provincial 2023, es necesario hacer algunas consideraciones. En esta dación de cuenta queremos intervenir porque consideramos fundamental recordar que el primer Plan de Acción Provincial que tuvo esta administración se aprobó por Resolución Presidencial en el año 2021, de la Presidenta Carmela Silva. Se aprobó porque teníamos clarísimo dos cuestiones: la primera, que nuestra prioridad pasaba por la modernización de la gestión económica financiera y patrimonial de la Diputación de Pontevedra. Y, segundo, porque nuestra apuesta por la administración electrónica que implantamos en los ayuntamientos de la provincia tenía que mejorar la existente en esta institución para alcanzar una administración electrónica avanzada y plenamente integrada. Y para conseguir estos dos objetivos que he mencionado y siempre de la mano de la profesionalidad de los servicios técnicos de esta Institución, se diseñó ese primer Plan de Acción Provincial, para dotar a la Diputación de un sistema de gestión económico financiero y patrimonial, que en todo caso estará integrado en los procesos de administración electrónica.



Diseñamos ese plan con tres etapas bien definidas, una, la primera de planificación diseño y elaboración de los documentos preparatorios de la contratación de los nuevos sistemas, este está finalizado ya; una segunda, de contratación e implantación del modelo, que ya está finalizado también pero pendiente simplemente de que arranque su funcionamiento. Y una tercera fase, de puesta en marcha de los nuevos sistemas de información. Gracias a este buen trabajo hoy podemos presumir que en este Plan del año 2023 son los servicios técnicos, no la parte política, los que informan de que fuimos capaces de cumplir con los objetivos fijados en aquel año 2021. Gracias a nuestra visión modernizadora hoy podemos presumir de que esta Diputación ya dispone de un sistema de gestión económico financiero y patrimonial. Gracias a nuestro impulso por una administración electrónica avanzada e integrada hoy podemos presumir que esta Diputación arrancará el siguiente ejercicio contable con este nuevo sistema. Y llegando a este punto, repito, de la mano de los técnicos, escuchando y apoyando sus propuestas, porque son los que han demostrado en muchísimas ocasiones su profesionalidad que nosotros reconocemos. Sabía que con ellos llegaríamos a la mejor solución para nuestro objetivo que era modernizar la administración. Y a ustedes les tenemos que decir que no olviden que esto es importantísimo, que les corresponde gobernar y que continúen trabajando en esta línea de modernización, que lo hagan, como nosotros, de la mano de los técnicos provinciales para que esta implantación se haga con las mayores garantías. También les aseguro que estaremos muy atentos para que no paralicen el estudio y definición de una primera versión del proyecto de contabilidad analítica tan importante y la importantísima implementación del sistema de gestión patrimonial. Como en todo estaremos vigilantes de que no detengan el proceso de modernización de esta administración. Muchas gracias.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas grazas. Eu non vou abrir debate sobre esta cuestión, pero si vostede fai unha serie de agradecementos os cales eu quero estender; vostede dálle grazas á visión modernizadora do anterior goberno, dálle grazas ao novo impulso, pero eu doulle grazas a un Real Decreto que se aprobou no ano 2017, creo recordar que era o 424 o cal obrigaba a realizar este tipo de cousas, por tanto, creo que foi no ano 21, foron catro anos despois de verse obrigados. Polo tanto, méritos os xustos e nese sentido pois eu doulle grazas ao Real Decreto 424 de 2017, que creo que entrou en vigor en abril.

O Pleno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2023, tomou coñecemento do informe elaborado pola Intervención, con data



13 de marzo de 2023, correspondente o resumo do control interno do exercicio 2022, no que figuraban unha serie de propostas de medidas de corrección e melloras.

O artigo 38 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, establece que lle corresponde á Presidencia da entidade a formalización dun plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no informe da Intervención.

Por Resolución Presidencial número 2023003638 de data 5 de maio de 2023 resolveuse aprobar o Plan de Acción Provincial derivado das propostas e recomendacións referidas no informe resumo da Intervención dos resultados do control interno 2022, cuxo contido é o seguinte:

“RESOLUCIÓN DO DEPUTADO DELEGADO DE ECONOMÍA, FACENDA, RÉXIME INTERIOR E ORAL.

Visto o informe resumo dos resultados de control interno no exercicio 2022 elaborado pola Intervención Provincial en data 13/03/2023 e a proposta de medidas de corrección e mellora incluídas no referido informe.

Considerando que segundo o disposto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017 corresponde á Presidencia da entidade a formalización dun plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no Informe da Intervención.

Á vista do exposto e da competencia do Deputado delegado de Economía, Facenda, Réxime Interior e ORAL, segundo as Resolucións de data 15/07/2019 e 1/08/2019 de delegación de competencias da Presidencia, RESOLVO:

**Primeiro.** Aprobar o Plan de acción 2023 de conformidade co seguinte:

“PLAN DE ACCIÓN PROVINCIAL 2023 DERIVADO DAS PROPOSTAS E RECOMENDACIÓNS REFERIDAS NO INFORME RESUMO DA INTERVENCIÓN DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO 2022 (EXPTE.: 2023033812).

#### **I. Consideracións xerais.**

Segundo o disposto nos artigos 213 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e 37 do Real Decreto 424/2017, o órgano interventor deberá elaborar con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumo dos resultados do exercicio da





función de control interno, nas modalidades de función interventora, función de control financeiro, incluída a auditoría de contas das entidades que se determinen regulamentariamente, e función de control de eficacia. Dito informe será obxecto de dación de conta ao Pleno e remisión a IGAE no primeiro cuadrimestre de ano.

No prazo de tres meses desde a dación de conta ao Pleno do informe resumo, a Presidencia da Corporación elaborará un plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros ou incumprimentos que se poñan de manifesto no informe (artigo 37 do Real Decreto 424/2017).

Con data 13/03/2023 emitíuse o Informe resumo da Intervención Provincial dos resultados do control interno no exercicio 2022 (con dación de conta ao Pleno en sesión ordinaria de data 31/03/2023 e remisión a IGAE o 03/04/2023).

Tomando como base as conclusións e recomendacións recollidas no Informe da Intervención elabórase o presente plan de acción.

Como se sinalou nos plans anteriores, a formulación do plan de acción debe adecuarse a criterios realistas, de xeito que a súa formulación vén necesariamente condicionada polo prazo de execución real, que abrangue desde a data de aprobación do plan ata finais de ano, e polos medios dispoñibles. Así mesmo, a elaboración do plan debe encadrarse nun escenario plurianual que permita dar continuidade as actuacións e iniciadas en plans anteriores, e incrementar o ámbito de actuación a medida que se vaian cumprindo fitos e obxectivos, de xeito que se acade unha planificación coherente e, aínda que con esforzo, realizable.

Por Resolución Presidencial do 19/07/2021 (con dación de conta ao Pleno en sesión de data 30/07/2021) aprobouse o primeiro plan de acción provincial. O plan de acción 2021 articulouse en torno a un obxectivo prioritario que é a modernización da xestión económico–financeira e patrimonial da Deputación de Pontevedra, como peza clave para acadar da maneira máis eficiente e coas maiores garantías a implantación dunha administración electrónica avanzada, e plenamente integrada. Esta actuación deseñouse nunha programación plurianual estruturada en tres etapas, unha primeira de planificación, deseño e elaboración dos documentos preparatorios da contratación dos novos sistemas. Unha segunda, de contratación e implantación do modelo, e unha terceira de posta en marcha dos novos sistemas de información.

A primeira fase de deseño e elaboración do modelo iniciouse no ano 2021 partindo da consulta e visualización dos principais sistemas dispoñibles no mercado, co obxecto de coñecer e poder valorar adecuadamente as funcionalidades e requisitos dos mesmos, coñecer as necesidades de tramitación e de xestión dos distintos servizos a nivel de centro xestor e da propia Intervención provincial.

Tras varias reunións cos servizos perfilouse o ámbito obxectivo do proxecto con inclusión do sistema de xestión económico e orzamentario, módulo de contabilidade analítica e módulo de xestión patrimonial, excluindo outros sistemas considerados inicialmente como os



correspondentes coa xestión dos Recursos Humanos, ao estimarse que a revisión destes sistemas debe ser abordada por dito servizo xunto con Novas Tecnoloxías de xeito independente, sen prexuízo da colaboración e coordinación coa Intervención no que atinxe aos aspectos que incidan na contabilización ou fiscalización dos expedientes.

A continuación, e partindo das conclusións extraídas, realizouse unha revisión das prescricións técnicas dos procesos de licitación tramitados ou en tramitación por entidades locais de certo tamaño, con requirimentos funcionais similares (total ou parcialmente) ao proxecto provincial e confeccionouse un borrador do Prego de prescricións, cuxa redacción executouse de xeito coordinado pola Intervención e o Servizo de Novas Tecnoloxías.

Así mesmo, o Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio (área de xestión patrimonial) presentou a proposta da planificación das actuacións necesarias para acadar no medio prazo unha axeitada xestión patrimonial.

A mediados de 2022 procedeuse á licitación dos sistemas incluídos no proxecto, si ben o procedemento foi declarado deserto a non acadar a única das ofertas presentadas a puntuación mínima esixible respecto dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor. A posterior revisión dos pregos e tramitación dunha nova licitación demoraron en arredor de medio ano o proceso, obrigando a unha revisión da planificación estimada inicialmente no Plan de acción 2022 respecto das fases pendentes, de conformidade coseguinte:

- 2ª fase: 2023. Contratación, personalización e deseño do modelo. Actuacións de implantación e formación.
- 3ª fase: 2024. Posta en marcha dos novos sistemas de información.

Con data 14/04/2023 adjudicouse á entidade T-System o contrato para subministro, implantación e mantemento do novo sistema de xestión económico-financeiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra (expediente 2022070144), estando prevista a formalización e arranque do proceso no mes de maio.

O cumprimento dos prazos, así como a conveniencia de posta en funcionamento do novo sistema coincidente coa apertura do seguinte exercicio, esixe centrar os efectos no proceso de definición do modelo xunto co adjudicatario, implantación, migración e interrelación dos diferentes sistemas, de xeito que se poidan concluír estas actuacións de xeito satisfactorio no exercicio, cumprindo o obxectivo de posta en marcha dos novos sistemas de información no ano 2024.

Neste sentido e sen prexuízo do interese na totalidade de propostas de actuacións da Intervención, propoñemos novamente, unha planificación realista, centrada na finalización da segunda fase do proxecto iniciado nos plans anteriores, concentrando así a atención e os esforzos deste terceiro plan de acción provincial na execución dos traballos de implantación.

A non inclusión no Plan de acción das restantes actuacións propostas pola Intervención non obstan ao seu impulso e posta en marcha na medida en que as disponibilidades de medios e o avance na execución deste Plan o permita.



## II. ACTUACIÓN PROPOSTA.

### **1. Obxecto: Modernización da xestión económico–financeira e patrimonial da Deputación Provincial de Pontevedra**

Unha das principais recomendacións dos informes resumo do control interno elaborados pola Intervención Provincial dos últimos anos refírese á necesaria modernización e implantación dunha tramitación administrativa integral, eficiente e plenamente integrada ou interrelacionada.

Unha limitación importante para a consecución deste obxectivo, vén dada polas propias limitacións do actual programa contable, superado polas esixencias actuais, o que limita a implantación dunha xestión electrónica integrada e ralentiza a xestión.

O programa contable configúrase como unha ferramenta base e fundamental para cumprimento das esixencias legais e adecuado funcionamento da organización. O orzamento provincial é un elemento clave e indispensable nas entidades públicas, a súa elaboración, execución e peche van indisolublemente ligadas á contabilidade. Así mesmo, non debemos perder de vista a inxente cantidade de información a comunicar a outras Administracións cuxa información obtense principalmente da contabilidade (entre outros, comunicación do Orzamento, morosidade e período medio de pagos, execución trimestral, liquidación ou rendición das contas). De xeito que dispoñer duns sistemas que permitan dar cumprimento as obrigas legais dunha maneira máis eficiente, con maior seguridade, transparencia e integración coas aplicacións de xestións e con outras Administracións configúrase como unha esixencia do proceso demodernización.

Unha vez realizado o deseño xeral destes sistemas e adxudicado o contrato, o plan de acción 2023 centrarase na execución das tarefas de implantación.

### **2. Planificación estratéxica.**

A actuación proposta configúrase como un proceso complexo e de calado para a organización, desde un punto de vista económico como de implementación, polo que debe abordarse de xeito global, integrado e con perspectivas de futuro.

No primeiro plan de acción provincial planteouse unha planificación estratéxica ou a medio prazo, a ter en conta na elaboración dos sucesivos plans de accións provinciais, sen prexuízo da posibilidade da súa revisión e/ou modificación.

#### **2.1. Programación da actuación:**

De acordo co grao de execución do proxecto e estimacións de avance, procédese á revisión da planificación estimada e estruturada en tres fases, de conformidade co seguinte:

- 1ª fase: Determinación do ámbito material do proxecto. Planificación das actuacións para implantación do modelo de xestión patrimonial. Elaboración dos pregos reguladores da contratación.

Executada nos anos 2021 e 2022.



- 2ª fase: Contratación. Personalización e deseño do modelo. Actuacións de implantación e formación.

Con data 14/04/2023 adxudicouse á entidade T-System o contrato para subministro, implantación e mantemento do novo sistema de xestión económico-financeiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra (expediente 2022070144), estando prevista a formalización e arranque do proceso no mes de maio, con inicio do seguinte exercicio contable no novo sistema contable.

O que resta de ano, prevese acometer os traballos para implantación do novo sistema contable garantindo a integración e interrelación cos xestores de datos, aplicacións e sistemas concorrentes. Así mesmo, levarase a cabo o estudo e definición dunha primeira versión do proxecto de contabilidade analítica e implementación do sistema de xestión patrimonial.

- 3ª fase: 2024. Posta en marcha dos novos sistemas de información.

Unha vez finalizado o proceso de implantación e migración no ano 2023, prevese iniciar o exercicio 2024 co novo sistema contable. Si ben o arranque da contabilidade prevese desde o 1 de xaneiro, será necesario continuar cos traballos de revisión e/ou redefinición dos circuitos e procedementos, resolución de incidencias e formación, así como posta en marcha do sistema de xestión patrimonial debidamente integrado coa contabilidade e implantación do módulo de contabilidade analítica, segundo o modelo que se defina.

## **2.2. Participación na implantación do proxecto.**

Como en plans anteriores, o proxecto dirixirase e coordinarase pola Intervención e o Servizo de Novas Tecnoloxías. Tendo en conta as implicacións da actuación proposta, o esforzo e a implicación necesaria para garantir o éxito das mesma en todas as súas fases (deseño, implantación e posta en marcha), esixen a configuración deste proceso de xeito participativo, de maneira que sexan tomadas en consideracións as aportacións técnicas e funcionais, recomendacións e suxestións dos principais axentes implicados no deseño do modelo, con especial referencia aos diferentes servizos da Intervención Provincial, Novas Tecnoloxías, Contratación (Patrimonio), ORAL, Tesouraría e Recursos Humanos.

Do mesmo xeito resulta fundamental buscar unha implicación global na fase de implementación, probablemente a que máis rexeitamentos poida xerar polo incremento da carga de traballo que un proceso de esta envergadura supón para as persoas que manexan os sistemas durante o período de transición.

## **3. Definición das actuacións do Proxecto a incluír no Plan de acción 2023.**

Sen prexuízo da programación plurianual da actuación global, o plan de acción ten un carácter anual, de xeito que as actuacións a incluír no plan de acción 2023 respecto deste proxecto se corresponden coa finalización da segunda fase, de conformidade co seguinte:

### **3.1. Obxecto:**



De acordo coa revisión da planificación global, o Plan de acción 2023 deberá incluír as seguintes actuacións:

- Execución dos traballos de implantación e migración da contabilidade na entidade provincial así como nas entidades adscritas e/ou dependentes.

Adxudicado o contrato e considerando as funcionalidades da solución gañadora, realizarase un deseño conxunto coa entidade adxudicataria do proxecto a implementar, con planificación do proceso e adaptación á estrutura da Deputación.

Esta fase realizarase en colaboración coa dirección do proxecto designado polo adxudicatario e o persoal da Intervención e o Servizo de Novas Tecnoloxías, sen prexuízo da colaboración doutros servizos. Se trata dunha fase de importancia na que abordarase a planificación das solucións de integración e circuitos de tramitación, e de complexidade considerando os múltiples sistemas a integrar na Deputación.

Esta fase deberase executar de maneira simultánea nos Consorcios provinciais e Escola de Enfermería.

Partindo do deseño do proxecto, iniciaranse as actuacións de implementación do sistema contable que deberá estar dispoñible para a súa entrada en funcionamento o 1/01/2024, tanto na entidade provincial como nas entidades adscritas e dependentes.

- Definición do modelo de contabilidade analítica.

No que atinxe a contabilidade analítica, considerando a inexistencia dun modelo previo, abordarase no exercicio 2023 o deseño do modelo inicial que permita das cumprimentos ás esixencias da normativa contable. O modelo porase en marcha no vindeiro exercicio.

- Implantación do sistema de xestión patrimonial.

Respecto do módulo de xestión patrimonial, procederase ao seu deseño e configuración, parametrización de acordo cos manuais de xestión patrimonial aprobados por esta Deputación, e definición do modelo de xestión, finalizando os traballos coa integración do sistema coa contabilidade.

- Inicio das actuacións de formación.

### **3.2. Coordinación e dirección das actuacións.**

O proceso coordinarase pola Intervención Provincial e o Servizo de Novas Tecnoloxías, baixo a dirección da Viceinterventora e o Xefe do negociado de programación, sen prexuízo da colaboración doutros servizos nas distintas actuacións programadas.

### **3.3. Prazo de execución**

As actuacións incluídas no Plan de acción 2023 executaranse no período comprendido desde a data de aprobación ata o 31/12/2023.

**Segundo.** Dar conta da presente Resolución ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

**Terceiro.** Dar traslado da presente Resolución á Intervención para valoración e seguimento dos resultados das medidas correctoras implantadas para mellora de xestión económico – financeira desta entidade.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión extraordinaria do día 8 de setembro de 2023 tomou coñecemento do contido do



Plan de Acción Provincial 2023 derivado das propostas e recomendacións referidas no informe resumo da Intervención dos resultados do control interno 2022 e que foi aprobado por Resolución Presidencial número 2023003638 de data 5 de maio de 2023.

De conformidade co disposto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, o Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2023003638 de data 5 de maio de 2023, polo que se aproba o Plan de Acción Provincial 2023 derivado das propostas e recomendacións referidas no informe resumo da Intervención dos resultados do control interno 2022.

23.8046.- **DAR CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍA DA DEPUTACIÓN A DESENVOLVER DURANTE O ANO 2023 (EXPTES. 2023035476 – 2023035393)**

Sr. Presidente.- Continuamos dando conta. Neste caso do Punto 23. Dar conta do Plan Anual de control financeiro e auditoría da Deputación a desenvolver durante o ano 2023.

A Intervención con data 10 de maio de 2023, de conformidade co establecido no artigo 31 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, elaborou un Plan Anual de Control Financeiro e Auditoría da Deputación de Pontevedra a desenvolver durante o ano 2023. O contido deste Plan é o seguinte:

**“PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA A DESENVOLVER DURANTE O ANO 2023**

O Real Decreto 424/2017 prevé a obrigatoriedade de levar a cabo unha adecuada planificación do control financeiro. Para iso, introdúcese como requisito básico que o órgano interventor elabore e adopte un Plan Anual de Control Financeiro, do que deberá informar á Entidade Local, incluídas as modificacións ou alteracións que se produzan.

## **1. INTRODUCCIÓN**

Desde o punto de vista técnico, o control interno estrutúrase en dúas modalidades, función interventora e control financeiro. Así mesmo, este configúrase en dous réximes de exercicio



diferenciado: o control permanente e a auditoría pública, incluíndose en ambos, o control de eficacia.

Corresponde ao órgano interventor a organización e desenvolvemento dun modelo de control eficaz e para iso deberánselle habilitar os medios necesarios e suficientes.

O modelo asegurará, con medios propios ou externos, o control efectivo de, polo menos, o oitenta por cento do orzamento xeral consolidado do exercicio mediante a aplicación das modalidades de función interventora e control financeiro. No transcurso de tres exercicios consecutivos e en base a unha análise previa de riscos, deberá alcanzar o cento por cento do devandito orzamento.

### **Modalidades de control financeiro.**

O Real Decreto 424/2017 distingue dúas modalidades de exercicio do control financeiro:

1. O exercicio do control financeiro na modalidade de **control permanente** que terá como obxectivo comprobar, de forma continua, que a actividade económico-financieira realizada polo sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira. O control permanente exercerase sobre a Entidade Local e os organismos públicos nos que se realice a función interventora.

2. O exercicio do control financeiro na modalidade de **auditorías públicas** que consistirá na verificación, realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática, da actividade económico-financieira do sector público local, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións que dite a Intervención Xeral da Administración do Estado. Esta modalidade comprenderá as **auditorías de contas anuais**, de **cumprimento** e **operativas**.

2.1. A **auditoría de contas**, que ten por obxecto a verificación relativa a se as contas anuais representan en todos os aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da entidade e, no seu caso, a execución do orzamento de acordo coas normas e principios contables e orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión adecuada. O órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais de:

- a. Os organismos autónomos locais.
- b. As entidades públicas empresariais locais.
- c. As fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola súa normativa específica.
- d. Os fondos e os consorcios aos que se refire o artigo 2.2 do Regulamento.
- e. As sociedades mercantís e as fundacións do sector público local nonsometidas á obrigaón de auditarse, que se inclúan no plan anual de auditorías.

2.2. A **auditoría de cumprimento e a auditoría operativa**, nas entidades do sector público local non sometidas a control permanente, co fin último de mellorar a xestión do sector público local no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedemental.

3. No exercicio do control financeiro serán de aplicación as normas de control financeiro e auditoría pública vixentes en cada momento para o sector público estatal.

### **Planificación do control financeiro (artigo 31 do RD 424/2017).**

O órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financeiro que recollerá as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio.



O Plan Anual de Control Financeiro incluírá todas aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor deriven dunha obriga legal e as que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.

O concepto de risco debe ser entendido como a posibilidade de que se produzan feitos ou circunstancias na xestión sometida a control, susceptibles de xerar incumprimentos da normativa aplicable, falta de fiabilidade da información financeira, inadecuada protección dos activos ou falta de eficacia e eficiencia na xestión.

Unha vez identificados os riscos será necesario asignar prioridades para seleccionar as actuacións para realizar. Desta maneira, realizarase unha avaliación para estimar a importancia do risco, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, e atenderase á conveniencia de seleccionar controis con regularidade e rotación, evitando tanto repetir controis en actividades económico-financieiras cualificadas sen risco como que se xeren debilidades precisamente pola ausencia reiterada de control.

Identificados e avaliados os riscos, o órgano interventor elaborará o Plan Anual concretando as actuacións para realizar e identificando o alcance obxectivo, subxectivo e temporal de cada unha delas. O Plan Anual de Control Financeiro así elaborado será remitido a efectos informativos ao Pleno.

O Plan Anual de Control Financeiro poderá ser modificado como consecuencia da execución de controis en virtude de solicitude ou mandato legal, variacións na estrutura das entidades obxecto de control, insuficiencia de medios ou por outras razóns debidamente ponderadas. O Plan Anual de Control Financeiro modificado será remitido a efectos informativos ao Pleno.

### **Informes do control financeiro (artigo 35 do RD 424/2017).**

O resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.

A estrutura, contido e tramitación dos mencionados informes axustarase ao establecido nas normas técnicas de control financeiro e auditoría ditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

### **Destinatarios dos informes (artigo 36 do RD 424/2017).**

Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financieira controlada e á Presidencia da Entidade Local, así como, a través desta última, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Tamén serán enviados aos órganos que prevé o artigo 5.2 cando nos devanditos informes se aprecie a existencia de feitos que puidesen dar lugar, indiciariamente, ás responsabilidades que nel describíense.

A información contable das entidades do sector público local e, no seu caso, os informes de auditoría de contas anuais, deberán publicarse nas sedes electrónicas corporativas.





Esta mesma información deberá remitirse á Intervención Xeral da Administración do Estado, para a súa integración no rexistro de contas anuais do sector público regulado no artigo 136 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, de conformidade coas instrucións que se diten respecto diso.

#### **Informe resumo (artigo 37 do RD 424/2017).**

O órgano interventor deberá elaborar con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumo dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O informe resumo será remitido ao Pleno, a través da Presidencia da Corporación, e á Intervención Xeral da Administración do Estado no curso do primeiro cuadrimestre de cada ano e conterá os resultados máis significativos derivados das actuacións de control financeiro e de función interventora realizadas no exercicio anterior.

A Intervención Xeral da Administración do Estado ditará as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen e deberá crear un inventario público que recolla os informes recibidos das Entidades Locais.

#### **Plan de acción (artigo 38 do RD 424/2017).**

A Presidencia da Corporación formalizará un plan de acción que determine as medidas para adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no informe resumo referido no apartado anterior.

O plan de acción elaborárase no prazo máximo de 3 meses desde a remisión do informe resumo ao Pleno e conterá as medidas de corrección adoptadas, o responsable de implementalas e o calendario de actuacións a realizar, relativos tanto á xestión da propia Corporación como á dos organismos e entidades públicas adscritas ou dependentes e das que exerza a tutela.

O plan de acción será remitido ao órgano interventor da Entidade Local, que valorará a súa adecuación para liquidar as deficiencias sinaladas e no seu caso os resultados obtidos, e informará o Pleno sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto no exercicio do control interno, permitindo así que o Pleno realice un seguimento periódico das medidas correctoras implantadas para a mellora das xestión económico financeira.

Na remisión anual á Intervención Xeral da Administración do Estado do informe resumo dos resultados do control interno informárase, así mesmo, sobre a corrección das debilidades postas de manifesto.

## **2. PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2023.**

### **2.1. ANTECEDENTES.**

No ano 2015 púxose en marcha nesta entidade o control financeiro en materia de subvencións, procedéndose ao deseño e aprobación do primeiro Plan provincial de control financeiro restrinxido a dito ámbito.

Nos exercicios sucesivos procedeuse á aprobación e execución dos correspondentes plans anuais de control financeiro en materia de subvencións.

A entrada en vigor do Real Decreto 424/2017 regulou de xeito claro e indubitado a obriga de deseño e execución dun Plan anual de control financeiro e auditoría global.



No ano 2020 formulouse o primeiro Plan anual de control financeiro e auditoría, con ampliación do ámbito material do control, co obxecto de dar cumprimento ás principais esixencias legais nesta materia, incorporando novas actuacións de control financeiro (registro de facturas) e de auditoría de contas de entidades adscritas e dependentes.

O Plan anual 2021 concibiuse como unha continuidade do Plan anterior, sen incremento do ámbito do control, con inclusión do control financeiro en materia de subvencións, así como a auditoría de entidades adscritas e dependentes e auditoría do registro de facturas.

A definición do Plan para ao ano 2022 propuxo o mantemento das actuacións dos plans anteriores, con previsión da realización conxunta da auditoría do registro de facturas 2021 e 2020, control financeiro de subvencións, auditorías de contas obrigatorias, e ampliación do ámbito obxecto do control, incluíndo o control financeiro en materia de ingresos.

Non en tanto, a importante carga de traballo da Intervención e a limitación de medios supuxo a demora na realización dos traballos de control financeiro incluídos no plan anterior.

Esta limitación de medios e o solapamento co plan actual, condicionan a configuración do novo plan que, sen prexuízo da conveniencia e necesidade da ampliación, debe formularse en termos realistas de execución.

## **2.2. MEDIOS DISPOÑIBLES**

Os medios persoais dispoñibles para a realización do control financeiro son limitados en canto a número e dedicación. O incremento da actividade de control, tanto no que atinxe ao reforzo do control financeiro en materia de subvencións, como a inclusión de novas áreas de control e auditoría, esixen necesariamente unha maior dotación de medios, ben sexa mediante incremento do número de efectivos asignados ás tarefas de control, ben mediante a colaboración con entidades privadas especializadas en control e auditoría, ou unha mestura de ambos.

Esta limitación de medios, agravouse no ano 2020 como consecuencia da crise da COVID que afectou de xeito significativo ao desenvolvemento do traballo en entidades que, como esta Deputación, non tiñan cultura de traballo en remoto. A adaptación ao novo escenario, suspensión de prazos e procedementos, e incertezas xeradas, afectaron ao control financeiro, supoñendo unha demora na redacción do Plan 2020 e no inicio das actuacións.

Co obxecto de poder desenvolver un control financeiro e de auditoría de mínimos contouse coa colaboración de dúas firmas auditoras para a realización das auditorías das contas 2019 e 2020 de entidades adscritas e dependentes (Consortio Provincial Contra Incendios, Consortio Contra Incendios Deza Tabeirós e Escola de Enfermería), así como para a realización dunha parte do control financeiro de subvencións, incluídos na programación dos dous anos anteriores. Non en tanto, a actividade de colaboración no control financeiro de subvencións non acadou o grado de eficacia e eficiencia que se esperaba, obrigando a unhas labores de seguimento e supervisión que ralentizaron a execución dos traballos con efectos moi limitados na redución da carga de traballo do persoal funcionario.

Vista a experiencia, consideramos como solución máis eficiente a realización do control con medios propios, sen prexuízo de colaboracións puntuais para controis singulares e moi especializados como as auditorías de contas, polo que o crecemento no ámbito do control debe vir acompañado necesariamente nun incremento da dotación de efectivos no medio prazo. A estes efectos o plan 2022 concibiuse para a execución con medios propios, con colaboración dunha entidade auditora para a realización das auditorías dos Consortios.



Nesta mesma liña, o Plan 2023 executarase con medios propios, correspondendo a execución deste proxecto ao servizo de Contabilidade e Auditoría, cunha dotación actual de medios de tres persoas, o xefe de servizo e dúas Técnicas, baixo a dirección e colaboración da Viceinterventora. Non en tanto, cómpre destacar a previsión de execución neste exercicio dos traballos de implementación do novo sistema contable, así como o deseño e formulación da contabilidade analítica, proceso que executarase baixo a dirección funcional da Viceinterventora e que esixirá un notable esforzo e dedicación do persoal deste Servizo de Contabilidade e Auditoría, o que condiciona de xeito substancial a execución deste plan.

### **2.3. CONTIDO.**

A efectos de delimitar o contido do Plan Anual de control financeiro, diferenciamos actuacións de CONTROL PERMANENTE e actuacións de AUDITORÍA.

#### **2.3.1 CONTROL PERMANENTE**

No que ténxe ao CONTROL PERMANENTE podemos establecer una dobre clasificación das actuacións de control:

- Por un lado, podemos distinguir entre actuacións de control financeiro OBRIGATORIAS (existe unha norma legal e/ou regulamentaria que configuran o control con carácter preceptivo) e VOLUNTARIAS (previamente seleccionadas en función dun análises de riscos).
- Doutro, podemos distinguir entre actuacións de control financeiro PLANIFICABLES e NON PLANIFICABLES. As primeiras poden derivar ou non dunha obriga legal e se realizan con carácter xeral a posteriori empregando técnicas ou procedementos de auditoría. As segundas (non planificables) derivan dunha obriga legal e se efectúan no momento e coas condicións previstas na normativa reguladora, segundo as esixencias do procedemento.

#### **A. Actuacións de control permanente derivadas dunha obriga legal ou regulamentaria (OBRIGATORIAS)**

O artigo 4 do Real Decreto 128/2018 sinala unha serie de materias ou procedementos suxeitas a control financeiro con carácter preceptivo. Na restante normativa de aplicación no ámbito das entidades locais, atopamos outras actuacións en materia de informe ou control atribuídas á Intervención con carácter preceptivo e que, ao non revestir o carácter de fiscalización/intervención previa, se inclúen no control financeiro, por conseguinte neste Plan Anual.

Artigo 4 do Real Decreto 128/2018:

“El ejercicio del control financiero incluirá, en todo caso, las actuaciones de control atribuídas en el ordenamiento jurídico al órgano interventor, tales como:

1. El control de subvenciones y ayudas públicas, de acuerdo con lo establecido en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
2. El informe de los proyectos de presupuestos y de los expedientes de modificación de estos.
3. La emisión de informe previo a la concertación o modificación de las operaciones de crédito.
4. La emisión de informe previo a la aprobación de la liquidación del Presupuesto.
5. La emisión de informes, dictámenes y propuestas que en materia económico-financiera o presupuestaria le hayan sido solicitadas por la presidencia, por un tercio de los Concejales o Diputados o cuando se trate de materias para las que legalmente se exija una mayoría



especial, así como el dictamen sobre la procedencia de la implantación de nuevos Servicios o la reforma de los existentes a efectos de la evaluación de la repercusión económico-financiera y estabilidad presupuestaria de las respectivas propuestas.

6. Emitir los informes y certificados en materia económico-financiera y presupuestaria y su remisión a los órganos que establezca su normativa específica.”

Otras actuaciones de control financeiro obrigatorias previstas na normativa legal aplicable ás entidades locais son as seguintes:

a. As previstas na Lei Orgánica 2/2012 e RD 1463/2007. Entre outras:

- As consideracións en materia de estabilidade e sustentabilidade que deben ser obxecto de valoración con carácter previo á aprobación das disposicións regulamentarias, en fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación que afecte aos gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros (artigo 7.3 Lei Orgánica 2/2012).

- Avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria en fase de elaboración, execución e liquidación do orzamentos (artigo 11 LO 2/2012).

- Informe de seguimento do Período Medio de Pago a provedores (art. 18.5 LO 2/2012).

- Informe sobre o cumprimento do Plan económico-financiero -PEF- (artigos. 19, 22.2 y 25.3 RD 1463/2007).

- Seguimento da execución orzamentaria e verificación do cumprimento dos obxectivos asignados (art. 32.1 RCI).

b. As previstas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL):

- Informe de sustentabilidade financeira para o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación (Art. 7.4 LRBRL).

- Informe de sustentabilidade financeira para a constitución de consorcios (Art. 57 LRBRL).

- Informe de sustentabilidade financeira das propostas de xestión directa dos servizos públicos de competencia local a través de entidade pública empresarial local ou de sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública (Art. 85 LRBRL).

- Informe de avaliación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da sustentabilidade financeira do exercicio das súas competencias, no caso de que a entidade local proponha exercer a iniciativa pública para o desenvolvemento de actividades económicas (Art. 86 LRBRL).

c. As previstas no Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL):

- Informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados polo órgano interventor, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. (Art. 218.1 de TRLRFL).

- Informe ao Tribunal de Contas sobre as resolucións e acordos adoptados pola presidencia da Entidade Local e por el Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos (Art. 218.3 de TRLRFL).



- Informe ao Pleno sobre o resultado do control financeiro sobre a Entidade Local, (Art. 220 TRLRFL).
- Informe acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica específica nos investimentos financeiramente sustentables (Disposición Adicional 16º de TRLRHL).
- Informe anual e dación de conta ao Pleno, xunto coa liquidación, do grado de cumprimento dos criterios legalmente previstos para os IFS (apartado 6 D.A. 16ª do TRLRFL).
- Informe ao Ministerio de Facenda dos investimentos realizadas en aplicación do lo previsto na la Disposición Adicional 16º de TRLRHL. (Apartado 8 da D.A.16ª do TRLRFL).
- Control financeiro en materia de ingresos, nos supostos nos que se substitúe a fiscalización previa de dereitos pola toma de razón na contabilidade (artigo 219.4 TRLRFL).
- (...)

Respecto das actuacións de control financeiro derivadas dunha obriga legal, como apuntamos anteriormente, hai que diferenciar as que se realizan de xeito continuo (**non planificables**) e as que se realizan con posterioridade e mediante aplicación de técnicas de auditoría (**planificables**).

As actuacións de control permanente e non planificables que se realizan de xeito continuado, con ocasión da fiscalización ou intervención, como apartado específico do informe ou, no seu caso, Informe complementario e independente, non precisan para a súa esixibilidade da incorporación a un Plan anual de control financeiro.

A enumeración referida non se considera exhaustiva de xeito que aínda que non enumeradas neste Plan, constitúen actuacións de control financeiro permanente de obrigado cumprimento calesquera outras previstas ou que se inclúan como tal con posterioridade na normativa legal aplicable ás entidades locais.

As actuacións de control financeiro realizadas a posteriori e mediante a aplicación de procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións dadas ao efecto pola Intervención Xeral da Administración, conforman as actuacións de control financeiro planificables.

Como actuacións de control financeiro derivadas dunha **OBRIGA LEGAL** e **PLANIFICABLES**, inclúense as seguintes:

- Tal e como recolle o artigo 12.3 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da Factura Electrónica e Creación do Rexistro Contable de Facturas no Sector Público, as Intervencións Xerais ou órganos equivalentes de cada Administración realizarán unha auditoría de sistemas anual para verificar que os correspondentes rexistros contables de facturas cumpren coas condicións de funcionamento previstas na normativa.



Así mesmo, inclúense nas obrigas de control financeiro a elaboración do Informe resumo anual sobre morosidade, segundo o previsto no apartado 2 do artigo 12 da Lei 25/2013, e a elaboración do Informe sobre obrigas pendentes de imputar ao orzamento (conta 413), segundo o previsto na Disposición Adicional Terceira da Lei Orgánica 9/2013, do 9 de setembro, de Control da Débeda Comercial no Sector Público.

- No ámbito das subvencións o RD 424/2017, recolle a obriga xa prevista na Lei 38/2003 de Subvencións, no que respecta ao control financeiro nesta materia.
- En materia de ingresos, cando se substitúe a fiscalización previa pola toma de razón na contabilidade, debe realizarse un control financeiro a posteriori. De acordo co disposto nas Bases de execución do Orzamento Provincial (base 40) realizarase a fiscalización previa dos dereitos mediante comprobación pola Intervención das liquidacións que se fan polos centros xestores ou polo ORAL. Noutros conceptos de ingresos (ingresos doutras AAPP, etc) substitúese pola toma de razón na contabilidade, polo que deberán ser obxecto de inclusión nos plans anuais de control financeiro.

No que atinxe aos ingresos xestionados polo ORAL, as bases de execución sinalan que a fiscalización previa dos actos de xestión correspondentes aos dereitos que por delegación doutros Entes Públicos, tramita a Deputación a través do ORAL, referidos á aprobación dos padróns, beneficios fiscais sen dereito a devolución, aprazamentos/fraccionamentos e anulación de liquidacións por causas distintas á prescrición ou insolvencia, substituirase pola toma de razón en contabilidade e control financeiro posterior mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría.

## **B. Actuacións de control permanente seleccionadas anualmente sobre a base dunha ANÁLISE DE RISCOS.**

Nas restantes materias non previstas como actuacións suxeitas a control permanente de carácter obrigatorio, deberase proceder a avaliación e selección sobre a base dunha análise de riscos.

Neste sentido resultaría desexable a elaboración dun mapa de riscos e elaboración dun programa a medio prazo que, en función das prioridades, sirva de base para a elaboración do plan anual de control financeiro.

Non en tanto a limitación de medios, a novidade na posta en marcha de certos tipos de control como a auditoría de contas e a necesidade de priorizar o cumprimento das actuacións de control financeiro preceptivas, imposibilitan o deseño dun plan anual máis global. A inclusión de maiores actuacións, aínda que desexable, suporía a elaboración dun documento ou programación que desde o principio, sabemos que nonse vai cumprir.

### **2.3.2. ACTUACIÓNS EN MATERIA DE AUDITORÍA**

A auditoría prevese no RD 424/2017 como unha modalidade de control financeiro, delimitada desde un punto de vista subxectivo, pola natureza da entidade obxecto do control (entidades



privadas ou públicas dependentes ou adscritas á entidade local territorial), temporal (a posteriori), e procedimental (conforme as normas e procedementos de auditoría).

Esta modalidade control comprende as auditorías de contas ou financeiras, de cumprimento e operativas.

Como actuacións de auditoría de obrigado cumprimento, o artigo 29.3 do Real Decreto 424/2017 sinala a auditoría de contas de organismos autónomos, entidades empresariais, fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola normativa específica, fondos e Consorcios. A realización de auditorías de sociedades mercantís ou fundacións non obrigadas a auditarse segundo normativa específica poderán incluírse, no seu caso, no Plan anual de auditorías.

As outras dúas modalidades de auditoría, de cumprimento e operativas en entidades do sector público non sometidas a control permanente serán obxecto de selección e planificación en base a un análise de riscos.

### **2.3.3. ACTUACIÓNS A INCLUIR NO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA – 2023**

Como xa se expuxo anteriormente, a limitación de medios dispoñibles condicionan o deseño e programación do Plan Anual. Si ben o Servizo de Contabilidade e Auditoría conta coa dotación dun novo posto de técnico medio, cómpre salientar a previsión de execución nesta anualidade do proceso de implementación do módulo de contabilidade e deseño e configuración do proxecto de contabilidade analítica no ano en curso, correspondendo a dirección e coordinación funcional do procedemento a Viceinterventora, con participación necesaria no procedemento do persoal adscrito a este servizo, o que limita de xeito significativo o tempo de dedicación ás actuacións de control financeiro supoñendo un importante esforzo para a execución do plan.

Coas limitacións referidas, e sen prexuízo da inclusión das actuacións de control permanente obrigatorias e de execución continua, o Plan Anual de Control e Auditoría exercicio 2023 inclúe as seguintes actuacións planificables que estruturamos en tres Bloques:

#### **A. CONTROL FINANCEIRO**

##### **A.1. Control financeiro en materia de SUBVENCIONES.**

O control financeiro en materia de subvencións desenvólvese como Anexo incorporado ao presente en Plan, na liña dos plans anuais aprobados en anos anteriores.

Aplicando criterios de risco, baseados na experiencia, combínanse dous criterios de selección, un criterio de inclusión automática para expedientes de maior contía e outro de selección aleatoria por mostreo en función do procedemento de concesión e contía, previa determinación de expedientes excluídos.



Como no ano anterior, prescínlese da colaboración externa para realización deste control, propoñéndose a execución con medios propios.

Considerando a demora no inicio das actuacións neste exercicio, a existencia de traballos pendentes e a previsión de inicio inminente dos traballos de implementación dos novos sistemas de contabilidade, xestión patrimonial e contabilidade analítica, mantense un número similar de expedientes a tramitarneste exercicio, sen prexuízo da posibilidade de ampliación, en función do grao de execución que se logre acadar ao longo do ano.

## **A.2. Control financeiro en materia de ingresos**

Como principal novidade do Plan anual 2022, incluíuse o control financeiro en materia de ingresos.

O importante volume de recursos xestionados por esta Deputación, impide abranguer a totalidade de ingresos e operacións. Ao tratarse de recursos xestionados para outras entidades, considerouse como de especial interese, os recursos xestionados polo ORAL. A determinación das áreas de maior risco, realizouse en función de criterios de:

- Supostos de toma de razón en contabilidade sen fiscalización previa plena (Base 48 das BEO 2022).
- Complexidade da normativa de aplicación.
- Volume de recursos xestionados.
- Experiencia do equipo de fiscalización do ORAL.

Sen prexuízo da revisión e detalle deste control en fase de planificación propúxose a inclusión de expedientes de baixa de valores, beneficios fiscais, aprobación de padróns, liquidacións tributarias en expedientes de cambios de titularidade, altas derivadas de inspeccións e as correspondentes con sancións de tráfico, así como aprazamentos ou fraccionamentos.

Con data 04/11/2022 elaborouse o documento de planificación, limitado inicialmente aos expedientes de baixa de valores sen fiscalización previa, e referidos á figura impositiva local de maior transcendencia desde un punto de vista cuantitativo e cualitativo, que é o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) – Urbana, incorporándose ao documento a selección da mostra categorizada cun total de 344 expedientes.

A limitación de medios e carga de traballo da Intervención impediu completar a execución deste control, incluíndose no presente plan a execución e remate dos controis referidos.

Na medida en que se avance na execución, e segundo a dispoñibilidade de medios o permita, poderase proceder á ampliación do ámbito do control e/ou do número de expediente analizados.





### **A.3. Control financeiro en materia de morosidade**

De conformidade co disposto no artigo 12.2 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da Factura Electrónica e Creación do Rexistro Contable de Facturas no Sector Público, o órgano de control interno elaborará un informe no que avaliará o cumprimento da normativa en materia de morosidade.

En liñas xerais o referido informe terá por obxecto:

- Verificar o cumprimento dos prazos establecidos na normativa sobre morosidade.
- Verificar o cumprimento dos prazos establecidos na normativa sobre período medio de pago.
- Verificar o cumprimento das obrigas de remisión da información ao Ministerio de Facenda nos prazos establecidos pola normativa aplicable.

### **B. AUDITORÍA DE CONTAS DE ENTIDADES DEPENDENTES.**

No que respecta á auditoría de contas das entidades adscritas (consorcios), cómpre sinalar a modificación do apartado terceiro do artigo 122 da Lei 40/2015, pola Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamento Xerais do Estado para o ano 2023, que, con efectos desde a entrada en vigor da Lei e con vixencia indefinida, modifica a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, limita a obrigatoriedade de realización da auditoría de contas dos consorcios a aqueles supostos nos que se superen determinados importes referidos ás partidas de activo, ingresos de xestión ordinaria ou número medio de traballadores <sup>1</sup>. Esta modificación supón a exclusión da obrigatoriedade de auditar as contas do Consorcio contra Incendios Deza Tabeirós, de xeito que, aínda que a inclusión no Plan anual de control é potestativa para esta Intervención, considerando que esta entidade xa foi auditada no ano 2021 (respecto do exercicio 2020) e a falta de acontecementos ou cambios relevantes na estrutura organizativa ou de xestión, optase por non incluírse no plan.

O plan anual inclúe así a realización das auditorías de contas do Consorcio Provincial contra Incendios e da Escola de Enfermería. Para a execución destas auditorías contarase coa colaboración da entidade auditora adxudicataria do contrato de colaboración.

### **C. AUDITORÍA DE FUNCIONAMENTO DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS.**

O Plan Anual 2020 incluíu por primeira vez a auditoría de funcionamento do rexistro contable de facturas. De conformidade coas esixencias legais, este control debe realizarse anualmente. O Plan anual 2022 incluíu a realización da auditoría do rexistro de facturas 2021, xunto co correspondente ao 2020, pendente de realización no ano anterior.

Aínda que prevista no Plan e de realización obrigatoria, cómpre sinalar a previsibilidade de acadar uns resultados similares, en tanto que a principal discrepancia, referida á falta dun rexistro “contable” propiamente dito por falta de integración coa contabilidade, persiste no momento actual, con previsión de solventarse unha vez se acometa o cambio do sistema contable, e, por conseguinte, a partir do 1 de xaneiro de 2024.

Non en tanto, ao tratarse dun control legal obrigatorio inclúese a auditoría do rexistro de facturas 2022 no Plan de control a executar no ano 2023. Esta auditoría realizarase con medios propios, con colaboración do Servizo de Novas Tecnoloxías, sen prexuízo de que, de acordo cos recomendacións desta Intervención, a parte de auditoría de seguridade poida realizarse por



técnico con perfil de auditoría de sistemas que, no caso de inexistencia de persoal propio, poderá ser obxecto de contratación con entidade especializada.

Si ben o Plan anual proposto pode considerarse insuficiente, somos conscientes de que a formulación dun Plan anual máis amplo sen a dotación dos medios correspondentes, resultaría de imposible cumprimento. Neste sentido, óptase pola inclusión das actuacións de control financeiro e de auditoría nos ámbitos de carácter obrigatorio, demorando a vindeiros Plan a ampliación das actuacións de control nestes campos, así como a inclusión doutras áreas ou materias que se consideren prioritarias en función dunha análise de riscos.

<sup>1</sup> Artigo 122.3 da Lei 40/2015 (redacción modificada pola Lei 31/2022, de 23 de decembro):

(..) El órgano de control interno de la Administración a la que se haya adscrito el consorcio, deberá realizar la auditoría de las cuentas anuales de aquellos consorcios en los que, a fecha de cierre del ejercicio, concurran, al menos, dos de las tres circunstancias siguientes:

- a) Que el total de las partidas del activo supere 2.400.000 euros.
- b) Que el importe total de sus ingresos por gestión ordinaria en el caso de los consorcios del sector público administrativo, o la suma del importe de la cifra de negocios más otros ingresos de gestión, en el caso de los pertenecientes al sector público empresarial, sea superior a 2.400.000 euros.
- c) Que el número medio de trabajadores empleados durante el ejercicio sea superior a 50. (...)

#### **2.4. ÁMBITO TEMPORAL**

Con carácter xeral, o alcance temporal do presente Plan abarca desde a súa elaboración pola Intervención ata o 31 de decembro de 2023, de conformidade co seguinte:

1. O control permanente obrigatorio e non planificable levarase a cabo durante todo o período de vixencia referido no parágrafo anterior, segundo prazos sinalados pola normativa e/ou esixidos pola tramitación do expediente en cuestión.
2. O ámbito temporal de execución do Plan de control financeiro en materia de subvencións levarase a cabo desde a elaboración do Plan ata o 31/12/2023 realizándose sobre os expedientes das subvencións concedidas no exercicio 2021.
3. O control financeiro en materia de ingresos é referido ao ORAL a executar no 2023, comprenderá a finalización dos traballos incluídos no documento de planificación dos traballos de control financeiro de ingresos xestionados polo ORAL, elaborado por esta Intervención con data 04/11/2022.
4. As auditorías de contas do Consorcio Provincial e da Escola de Enfermería levaranse a cabo no 2023 respecto das contas do exercicio 2022.
5. A auditoría de funcionamento do rexistro contable de facturas, abranguerá o funcionamento do rexistro no ano 2022, e iniciárase no ao longo do segundo semestre do 2023.
6. O control en materia de morosidade, efectuarase de xeito trimestral respecto das obrigas pendentes de recoñecemento transcorridos tres meses desde a data do rexistro da factura. O informe anual en materia de morosidade referido ao ano 2022, foi emitido en data 9/02/2023.



Ao presente plan sucederalle outro en cuxa elaboración teranse en consideración as conclusións acadadas neste. En tanto non se aprrobe o vindeiro plan, o presente plan terase por prorrogado.

## **ANEXO: PLAN DE CONTROL FINANCIERO DE SUBVENCIONES CONCEDIDAS NO EJERCICIO 2021.**

### **I. INTRODUCCIÓN.**

O control financeiro de subvencións correspóndese cunha parte do control financeiro que debe desenvolver a entidade, si ben en tanto non se adopte o Plan integral, procédese á proposta e aprobación dun Plan Anual de Control Financeiro de Subvencións que unha vez definido o Plan global, considerárase integrado no mesmo.

Dando continuidade a os traballos de control financeiro realizados sobre as subvenciones concedidas, no presente exercicio se realizará o control financeiro sobre as concedidas no exercicio 2021.

Como en exercicios precedentes, no 2021 as subvencións sometíanse ó control de fiscalización previa dos expedientes de concesión e de xustificación. O control financeiro non se estaba realizando na súa integridade xa que a comprobación da aplicación das subvencións consiste na revisión da documentación remitida polas entidades e persoas beneficiarias e cando se trata de axudas para a realización de investimentos, nalgúns casos, realízase a inspección física e verifícase que a xefatura do servizo, que tramitou o expediente da subvención, elaborou un informe sobre o cumprimento da súa finalidade.

O control financeiro das subvencións determínase no artigo 44 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS). No apartado 3 do devandito artigo establécese que: “a competencia para o exercicio do control financeiro de subvencións corresponderá á Intervención Xeral da Administración do Estado...” Así mesmo a Disposición adicional 14ª establece que “os procedementos regulados nesta Lei adaptaranse regulamentariamente ás condicións de organización e funcionamento das corporacións locais”, e esta adaptación aínda non se produciu a día de hoxe na Deputación, aínda que se establecen na base 25 das Bases reguladoras do Orzamento provincial unha serie derequisitos sobre ela.

Adicionalmente subliñar que no exercicio 2016 apróbase polo Pleno da Deputación, na sesión ordinaria do 28 de outubro, a “Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra”, BOP nº 249 de 30 de decembro de 2016, que dedica o seu art. 31 o Control Financeiro.

Na disposición adicional décimo cuarta da LXS establécese que: “a competencia para exercer o control financeiro das subvencións concedidas polas corporacións locais e os organismos públicos delas dependentes corresponderá aos órganos ou funcionarios que teñan atribuído o control financeiro da xestión económica das devanditas corporacións a que se refiren os artigos 213 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais”.



Neste exercicio, tal e como se implantou en exercicios precedentes, o criterio de selección de expedientes atenderá a os de procedemento de concesión así como o seu importe, de tal xeito que se fará a selección de todas aquelas subvencións concedidas polo procedemento directo que superen os 11.999,99 €, e nominativo que superen os 19.999,99 € dado que son os de maior volume económico, e onde se concentra máis risco de incumprimentos en función dos traballos de exercicios anteriores.

Polo que respecta as concedidas por concorrencia competitiva que superen o importe de 6.000,00 €, se retoma o procedemento de sorteo, se ben se realizará por centros xestores de subvencións, e seleccionando o 10 % dos expedientes tramitados por cadaun deles.

Adicionalmente, para comprobación de subvencións de inversións o importe mantense nos 10.000,00 € como en exercicios anteriores.

## **II. MARCO XURÍDICO DE REFERENCIA.**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- R. d. l. 2/2004, de 4 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases de execución dos orzamentos da Deputación.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, en materia de control financeiro.
- Bases específicas reguladoras das subvencións concedidas.
- Normas de auditoría do sector público.

## **III. OBXECTO DO CONTROL.**

Este control terá por obxecto verificar:

- A adecuada e correcta obtención das subvencións polas entidades e persoas beneficiarias.
- O cumprimento por parte do colectivo de persoas beneficiarias e entidades colaboradoras das obrigas de xestión e aplicación das subvencións.
- A adecuada e correcta xustificación das subvencións e a consecución do obxecto da subvención.
- A realidade e regularidade das operacións que de acordo coa xustificación presentada polas entidades e persoas beneficiarias e colaboradoras, foron financiadas coa subvención.
- O adecuado financiamento das actividades subvencionadas.
- A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración polas



entidades e persoas beneficiarias, que poidan afectar á correcta obtención, utilización, gozo ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións por ela financiadas.

#### **IV. PERSOAL QUE REALIZARÁ O CONTROL FINANCEIRO.**

Aínda que a función interventora a exercerá o interventor da Deputación, o artigo 222 do TRLRFL, en referencia ás facultades do persoal controlador, dispón que se realizará por “os funcionarios (...) que se designen para levar a efecto os controis financeiro e de eficacia (...)”, o que fai necesario que exista un nomeamento por parte do órgano competente para os efectos de dotar de medios persoais e materiais se fosen necesarios para o desenvolvemento desta tarefa.

A este respecto o Título III da ordenanza xeral de subvencións dispón no apartado 17 que este control financeiro se realizará polo órgano Interventor.

Para iso a Intervención provincial elabora o presente plan de control financeiro das subvencións concedidas no ano 2021 co fin de comprobar os extremos anteriormente expostos.

#### **V. DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS.**

No Control Financeiro de 2021 se levarán a cabo dous tipos de traballo, Control Financeiro Pleno e de comprobación de que as subvencións concedidas para adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, compren cos períodos de adscrición determinados nas bases reguladoras de concesión e os previsto no art. 31 da Lei Xeral de Subvencións. Ditos traballos consistirán, basicamente, en:

**Actuacións de control financeiro** efectuarase:

- O exame de rexistros contables e estados financeiros que a soporten.
- Operacións individualizadas relacionadas ou que afecten ás subvencións concedidas.
- A comprobación de aspectos parciais e concretos dunha serie de actos relacionados con elas.
- A comprobación material dos investimentos financiados.
- As actuacións concretas de control que se deban realizar conforme á normativa reguladora.
- Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.

**Actuación de comprobación do período de adscrición** consistirán:

- Adicionalmente aos traballos anteriores, se engadirá un informe sobre a comprobación in



situ da referida adscrición.

Polo que respecta ás **obrigas de colaboración**, conforme establece o artigo 46 da LXS, existe deber de colaboración por parte de terceiras persoas, en relación co obxecto da subvención, debendo prestar colaboración a axentes da fiscalización, no exercicio das súas funcións de control e en concreto, permitir o libre acceso á documentación, a locais de negocio, facilitar a obtención de copias e retención de facturas ou documentos e equivalentes ou substitutivos así como libre acceso á información das contas bancarias nas entidades financeiras onde puidese efectuar o cobro das subvencións ou con cargo ás que se puidese realizar a disposición dos fondos.

A negativa ou escusa ó cumprimento desta obrigación considérase resistencia, obstrución ou negativa á colaboración cos efectos previstos no artigo 37 da LXS, sobrecausas do reintegro de subvencións.

Polo que respecta ó establecemento do **procedemento do control financeiro**, este constará das seguintes fases:

- Elaboración pola Intervención do plan de control financeiro.
- Selección da mostra. Definiendo claramente a liña ou liñas de subvención obxecto de control financeiro, así como dos criterios seguidos na selección dos expedientes para a realización do traballo.
- Iniciación. Mediante a oportuna notificación ás entidades e persoas beneficiarias das actuacións para desenvolver. Data da comparecencia do equipo, natureza e alcance das actuacións para desenvolver, documentación que debe poñerse a disposición del e demais elementos necesarios.
- Finalización. As actuacións de control finalizarán coa emisión dos correspondentes informes comprensivos dos feitos postos de manifesto e das conclusións que deles se deriven.
- Prazo de actuacións. As actuacións de control financeiro deberán concluír nun prazo máximo de 12 meses contando desde a data de notificación a aqueles do inicio destas. O devandito prazo poderá ampliarse, co alcance e requisitos que se determinen regulamentariamente, cando nas actuacións conorra algunha das seguintes circunstancias:
  1. Se revisten durante o seu transcurso especial complexidade.
  2. Cando no transcurso das actuacións se descubra que a entidade ou persoa beneficiaria ocultou información ou documentación esencial para un adecuado desenvolvemento do traballo.
- Documentación das actuacións de control financeiro. Toda actuación de comprobación deberá documentarse en dilixencias e informes. Así mesmo, toda actuación de control



finalizará coa emisión dun informe que recolla os feitos postos de manifesto, e das conclusións que deles se desprendan. Tanto unhas coma outras terán a natureza de documentos públicos e farán proba dos feitos que motiven, salvo proba en contrario.

- Efectos dos informes. Se como consecuencia do informe emitido se derivase a procedencia dun reintegro ou a imposición dunha sanción, a LXS establece un procedemento contraditorio. Nestes casos darase traslado do informe a entidade ou persoas beneficiarias as conclusións ás que se chegou, para o que disporá de 15 días para alegar, coa finalidade de aceptalas ou desestimalas. A Presidencia, no prazo dun mes, desde a recepción do informe definitivo, deberá acordar mediante Resolución presidencial o inicio do expediente de reintegro ou sanción, notificándollo á entidade ou persoa beneficiaria, que disporá de 15 días para alegar. Unha vez concluído o procedemento ditarase unha resolución definitiva da cal se dará traslado ó negociado de xestión de recursos económicos para emitir un cargo polo importe correspondente ó reintegro ou a sanción.

- Conclusións e recomendacións. Unha vez que se concluíu totalmente o plan de control financeiro dun exercicio, e independentemente das actuacións propostas en cada un dos informes que se emitan, a Intervención provincial elaborará un informe no que se resume o resultado global das actuacións levadas a cabo e as recomendacións de mellora que se estimen oportunas.

- Do resultado deste control financeiro se actuará conforme o disposto nos art. 35 e 36 do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. Asemade, e conforme o disposto no art. 37 do mesmo texto legal o órgano interventor elaborará un resumo dos resultados que se incluírá no do resultado do control interno sinalado no art. 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con ocasión da aprobación da conta xeral da Deputación e os seus organismos dependentes.

## **VI. PLAN DE CONTROL FINANCEIRO 2021.**

### **VI.1. Obxecto e determinación dos expedientes a examinar.**

O desenvolvemento do control financeiro que se realizará no exercicio 2023 estenderase sobre as subvencións concedidas no ano 2021 xa que na data de realización dos traballos deberán estar concluídas as actividades ou investimentos obxecto das diferentes intervencións.

Do total de subvencións excluíronse as subvencións concedidas ós concellos da provincia, outras entidades locais e entes públicos, xa que en cada un deles existe un órgano de control propio que fiscaliza a aplicación correcta dos fondos concedidos. Igualmente, pola presunción dun maior control e conseguinte redución de risco, exclúense aquelas axudas correspondentes con Plans e Programas que se executan conxuntamente, ou en coordinación, cos Concellos por ser estes beneficiarios da actividade desenvolta. Adicionalmente, e como novidade, se exclúen tamén aquelas entidades que xa foron obxecto de Control Financeiro no exercicio precedente, independentemente do seu resultado, ca finalidade de ir ampliando o número de entidades beneficiarias de subvencións.



Como consecuencia o detalle da mostra a traballar queda do seguinte xeito:

	MAIOR DE 19.999,99 €		MAIOR DE 11.999,99 €	
	NOMINATIVA		DIRECTAS	
SELECCIÓN	13	504.400,00 €	1	12.000,00 €
TOTAL	45	906.363,00 €	1	12.000,00 €
<b>COBERTURA</b>	<b>28,89 %</b>	<b>55,65 %</b>	<b>100,00 %</b>	<b>100,00 %</b>

Serán obxecto de Control Financeiro 14 expedientes, os 13 de subvencións nominativas e 1 de directas.

Por outra banda seleccionaranse por sorteo 13 expedientes concedidos en concorrencia competitiva, ata acadar o 10 % dos concedidos por centro xestor, o seu detalle a sortear é:

CENTRO XESTOR	EXP.	10%
COHESIÓN SOCIAL E XUVENTUDE	11	1
CULTURA	19	2
DEPORTES	97	10
	127	13

A selección por mostreo se fará utilizando follas de cálculo nas que figuran os datos de cada un dos expedientes de subvención, procederase, mediante unha fórmula aleatoria (que inclúe Microsoft Excel), a asignar un número entre 0 e 1 con múltiples decimais a cada un dos expedientes. Unha vez feito isto e mediante outra fórmula de Excel (Buscar V) procedemos a buscar dentro este rango de números aleatorios os x números maiores. O que fai esta función é ordenar os expedientes en función do número aleatorio asignado polo programa de maior a menor e así nos permite poder elixir os primeiros da lista en función do número de subvencións que se estimase que se deben revisar en cada un dos grupos.

Adicionalmente se incluírán no programa de traballo aqueles expedientes que de forma motivada se proponían por os diferentes Centros Xestores da Deputación, indicando aqueles incumprimentos que a o seu criterio se puidesen producir. Asemade, de aqueles expedientes que no proceso de fiscalización se detectasen aspectos que xustifiquen a inclusión no referido plan. A determinación dos expedientes a revisar que a inversión continúa adscrita o obxecto para que foi concedida, se fará sobre aquelas subvencións concedidas por importe igual ou superior a 10.000,00 €.

**CAP. VII IGUAL OU MAIOR A 10.000,00 €**





CENTROXESTOR	Nº EXPD.	IMPORTE	TOT. EXPD.	% EXPD.	IMPORTE	% IMP.
MED. AMB.	21	343.065,64 €	26	80,77%	380.542,12 €	90,15%
PAT. DOC	7	78.675,56 €	14	50,00%	134.771,15 €	58,38%
<b>COBERTURA</b>	<b>28</b>	<b>421.741,20 €</b>	<b>40</b>	<b>70,00%</b>	<b>515.313,27 €</b>	<b>81,84%</b>

### VI.2. Equipo de traballo

Crearase un equipo de traballo que baixo a dirección da Viceinterventora estará composto polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, a Xefa de Negociado de Contabilidade e Inmobilizado e a Técnica de Contabilidade e Control Financeiro.

No exercicio das actuacións de control os funcionarios que participen nestas tarefas actuarán coas facultades previstas no artigo 47 da LXS e suxeito ós deberes do artigo 48.

### VI.3. Informes

Os informes deberán axustarse ás Normas de auditoría do sector público.

No caso que se proceda ó reintegro da totalidade ou parte da subvención iniciárase o expediente de reintegro por parte de Intervención, do que se dará coñecemento ó centro xestor así como a Tesourería para os efectos da súa recadación como ingreso de dereito público.

Do resultado deste control financeiro se actuará conforme o disposto nos art. 35 e 36 do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. Asemade, e conforme o disposto no art. 37 do mesmo texto legal o órgano interventor elaborará un resumo dos resultados que se incluírá no do resultado do control interno sinalado no art. 213 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con ocasión da aprobación da conta xeral da Deputación e os seus organismos dependentes.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión extraordinaria do día 8 de setembro de 2023 tomou coñecemento do contido do Plan Anual de Control Financeiro e Auditoría da Deputación de Pontevedra a desenvolver durante o ano 2023.

De conformidade co establecido no artigo 31 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, o Pleno queda enterado do contido do Plan Anual de Control Financeiro e Auditoría da Deputación de Pontevedra a desenvolver durante o ano 2023, elaborado pola Intervención Provincial con data 10 de maio de 2023.

## 24.8047.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS



Sr. Presidente.- Punto número 24. Dar conta das Resolucíons Presidenciais.

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucíons Presidenciais rexistradas electrónicamente entre os días 15 de maio e 11 de setembro de 2023.
- b) Relación de extractos de Resolucíons do ORAL comprendidas entre o 15 de maio e 11 de setembro de 2023.
- c) De Resolución Presidencial nº 2023006640, de 30 de agosto de 2023, designando representantes da Deputación no Padroado da Fundación de Exposición e Congresos de A Estrada aos deputados/as Don Javier Tourís Romero, Don Jorge Cubela López e Dona María Isabel Couselo Torres e no Comité Executivo da mesma á deputada Dona María Isabel Couselo Torres.

#### 25.8048.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- E por último, punto número 25, Rogos e preguntas. Ten a palabra D. Carlos Font.

Sr. López Font.- Tenemos, de acuerdo con el reglamento, 3 preguntas, comienzo por la primera. Visto que el 7 de setiembre pedimos acceso al expediente relacionado con el recurso contencioso administrativo 4289/2020 del Tribunal Superior de Justicia de Galicia en relación coa Cidade del Celta que se pretende construir en Mos. He visto que ya han transcurrido los 5 días naturales que recoge el artículo 6 del Reglamento Orgánico de Funcionamiento de la Diputación de Pontevedra, para que nos dejaran acceder al expediente sin que hasta el momento se tenga esta posibilidad. Debo de manifestar que creo que la comunicación entró en el día de hoy, pero no se ha podido ver todavía, pero queremos que conste la pregunta concreta, porque en todo caso no se habrían cumplido los plazos. La pregunta en concreto es ¿puede el Sr. Presidente explicarnos que actuaciones o iniciativas tiene previsto desarrollar el gobierno provincial en relación al recurso presentado frente al pelotazo urbanístico que se quiere desarrollar en Mos y que afecta directamente a las infraestructuras provinciales. Entregaremos copia al Secretario.



La segunda pregunta es que a la vista de que todos los anuncios del Presidente de la Diputación están plagados de incorrecciones, falsedades y omisiones escandalosas, que evidencian un silenciamento flagrante de las acciones y de la gestión del gobierno anterior, venimos a formular la siguiente pregunta: ¿qué gobierno provincial aprobó los expedientes y autorizó el gasto corriente, el gasto correspondiente a todos y cada uno de los anuncios de gestión, actuaciones, inversiones anunciadas públicamente desde el pasado mes de julio? ¿Con cargo a que planes se financia cada uno de las inversiones anunciadas?

Y la tercera pregunta y última, como corresponde con el Reglamento, se refiere, expongo, que a la vista de la intervención de la Vicepresidenta Primera en el seno del Pleno de Vigo, en el que literalmente dijo, les facilito el minuto para que lo puedan ver ustedes, el minuto 42 del vídeo que se puede conseguir del Pleno que celebramos, retomo, dijo literalmente “lo que si quiero que les quede claro es que ahora la inversión en Vigo de la Diputación de Pontevedra depende de mi, les guste o no les guste, soy la encargada de Vigo y su área metropolitana y las inversiones de la Diputación de Pontevedra dependen de mi”. Ante esta afirmación del minuto 42 nuestra pregunta es: ¿significa esto que esta institución provincial tiene dos presidentes? ¿Significa que su gobierno tiene una Presidenta para Vigo y otro para el resto de la provincia? Muchas gracias. Entregaremos literalmente las tres preguntas por escrito. Gracias.

Sr. Presidente.- Ben, moitas gracias. Non habendo máis preguntas pois damos entón por finalizada esta sesión extraordinaria e quedamos emprazados para a última sesión deste mes que será o venres 29 e o venres 22 celebraranse as Comisións Informativas que será en horario de 12 da mañán. Moitas gracias e bo día.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as trece horas e corenta e tres minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

